

Cadernos
de **Lingua**
2024

41
núm.



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Cadernos de Lingua

Ano 2024

41



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Comité editorial:

Dirección: Manuel González González

Secretaría: Xosé Luís Regueira Fernández

Secretaría técnica: Carme Pazos Balado, Xaquín Loredó Gutiérrez, Nélida Cosme

Consello de redacción:

Rosario Álvarez Blanco

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco Cidrás Escaneo

Xosé Henrique Costas González

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Ernesto González Seoane

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Alba Nogueira López

Henrique Monteagudo Romero

Fernando Ramallo Fernández

Goretti Sanmartín Rei

Dolores Sánchez Palomino

Antón Santamarina Fernández

Contacto:

cadernos@academia.gal

<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos>

ISSN: 1130-5924 (edición impresa)

ISSN-e: 2603-6975 (edición dixital)

Depósito legal: C 1642-1992

<https://doi.org/10.32766/cdl.40>

©Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

Tlf. 981 20 73 08

Fax. 981 21 64 67

www.academia.gal

15001 A Coruña



Obra producida no ámbito da subvención concedida á Real Academia Galega polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

COMITÉ CIENTÍFICO

| | | |
|---------------------------|---|--|
| Takekazu Asaka | – | Univ. Tsudajuku de Toquio |
| Débora Campos Vázquez | – | Univ. de Buenos Aires |
| Elisabetta Carpitelli | – | Univ. Alpes-Grénoble |
| Ernestina Carrilho | – | Univ. de Lisboa |
| Olga Castro | – | Aston University, Birmingham |
| Atilio Castelucci | – | Univ. Sapienza Roma |
| Ramón de Andrés Díaz | – | Univ. de Oviedo |
| Benigno Fernández Salgado | – | Univ. de Vigo |
| Manuel Ferreiro Fernández | – | Univ. da Coruña |
| Maria Filipowicz-Rudek | – | Univ. de Cracovia |
| Xosé Ramón Freixeiro Mato | – | Univ. da Coruña |
| Enrique Gargallo Gil | – | Univ. de Barcelona |
| Valéria Gil Condé | – | Univ. de São Paulo |
| Xavier Gómez Guinovart | – | Univ. de Vigo |
| Xosé María Gómez Clemente | – | Univ. de Vigo |
| Taina Hämäläinen | – | Univ. de Helsinki |
| Johannes Kabatek | – | Univ. de Zurich |
| Xabier Kintana | – | Euskaltzaindia |
| Ramón Mariño Paz | – | Univ. de Santiago de Compostela |
| Héctor Muñoz Cruz | – | Univ. Autónoma Metropolitana de Ciudad de México Unidad Iztapalapa |
| Guillermo Rojo | – | Real Academia Española |
| Antonio Romano | – | Univ. de Torino |
| Johannes Schnitzer | – | Institut für Romanische Sprachen Wirtschaftsuniversität-Wien |
| Carsten Sinner | – | Univ. de Leipzig |
| Andrés Suárez González | – | Univ. de Santiago de Chile |
| Ildikó Szijj | – | Univ. Eötvös Loránd |
| Xavier Varela Barreiro | – | Univ. de Santiago de Compostela |
| Nikola Vuletić | – | Universidade de Zadar |
| Helena Zernova | – | Univ. Estatal de San Petersburgo |

ÍNDICE

Artigos:

- Entre prexuízos e estereotipos: **9**
as voces *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*,
poliandria e *polixinia* nos dicionarios /
/ Inés Veiga Mateos e Yolanda Iglesias Cancela
- Proposta de clasificación para a motivación lingüística / **87**
/ Martín Luna Pérez
- Contos da tradición oral recollidos **115**
por Dorothé Schubarth / Carme Hermida Gulías

Notas

- Cada palabra pesaba, cada palabra medía.*
Palabras de gabanza sobre Antón Santamarina
/ Francisco Fernández Rei
- Normas de entrega de orixinais para a publicación **101**

TABLE OF CONTENTS

Articles:

- Between prejudices and stereotypes: 9
the words *monogamy*, *bigamy*, *polygamy*, *polyandry*
and *polygyny* in dictionaries /
/ Inés Veiga Mateos e Yolanda Iglesias Cancela
- Classification proposal for linguistic motivation / 87
/ Martín Luna Pérez
- Tales from the oral tradition collected 115
by Dorothé Schubart / Carme Hermida Gulías

Notes

- Every word weighed, every word measured.*
Words of praise about Antón Santamarina /
Francisco Fernández Rei
- Indications for submission of originals 101

ARTIGOS

Entre prexuízos e estereotipos:
as voces *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*,
poliandria e *polixinia* nos dicionarios /


/ Inés Veiga Mateos e Yolanda Iglesias Cancela

Proposta de clasificación
para a motivación lingüística /

/ Martín Luna Pérez

Contos da tradición oral
recollidos por Dorothé Schubarth /

/ Carme Hermida Gulías



ENTRE PREXUÍZOS E ESTEREOTIPOS: AS VOCES *MONOGAMIA*, *BIGAMIA*, *POLIGAMIA*, *POLIANDRIA* E *POLIXINIA* NOS DICIONARIOS

Inés Veiga Mateos

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela
TERMIGAL. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en
Humanidades
ines.veiga@usc.gal

Yolanda Iglesias Cancela¹

Universidade de Santiago de Compostela
TERMIGAL. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación
en Humanidades
yolanda.iglesias@usc.gal

Resumo: Neste artigo afóndase no estudo, desde o punto de vista lexicográfico, dos modelos de relación afectivo-sexual máis tradicionais. As relacións monógamas son maioritarias nos nosos días, mais cómpre ter en conta que isto non sempre foi así nin ocorre en todas as culturas. Por medio da análise dos artigos lexicográficos que se recollen para as voces *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*, *poliandria* e *polixinia* nalgúns dos principais dicionarios de carácter xeral do galego e doutras linguas da nosa contorna, reflexionaremos sobre a orixe e evolución semántica destes termos e dedicáremos-lles especial atención aos enunciados definitorios e aos exemplos consignados. O noso principal obxectivo é identificar as principais incorreccións e nesgos cognitivos presentes nestes textos, coa intención de evidenciar a persistencia de determinados prexuízos, estereotipos ou concepcións caducas no discurso lexicográfico. O traballo finaliza cunha proposta de modificación das definicións lexicográficas para os termos estudados. O interese desta proposta

1 Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

radica, por unha banda, en que desprovemos os novos enunciados de xuízos inexactos e, pola outra, en que incorporamos os significados derivados que estas voces posúen hoxe en día.

Palabras chave: monogamia, bigamia, poligamia, poliandria, polixinia, lexicografía, dicionarios.

Title: Between prejudices and stereotypes: the words *monogamy*, *bigamy*, *polygamy*, *polyandry* and *polygyny* in dictionaries

Abstract: In this paper, the more traditional sex-affective relationship models are examined from a lexicographic point of view. Although monogamous relationships are predominant in our present-day society, we must remember that this has not always been the case, nor are they the norm in all cultures today. Entries for *monogamy*, *bigamy*, *polygamy*, *polyandry* and *polygyny* will be explored in Galician and other language dictionaries. After presenting the origin and semantic evolution of these terms, definitions and examples will be analysed. This work will focus especially on identifying inaccuracies and cognitive biases existing in those texts, with the objective of determining whether prejudices, stereotypes and preconceptions are still present in lexicographic discourse. Finally, a new definition for the former terms is also proposed, in which new meanings are adopted and unbiased language is used.

Key words: monogamy, bigamy, polygamy, polyandry, polygyny, lexicography, dictionaries.

1. Presentación

No presente artigo analizaremos o tratamento lexicográfico que reciben nas distintas linguas os termos asociados aos principais modelos de relación afectivo-sexual tradicionais, concretamente, a monogamia, a bigamia e a poligamia e, relacionados con esta última, a poliandria e a polixinia. A información consignada nas entradas correspondentes a estas voces permitirános coñecer a súa orixe, evolución semántica, os significados máis habituais nos nosos días, así como outras cuestións relativas, por exemplo, á súa frecuencia de uso ou á súa adscrición a unha determinada área de coñecemento. A través do estudo dos enunciados definitorios destas formas

intentaremos identificar os trazos característicos das nocións aludidas, xa que poden existir diversas discrepancias. En primeiro lugar, observamos diferenzas na súa delimitación conceptual, en especial no relativo ao grao de formalidade requirido na relación —por exemplo, se é preciso que os seus integrantes formalicen legalmente a súa unión ou se se admite outro tipo de vinculación entre eles—, á especificación do sexo dos participantes ou ao status legal do tipo de unión. En segundo lugar, tamén se advirten certas diverxencias na descrición do seu uso, en particular no tocante á adscrición da voz á lingua xeral ou á linguaxe especializada ou á súa restrición a determinados territorios. Así mesmo, reflexionaremos sobre a posible presenza na redacción deses textos lexicográficos de condicionantes culturais, sociais, relixiosos, morais ou doutra índole que puidesen influír na descrición deses conceptos e na súa presentación aos usuarios dos dicionarios. Neste sentido, cómpre ter en conta que os dicionarios, dada a súa dobre función codificadora e descodificadora, poden reproducir certos prexuízos existentes na sociedade e, ao mesmo tempo, contribuír a perpetualos.

As voces que examinamos neste traballo son *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*, *poliandria* e *polixinia*, cada unha delas trata da nunha sección específica. Nun principio, esta análise formaba parte dunha investigación máis ampla, na que se estudaban, desde a perspectiva terminolóxica, os modelos relacionais máis tradicionais, correspondentes ás formas xa citadas no comezo deste parágrafo, e a súa oposición aos tipos non convencionais (por exemplo, *non-monogamia*, *relación aberta*, *poliamor*, *anarquía relacional*...), afondando na súa orixe e significado e achegando as propostas denominativas consideradas máis satisfactorias para estas nocións no galego. Con todo, debido á extensión desta análise, preferimos afrontar por separado a investigación centrada nos modelos tradicionais, máis orientada ao estudo do tratamento lexicográfico das voces recollidas nos dicionarios, e a referida aos modelos non tradicionais, eminentemente dirixida á análise terminolóxica dos novos conceptos, a cal abordaremos noutro traballo. Así, este artigo corresponde á primeira das achegas aludidas.

Os dicionarios dos que extraemos as definicións obxecto de estudo atópanse entre os repertorios de carácter xeral máis coñecidos

tanto do galego coma das linguas da nosa contorna, como son o *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG), o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (GDXL) e o *Diccionario de galego* (DIGALEGO) para o galego; o *Dicionário Infopédia da Língua Portuguesa* (Infopédia), o *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (Priberam), o *Michaelis Dicionário Brasileiro da Língua Portuguesa* (Michaelis) e o *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa* (DHLP) para o portugués; o *Diccionario de la lengua española* (DLE) (do que se consultaron diversas edicións) para o castelán; o *Diccionari de la llengua catalana* (DIEC) para o catalán; o *Dictionnaire de la langue française* (Larousse), o *Dictionnaire de l'Académie Française* (DAF), o *Trésor de la langue française informatisé* (TLFi) e *Le Nouveau Petit Robert* (Petit Robert) para o francés; o *Vocabolario on line* (Treccani), *Il Nuovo De Mauro* (De Mauro) e *Il Nuovo Zingarelli* (Zingarelli) para o italiano; e finalmente o *Merriam-Webster.com Dictionary* (Webster), o *Cambridge Advanced Learner's Dictionary & Thesaurus* (Cambridge) e o *Collins Online Dictionary* (Collins) para o inglés.

Incluímos, en primeiro lugar, un apartado introdutorio no que reflexionamos sobre os tipos de unión afectivo-sexual tradicionais e achegamos algúns datos sobre a súa distribución nos territorios. Deseguido, presentamos os modelos relacionais estudados e afondamos nas definicións que se rexistran para cada un deles nos distintos dicionarios. Cada termo é tratado nunha sección específica, a cal remata coas principais diferenzas observadas nos enunciados definitivos e con algunhas reflexións sobre a súa adecuación conceptual, sobre a perspectiva temporal e sobre a súa neutralidade ideolóxica. Por último, presentamos unha proposta de definición lexicográfica dos termos examinados, na que integramos os novos trazos semánticos asociados a eles e, para finalizar, recolleemos unha síntese das principais conclusións que se desprenden da análise anterior.

2. Os modelos de relación tradicionais

No estudo “Los españoles ante el amor”, publicado no xornal *El País* en xuño de 2022, a maioría dos enquisados afirmaba manter relacións monógamas e estables e convivir coa súa parella (Gosálvez 2022); en concreto, a sondaxe apuntaba que o 83 % dos participantes

se atopaba nunha relación monógama. A monogamia, tradicionalmente entendida como a unión dun home cunha soa muller, predomina claramente nas sociedades occidentais actuais, pero a súa xeneralización parece remontarse a épocas relativamente recentes.² Na Biblia, nalgunhas pasaxes do Antigo Testamento, menciónanse personaxes de sexo masculino casados cun número variable de mulleres (Abraham, Xacob ou David, entre outros), aínda que o caso que máis pode chamar a atención é o de Salomón, de quen se indica que chegou a ter 700 esposas e 300 concubinas.³ A monogamia arraigou profundamente nos territorios de tradición xudeocristiá, que basearon o seu modelo de relación na parella formada por Adán e Eva, mentres que a maioría dos países islámicos admiten a polixinia, é dicir, a unión dun home con varias esposas, a condición de que o varón sexa “xusto”⁴ con todas elas. A poliandria, definida como a unión dunha muller con varios homes, foi tolerada noutras crenzas, por exemplo no hinduísmo,⁵ como ocorre entre os *toda* da India ou os *nyinba* e os *pahari* do Nepal (Ingoldsby 2006, pp. 104-105), se ben hogano estas prácticas non son tan comúns e mesmo foron, en moitos casos, abandonadas ou prohibidas. O budismo, en cambio, defende que as persoas poidan xuntarse libremente, de

2 “Se ha considerado erróneamente que la institución matrimonial monógama fue implantada en occidente por el cristianismo. El principio monogámico era indiscutible para el Derecho Romano desde sus orígenes, aunque no logró su efectiva y plena protección hasta la obra de los emperadores cristianos” (Vega 1997, p. 43). Segundo esta autora, a consolidación deste modelo de unidade matrimonial produciuse entre os séculos iv e v, cando os autores cristiáns asumiron o concepto e principios xa existentes no matrimonio romano (Vega 1997, pp. 104-105).

3 “O rei Salomón, á parte da filla do faraón, amou moitas mulleres estranxeiras, moabitas, amonitas, edomitas, sidonias e hititas, de nacións das que lles dixeran o Señor ós israelitas: «Non vos xunteades con elas, nin elas convosco, pois virarían o voso corazón cara ós seus deuses». Salomón namorouse delas. Tivo setecentas princesas como esposas e trescentas como concubinas. As mulleres torcéronlle o sentido” (1 Reis 11: 1-3).

4 “Si teméis no ser justos con los huérfanos... Casaos con las mujeres que os gusten, dos, tres o cuatro. Si teméis no ser equitativos, casaos con una o con lo que poseen vuestras diestras, las esclavas. Eso es lo más indicado para que no os apartéis de la justicia. Dad a las mujeres, espontáneamente, algo, comedio de gusto” (Corán 4: 3).

5 Segundo o texto épico hindú *Mahabharata*, os cinco príncipes irmáns Pandava casan con Draupadí, quen tivo un fillo con cada un. Por influencia deste mito, algunhas comunidades hinduístas practican a poliandria fraternal, de xeito que cando casa unha muller cun home, o casamento esténdese a todos os irmáns del.

modo que tanto a monogamia coma a poligamia están socialmente aceptadas.

Estes distintos modelos de relación foron construíndose a partir de diversos condicionantes sociais, culturais, éticos, políticos e xurídicos (Lázaro 2022, p. 288). No entanto, tamén interveñen factores económicos á hora de elixir entre unha ou máis parellas, pois a través do matrimonio, unha persoa pode entroncar cunha determinada liñaxe e acadar un determinado status social, forxar vínculos políticos, aumentar o seu patrimonio ou incrementar o número de descendentes lexítimos. Ademais, a monogamia é considerada por moitos a perpetuación do patriarcado⁶ para asegurar a descendencia e manter as propiedades na familia,⁷ así como un instrumento de control do Estado.⁸ No tocante aos matrimonios plurais, a polixinia percíbese en certas sociedades agrícolas como unha vantaxe económica para o varón, xustificada pola contribución das coesposas ou da súa descendencia ao traballo común e, en consecuencia, á xeración dunha maior riqueza para a familia,⁹ mentres que nas relacións poliándricas tradicionais a muller acadar unha maior seguridade económica ou alimentaria ao recibir achegas dos seus esposos.¹⁰

6 “Por tanto, la monogamia no aparece de ninguna manera en la historia como una reconciliación entre el hombre y la mujer, y menos aún como la forma más elevada de matrimonio. Por el contrario, entra en escena bajo la forma del esclavizamiento de un sexo por el otro, como la proclamación de un conflicto entre los sexos, desconocido hasta entonces en la prehistoria” (Engels 1999, p. 63).

7 “En efecto, las heteras las tenemos por placer, las concubinas por el cuidado cotidiano del cuerpo, y las mujeres para procrear legítimamente y tener un fiel guardián de los bienes de la casa” (Demóstenes 1983, p. 122).

8 “Cuando la sexología, la moral y el derecho señalan a la familia como la base del ‘Estado’ y de la ‘Sociedad’ no se equivocan: la familia *autoritaria* coercitiva es indisolublemente parte integrante y condición *sine qua non* del Estado *autoritario* y de la Sociedad *autoritarias*” (Reich 1978, p. 95).


9 Nalgunhas sociedades é a muller quen realiza as tarefas agrícolas, de modo que a incorporación de máis esposas á estrutura conxugal permite aumentar a man de obra dispoñible na familia. En cambio, naquelas outras culturas nas que as tarefas da muller se restrinxen ao ámbito doméstico, a incorporación de novas esposas pretende asegurar un maior número de descendentes masculinos que contribúan á realización do traballo e ao aumento dos beneficios.

10 Segundo as observacións de Ingoldsby (2006, p. 102), aquelas sociedades nas que as mulleres máis contribúen á subsistencia tenden a ser polixínicas, mentres que nas economías patriarcales nas que as mulleres non participan no tecido produtivo prevalece a poliandria.

A monogamia é a única estrutura conxugal recoñecida nas sociedades occidentais e por iso nos parece que é a única unión lexítima ou natural en todo o mundo, mais o antropólogo estadounidense Murdock, nun estudo realizado en 1967, mostrou que a forma de unión máis frecuente nas sociedades analizadas¹¹ era a polixinia (84,8%), seguida da monogamia (14,5%) e da poliandria (0,6%) (Ingoldsby 2006, p. 100). Cómpre ter en conta que o estudo de Murdock non inclúe as sociedades industrializadas occidentais, predominantemente monógamas, de modo que estes datos non poden tomarse como referencia da súa distribución global.

Atendendo á súa repartición por estados, a monogamia é a única opción legal na maioría de territorios de América, Europa e Asia, mentres que a poligamia é recoñecida principalmente en África, Asia e Oceanía. Como se observa no mapa que incluímos a continuación (Figura 1), a poligamia está máis presente nos países da África occidental e central, especialmente Burkina Faso (36% da poboación), Malí (34%), Gambia (30%), Níxer (29%), Nixeria (28%), Guinea (26%), Guinea-Bissau (23%), Senegal (23%), Togo (17%), Chad (15%), Camerún (13%), Costa do Marfil

Figura 1. Porcentaxe de fogares polígamos. Fonte: Kramer 2020.



11 No atlas etnográfico de Murdock (1967, p. 1) recóllense datos de 862 sociedades, distribuídas da seguinte maneira: 239 da África subsahariana, 218 do norte de América, 128 das illas do Pacífico, 95 do Mediterráneo, 93 do leste de Eurasia e 89 do sur e o centro de América.

(12%), Benín (9%), República Centroafricana (8%) e República Democrática do Congo (2%).¹²

No noso territorio, aínda que o ordenamento xurídico español non alude especificamente ás unións múltiples,¹³ o Código Penal si considera a poligamia un delito punible¹⁴ e o Rexistro Civil só prevé a existencia de dous cónxuxes na inscrición matrimonial. Con todo, os fenómenos da globalización e migración actuais propiciaron a chegada ao territorio nacional de cidadáns procedentes doutros países, xunto cos seus costumes e estruturas conxugais particulares; isto propiciou que se desen situacións de poligamia *de facto* que obrigaron as autoridades a adaptarse a novas realidades e regular os dereitos dos partícipes, en especial das mulleres e a súa descendencia.¹⁵ Isto evidencia que o modo de nos relacionarmos as persoas está condicionado polo sistema cultural propio da sociedade na que vivimos (Cardoso, Pascoal e Hertel 2021, p. 1241) e, igual que o matrimonio foi mudando ao longo da historia, o marco legal que o rodea debe adaptarse tamén aos cambios producidos e ás novas realidades xurdidas.

O modelo de parella tradicional ou mononormativo¹⁶ é, segundo algúns investigadores, imposto polo sistema legal e social actual (Emens 2004, Klesse 2006 ou Vasallo 2018, por citar algúns

12 Datos obtidos dun informe sobre o número de persoas que viven en fogares polígamos, publicado polo Pew Research Center no ano 2019. O informe está dispoñible en <https://www.pewresearch.org/fact-tank/2020/12/07/polygamy-is-rare-around-the-world-and-mostly-confined-to-a-few-regions/>.

13 Se ben é certo que na lexislación non se mencionan especificamente as voces *bigamia* nin *poligamia*, algúns textos normativos advirten da imposibilidade de que os que estean ligados con vínculo matrimonial contraian un novo matrimonio, tal como establece o artigo 46 do Código Civil, e isto impediría a concorrencia de dúas ou máis unións matrimoniais.

14 En concreto, no artigo 217 do Código Penal menciónase o seguinte: “O que contraia segundo ou ulterior matrimonio, a sabendas de que subsiste legalmente o anterior, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano”.

15 O Tribunal Supremo español admitiu, nunha sentenza con data de 24 de xaneiro de 2018, o dereito dunha segunda viúva a cobrar a pensión do seu cónxuxe polígamo e a repartila a partes iguais coa primeira esposa (Lázaro 2022, p. 364). Algúns estados, como Reino Unido e Australia, xa recoñecen as unións polígamas lexitimadas fóra do seu territorio.

16 Pieper e Bauer (2005) acuñaron o termo *mononormativity* (mononormatividade) para designar as “dominant assumptions of the normalcy and naturalness of monogamy, analogous to such assumptions around heterosexuality inherent in the term heteronormativity”.

exemplos) e constitúe, para outros, unha institución en crise (Etxebarria 2016, p. 116). As estatísticas parecen corroborar esta última afirmación, pois a taxa de divorcios acadou en 2020 cifras nunca vistas: de cada 100 matrimonios celebrados, arredor de 85 acabaron en separación.¹⁷ A idea dunha unión con data de caducidade non é nova, xa que dende diversos ámbitos se propuxo a introdución dun límite temporal nos contratos conxugais.¹⁸ Esta parece ser a tendencia imperante na actualidade, pois as xeracións máis novas non perseguen xa o “amor para toda a vida” que condicionaba as relacións dos seus devanceiros, senón que valoran máis a liberdade e independencia propias (Gosálvez 2022) e concédennlle maior importancia á satisfacción inmediata das súas necesidades afectivas ou sexuais. En efecto, vivimos nunha época caracterizada polo consumismo desenfreado, na que se favorecen as posturas materialistas e se exalta o individualismo; na que se persegue a satisfacción dos desexos propios por riba do benestar común; na que domina a inmediatez, o cambio e a temporalidade e na que as persoas somos vítimas dos efectos da presión social e escravos das novas tecnoloxías. Nestas circunstancias, a sociedade enfróntase a un cambio de paradigma que promove a ruptura coa hexemonía da monogamia e o mito do amor romántico e explora novas formas de relación.

Volvendo á sondaxe “Los españoles ante el amor”, os datos mostran que preto do 10% dos enquisados prefere unha relación aberta con contactos sexuais puntuais, mentres que o 1,5% desexa unha relación poliamorosa de tres ou máis persoas (Gosálvez 2022). Con todo, non existen datos reais sobre a prevalencia destas unións non monógamas nos territorios: un estudo recente realizado nos Estados Unidos cifra arredor do 23% a porcentaxe de persoas que participaron algunha vez nunha relación non monógama ao longo da súa vida (Rubel e Burleigh 2020).

17 Este dato foi extraído do informe sobre indicadores de divorcio publicado por Eurostat: https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/DEMO_NDIVIND/default/table?lang=en&category=demo.demo_div

18 O establecemento dunha duración concreta no matrimonio foi unha cuestión abordada nalgunhas obras, como *Elective Affinities* (1809), de Goethe, ou *The Marriage Problem* (1888), do paleontólogo estadounidense E. D. Cope.

3. Estudo das voces asociadas aos modelos de relación tradicionais

Na nosa investigación estudamos algunhas voces asociadas ás relacións máis tradicionais, con especial atención ao seu tratamento lexicográfico. Esta análise permite coñecer a orixe destas formas e, se cabe aínda máis interesante para a perspectiva terminolóxica, a evolución dos seus significados ao longo do tempo. En concreto, centrarémonos nas formas *monogamia*, *bigamia* e *poligamia* e os subtipos desta última, *poliandria* e *polixinia*.¹⁹

Excluiremos deste estudo as acepcións lexicográficas referidas ao ámbito da zooloxía, xa que o comportamento animal queda fóra do alcance da nosa investigación, circunscrita só aos modelos de relación afectivo-sexual tradicionais nas comunidades humanas.

3.1. *Monogamia*

O termo *monogamia* provén do grego *μονογαμία* (*monogamía*), substantivo derivado do adxectivo *μονόγαμος* (*monógamos*) ‘que non ten máis que unha muller’. Tanto o adxectivo coma o substantivo incorpóranse despois ao latín tardío (*monogamus* e *monogamia*) e vanse introducindo de xeito paulatino nas linguas modernas. Atopamos os primeiros usos do adxectivo en italiano no século XIV (DELI), en español no ano 1450 (CNDHE), no francés en 1495 (DHLE), no inglés en 1708 (*Online Etymology Dictionary*) e no portugués en 1789 (DHLP). As linguas modernas adoptaron este adxectivo co significado que presentaba no latín: ‘que só casou unha vez’. Pola súa banda, o substantivo documéntase por primeira vez máis tarde

19 Debemos aclarar que, se ben o noso obxecto de estudo son os substantivos mencionados, que designan modelos de relación, a técnica lexicográfica dalgúns repertorios obriga en ocasións o lector a consultar algunha palabra da familia léxica do lema do que se parte para inferir dela o significado deste último, o que nos leva a transcribir nos seguintes apartados non só os substantivos que corresponden aos modelos relacionais, senón tamén, nestes casos, os adxectivos dos que estes derivan. Así, a voz *monogamia* descríbese no GDXL con relación ao adxectivo (“1. Calidade ou estado de monógamo”) e isto obriga a consultar a entrada *monógamo, ma* (“1. Que está casado ou mantén relación sexual cunha única persoa”) para descodificar adecuadamente o significado da anterior. Nestes casos, só coa observación conxunta destas dúas voces pode un usuario inferir correctamente o significado comprometido nos reenvíos.

que o adxectivo no español (1490, CORDE) e no francés (1526, DHLF), mentres que no inglés aparece antes (1612, Webster). No caso do italiano, as fontes consultadas ofrecen a mesma data que para o substantivo, século XIV (DELI), igual que ocorre co portugués (1789, DHLF).

Se ben hoxe en día asociamos a monogamia ao modelo relacional formado por dúas persoas que manteñen vínculos afectivo-sexuais con exclusividade recíproca, o primeiro significado co que se rexistra este termo facía referencia á condición daqueles que contraían matrimonio unha única vez ao longo da súa vida. Así se documenta, por exemplo, cando se incorpora ao repertorio académico do castelán, na súa undécima edición, o adxectivo recategorizado como substantivo *monógamo*, *ma*:

monógamo, ma: m. y f. El que se ha casado una vez.
[DRAE-1869]

Este primeiro sentido, máis fiel ao significado do termo no neolatín, rexistra un uso infrecuente nos nosos días, como se evidencia nos casos que reunimos no exemplario 1 (§ Anexo 1). Algúns repertorios actuais informan deste feito a través da incorporación de marcas diacrónicas que advirten da falta de vixencia actual destas acepcións: “p. us.” (“poco usado”)²⁰ no DLE, “vx” (“vieux”) no TLFi e “archaic” no Webster. En cambio, para outros repertorios, estes sentidos non describen un concepto obsoleto, senón adscrito a unha área de coñecemento especializada: “diritto canonico”, tal como se indica no Treccani e no De Mauro (“dir. can.”, abreviatura de “diritto canonico”). En efecto, o Código Canónico reconece a unión irrevogable dun varón e unha muller no canon 1055 e no 1057.2,²¹ mais esta concepción tradicional do matrimonio tamén se

20 Aínda que esta marca poida parecer relacionada coa frecuencia de uso da voz e non co seu emprego nun período temporal determinado, segundo se explica nas “Advertencias para el uso de este diccionario” da 22.ª edición do *Diccionario de la lengua española*, debe entenderse que fai referencia a aquelas acepcións aínda utilizadas despois de 1900, pero cun uso actual “difícil o imposible de documentar” (DLE-2001: xxix).

21 Transcribimos os enunciados a continuación: “La alianza matrimonial, por la que el varón y la mujer constituyen entre sí un consorcio de toda la vida, ordenado por su misma índole natural al bien de los cónyuges y a la generación y educación de la prole,

propugnaba noutras ramas do dereito —por exemplo, poderíamos considerar que o termo obxecto de estudo ten igualmente relevancia nas ramas de dereito romano, dereito civil e dereito penal—, e estas non se mencionan en acepcións específicas nin tampouco a través das correspondentes marcas diatécticas. O feito de que a referencia a esta área especializada só se documente en dicionarios de italiano podería xustificarse pola grande influencia que exerce a relixión católica nesa lingua —lembramos neste punto que a sede da Igrexa católica, a Santa Sé, se atopa no Estado da Cidade do Vaticano, situado no corazón de Roma, que malia empregar o latín como lingua litúrxica, tamén usa o italiano como lingua vehicular.

Os repertorios lexicográficos recollen tamén outro significado, referido á situación daqueles que, durante a vixencia dunha relación, están unidos a unha soa parella, a diferenza da noción anterior, que excluía a existencia de relacións sucesivas no tempo. Isto é o que ocorre, por exemplo, no DRAG (véxanse máis casos no exemplario 2 do Anexo 1):

monogamia: substantivo feminino 1. Situación da persoa que está unida lexitimamente a un home ou a unha muller só. *Facia da súa monogamia unha forma de vida.* [DRAG]

Este significado recóllese nun maior número de fontes que o amosado no exemplario 1, aínda que os límites semánticos do concepto non parecen claros. En primeiro lugar, no exemplario 2 observamos que algunhas definicións mencionan de maneira explícita o sexo das persoas involucradas na relación, como ocorre no DIGALEGO (s.v. *monogamia*: “Unión dun só home cunha soa muller”), Priberam (“Que ou aquele que tem uma só esposa”), TLFi (“Union conjugale d’un seul homme avec une seule femme [...]”), Treccani (“Unione matrimoniale di un solo uomo con una sola donna”), Zingarelli (“Vincolo coniugale che unisce un solo uomo a una sola donna”) ou De Mauro (“Unione coniugale tra un solo uomo e una

fue elevada por Cristo Señor a la dignidad de sacramento entre bautizados” (canon 1055) e “El consentimiento matrimonial es el acto de la voluntad, por el cual el varón y la mujer se entregan y aceptan mutuamente en alianza irrevocable para constituir el matrimonio” (canon 1057.2).

sola donna”). Dada a paulatina despenalización da homosexualidade no mundo e o progresivo recoñecemento legal das unións entre persoas do mesmo sexo, as acepcións mencionadas anteriormente veñen constatar a falta de actualización dalgúns repertorios con respecto aos cambios producidos na sociedade.

En segundo lugar, atopamos diferenzas no grao de vinculación atribuído ás persoas involucradas na relación. No grao máximo obsérvanse mencións explícitas a un matrimonio constituído formalmente, por exemplo, a través das especificacións “casado” (GDXL, DLE), “cônjuge” (Infopédia), “esposa” (Priberam), “casat” (DIEC), “conjoint” (DAF), “union conjugale” (TLFi), “femme [...] mari” (Petit Robert), “unione matrimoniale” (Treccani), “unione [...] ufficialmente riconosciuta” (Treccani), “vincolo coniugale” (Zingarelli), “unione coniugale” (De Mauro), “married” (Webster) ou “marriage” (Cambridge). Pola súa banda, outras expresións exhiben unha menor formalidade no vínculo e recorren a formas máis xenéricas, como “unión” (DIGALEGO), “emparejado” (DLE), “aparellat” (DIEC) ou “unione [...] socialmente riconosciuta” (Treccani). Adicionalmente, nalgúns expresións tamén se alude a vínculos exclusivamente sexuais, como “relación sexual” (GDXL, DIGALEGO), “parceiro sexual” (Infopédia), “sexual partner” (Webster) ou “sexual relationship” (Cambridge). Mencionaremos á parte a fórmula expresada no DRAG, “unida lexitimamente”, xa que é susceptible de distintas interpretacións, dada a polisemia do adxectivo *lexítimo*, *ma*: podería entenderse que se produce conforme á lei, segundo se desprende da primeira acepción deste adxectivo (“Que reúne as condicións esixidas pola lei”), aínda que tamén é posible entender que está fundado nos principios do dereito, a razón ou a xustiza, consonte a segunda acepción (“Que é conforme á razón, á xustiza e ao dereito das persoas”). No primeiro caso, a unión aludida no enunciado definitorio do DRAG tería un recoñecemento oficial, mentres que no segundo caso o recoñecemento desta sería social.

Con todo, non é infrecuente que os repertorios unan as fórmulas anteriores con conxuncións disxuntivas para abranguer un significado máis amplo e, por tanto, representar unha maior tipoloxía de relacións, como ocorre no GDXL (“que está casado ou mantén relación sexual”), DLE (“casado o emparejado”), DIEC

(“casat o aparelat”), Treccani (“s’intende che tale unione sia ufficialmente o socialmente riconosciuta”) ou Cambridge (“having a sexual relationship or marriage”). Noutros casos, as distintas posibilidades exprésanse en acepcións independentes no mesmo artigo lexicográfico. Así, como se pode observar no exemplario 2, esta segunda opción aplícase no artigo correspondente a *monógamo*, *ma* no DIGALEGO (“1. adx. Relativo ou pertencente á monogamia. 2. adx. Que mantén unha relación sexual só cunha persona [sic]. Tm s. Frec referido a home”), no de *monógamo* na Infopédia (“1. que tem um só cónjuge. 2. que tem apenas um parceiro sexual em determinado período de tempo”) e no de *monogamy* no Webster (“1 a: the state or practice of having only one sexual partner at a time. *Young couples who practice monogamy*. 1 b: the state or custom of being married to only one person at a time”).

O primeiro dos exemplos acabados de mencionar, tirado do DIGALEGO, permítenos comprobar como a definición achegada para o substantivo (“Unión dun só home cunha soa muller”) non é coherente coa rexistrada para o adxectivo, xa que mentres no primeiro caso unicamente se reconece a existencia dunha “unión”, no segundo caso tamén se alude á “relación sexual”, en especial cando esta é referida a un home.²² A diferenza do anterior, no segundo caso, rexistrado en Infopédia, si se ofrece un tratamento máis coherente das definicións correspondentes aos nomes e aos adxectivos dos que derivan: a entrada do adxectivo *monógamo*, *ma* mostra dúas acepcións cuxos significados están tamén presentes na entrada do substantivo *monogamia*, baixo as acepcións 2 (“organização familiar em que uma pessoa tem apenas um cónjuge”) e 3 (“condição daquele que tem apenas um parceiro sexual em determinado período de tempo”). Por último, no terceiro exemplo, tomado do Webster, o termo que contén a descrición do concepto é o substantivo *monogamy*, con acepcións alusivas a dous graos de formalidade distintos na relación, como son os encontros sexuais e o matrimonio, mentres que na definición do adxectivo *monogamous* (“relating to,

22 A este respecto, cómpre lembrar que as sociedades occidentais son máis tolerantes coa sexualidade masculina e critican con maior dureza a feminina. Non é o obxecto do presente artigo afondar nas desigualdades existentes entre os dous sexos, pero si evidenciar como a lexicografía actual segue a perpetuar esas asimetrías sociais.

characterized by, or practicing monogamy: having only one mate, spouse, or sexual partner at one time”) faise referencia no mesmo enunciado a tres posibles situacións: a relación formal (inferida a través do uso de “spouse”), a relación máis ou menos estable pero sen vínculo formal (“mate”) e a relación sexual (“sexual partner”).

Mencionaremos a continuación un terceiro significado do termo *monogamia*, referido neste caso ao modelo de relación. Este sentido, que constitúe unha extensión semántica do anterior, introdúcese por oposición a outros tipos de unión (como *bigamia* ou *poligamia*), tal como se reflicte nesta acepción do DRAG:

monogamia: substantivo feminino 2. Réxime xurídico e familiar no que un home ou unha muller non poden ter simultaneamente máis dun cónxuxe. *A monogamia é habitual na sociedade occidental.* [DRAG]

No exemplario 3, onde reunimos máis exemplos deste significado (§ Anexo 1), observamos o emprego de descritores referidos ben ao ámbito da antropoloxía (“réxime familiar” no GDXL, “organización familiar” en Infopédia, “sistema ou costume” no Michaelis, “regime ou costume” no DHL, “régimen familiar” no DLE, “système” no Larousse e “custom” no Webster, Collins e Cambridge), ben ao dereito (“régime juridique”, empregado no TLFi e Petit Robert) ou aos dous (DRAG: “réxime xurídico e familiar”), en ocasións precedidos das marcas temáticas correspondentes. Acompáñanse nalgúns casos de exemplos de uso, os cales encerran certos prexuízos, maioritariamente ligados á ausencia deste tipo de relación en sociedades percibidas como exóticas ou afastadas (Collins: “In many non-Western societies, however, monogamy has never dominated”) e inferiores (Petit Robert: “toutes les civilisations supérieures ont tendu à la monogamie”) ou á súa presenza anecdótica en sociedades primitivas (TLFi: “La monogamie est de règle dans quelques tribus primitives”). Ademais deste nesgo que xulga os costumes das sociedades do primeiro mundo como os únicos admisibles, correctos ou moralmente aceptables, atopamos outro prexuízo baseado no tópicos que lle presupón a un home a incapacidade de gardar fidelidade á súa muller, o que poderíamos considerar un exemplo de sexismo

cultural (Cambridge: “Her husband seemed to be incapable of monogamy and had affairs throughout their marriage”).

A análise das definicións lexicográficas anteriores permitiu-nos identificar tres significados rexistrados para a voz *monogamia*: o primeiro, hoxe desusado, facía referencia á situación da persoa que só casou unha vez; o segundo, vixente na actualidade, vincúlase na maioría de fontes á situación da persoa que está casada só con outra; e finalmente, o terceiro, derivado do anterior, aplícase ao modelo de relación integrado por dúas persoas casadas entre si. Tal como expuxemos anteriormente, moitos enunciados mostran certa falta de actualización, xa que restrinxen o concepto a unións formais heterosexuais. En consecuencia, quedarían excluídas deste os vínculos con menor grao de formalidade e as relacións homosexuais.

3.2. *Bigamia*

O adxectivo *bigamo*, *ma* procede do latín *bigamus* que se formou mediante calco do grego *δίγαμος* (*digamos*) ‘que casa por segunda vez’, substituíndo o prefixo grego *di-* ‘dous’, ‘duplo, dobre’ polo latino *bi-*. Aparece por primeira vez no latín medieval en 1110 para facer referencia ao home que posúe dúas mulleres de forma simultánea. Máis tarde, arredor do 1274 (MLW), emprégase co significado de ‘viúvo que volve casar’. No que respecta ao substantivo *bigamia*, este ten a súa orixe no latín medieval *bigamia*, documentado por primeira vez entre 1076 e 1110 (DHLF) co significado de ‘estado dun home que ten dúas mulleres ao mesmo tempo’. Este uso relativo á simultaneidade das relacións é anterior ao rexistrado para o significado referido ás unións consecutivas. Así, *bigamia* co sentido de ‘estado dun home que casa por segunda vez’ documéntase no neolatín en 1243-1248 (DHLF). Estes dous termos incorporáronse ás linguas romances e ao inglés en épocas temperás. Documentamos o primeiro uso do substantivo cara ao 1275 en castelán (CNDHE), 1370 en francés (TLFi), século XIII en inglés (*Online Etymology Dictionary*), século XIV en portugués (DHLP) e 1396 en italiano (DELI). Por outra banda, o adxectivo aparece por primeira vez tamén no século XIII en castelán (DCECH), en 1275 en francés

(TLFi), 1342 en italiano (DELI), 1353 en portugués (DHLP) e 1671 en inglés (Webster).

Se o primeiro significado de *monogamia* presente na lexicografía moderna aludía á condición daqueles que contraían matrimonio unha única vez ao longo da súa vida, nos dicionarios rexistramos *bigamia* asociado, consecuentemente, á condición daqueles que contraían matrimonio por segunda vez, ás veces baixo a denominación *bigamia sucesiva* (*bigamie successive* no DAF e *bigamia successiva* no Treccani):

bigamie : nom féminin Marque de domaine : droit canon. *Bigamie successive* (vieilli), remariage après décès du conjoint. [DAF]

bigamia: s.f. Con altro senso, nel linguaggio eccles. e in diritto canonico, *b. successiva*, le seconde nozze. [Treccani]

De maneira análoga, estas acepcións adoitan acompañarse de marcas diacrónicas alusivas ao seu carácter desactualizado (DLE, DAF e Zingarelli) ou de marcas de especialidade, en particular a referida a dereito (como no DIGALEGO e DRAE-1992) ou, máis concretamente, a dereito canónico (como no DHLP, DIEC, DAF, TLFi e Treccani), como pode consultarse no exemplario 4 do Anexo 1.

No entanto, o significado máis habitual de *bigamia* e *bigamo*, *ma* nos dicionarios céntrase na ocorrencia simultánea de dous vínculos na relación, como se amosa no seguinte exemplo:

bigamia: substantivo feminino Estado de quen está unido en matrimonio con dúas persoas a un tempo. *A bigamia non está permitida no noso país*. [DRAG]

No exemplario 5 (§ Anexo 1) transcribimos outros exemplos relativos a este significado e neles observamos, en comparación coas definicións de *monogamia* e *monógamo*, *ma*, un maior uso de marcas diatélicas, en especial a relativa ao dereito, presente no DIGALEGO,

DIEC²³ e Webster, ao dereito civil, no TLFi (s.v. *bigamie* e *bigame*) e Zingarelli²⁴ e ao dereito canónico, tamén nesta última fonte e mais no DAF (s.v. *bigame*). Así mesmo identificamos novamente voces e expresións referidas ao vínculo existente entre os integrantes das relacións: “unido en matrimonio” (DRAG), “casado” (GDXL, s.v. *bigamia*; Infopédia e DLE), “unida matrimonialmente” (DIGALEGO), “casada” (GDXL, s.v. *bigamo*, *ma*), “consortes” (Priberam), “vínculo conxugal” (Michaelis), “casamento” (Michaelis e DHLP, s.v. *bigamia*), “cónxuges” (DHLP), “casat” (DIEC), “matrimoni” (DIEC), “mariage” (Larousse, s.v. *bigamie*; DAF, s.v. *bigamie*; e Petit Robert, s.v. *bigamie*), “marié” (Larousse, s.v. *bigame*; Petit Robert, s.v. *bigame*; e DAF, s.v. *bigame*), “femmes légitimes” (TLFi, s.v. *bigamie* e *bigame*), “époux” (TLFi, s.v. *bigamie*), “épouses” (TLFi, s.v. *bigame*), “due mogli, o due mariti” (Trecani), “matrimonio” (Trecani, Zingarelli), “marriage” (Webster), “legally married” (Collins) e “married” (Cambridge). A diferenza das definicións do termo *monogamia*, nas que se apuntaba a distintos graos na formalización da unión, no termo *bigamia* todas as fontes consultadas consideran necesaria a existencia dun vínculo legal. A única excepción atopámola no TLFi, onde nunha acepción distinta se recoñece a existencia doutro vínculo entre os integrantes da parella: “Homme marié qui a une concubine” (s.v. *bigamie*), “Homme marié vivant avec une concubine” (s.v. *bigame*), ambas recollidas como extensións semánticas dun sentido anterior. Advertimos aquí da impropiedade deste primeiro enunciado, xa que o substantivo *bigamie* debe aplicarse á situación ou condición especificada, pero non pode cualificar o home que incorre nesta condición.

En xeral, no exemplario 5 observamos que a maioría dos repertorios evitan mencionar o sexo dos integrantes na relación, pois recorren con frecuencia a formas non marcadas (por exemplo, o caso do substantivo “persoa” ou o pronome “quen”) ou ao uso do

23 Debe terse en conta que o DIEC incorpora marcas temáticas en todas as definicións, de xeito que nesta fonte a presenza destas referencias non debe entenderse como criterio distintivo das voces de especialidade.

24 No Zingarelli, as definicións non inclúen o que tradicionalmente entendemos como marcas diatécticas, pero si especifican os ámbitos asociados a cada significado no contorno da definición.

masculino xenérico, o que permite que estes enunciados sexan válidos gramaticalmente tanto para aludir a relacións heterosexuais coma homosexuais, sexa esta ou non a intención dos lexicógrafos. Analogamente, noutros casos, especificanse os dous sexos para referirse a algún dos suxeitos implicados na relación, como ocorre no DIEC (no exemplario 4), onde se especifica o sexo dun deles (“amb una vídua o amb un vidu”), ou no Treccani (no exemplario 5), onde se menciona tanto o sexo dun participante (“uomo o donna”) coma o do outro (“due mogli, o due mariti”). Por contra, ás veces só se fai alusión a un dos sexos nos enunciados definitorios, como por exemplo, “viúva” (DHLP, s.v. *bigamo*) e “veuve” (TLFi, s.v. *bigamie*) no exemplario 4 e “femmes” (TLFi, s.v. *bigamie* e *bigame*), “épouses” (TLFi, s.v. *bigame*) ou “mogli” (Zingarelli) no exemplario 5. Isto revela unha descrición androcéntrica e heterocéntrica do concepto, segundo a cal a explicitación da muller como paciente lévanos a inferir que o sexo do axente debe corresponder a un home. Ademais, os lemas restrínxense nalgunha fonte a un sexo determinado, como ocorre no TLFi, onde a voz *bigame* só se rexistra con xénero masculino e mesmo na entrada *bigamie* cualifican de infrecuente (“rare”) a súa aplicación a unha muller. Os exemplos consignados nesas acepcións tenden a facer referencia a varóns: “Acusárono de *bigamo*” e “O avogado defensor do bigamo solicitou a suspensión da audiencia” (DRAG, s.v. *bigamo*, *ma*), “Il fut accusé de *bigamie*” (DAF, s.v. *bigamie*), “Il est *bigame*” (Petit Robert, s.v. *bigame*) ou “Uomo *bigamo*” (Zingarelli). Fronte aos exemplos anteriores, só en dous casos atopamos a aplicación destas voces a mulleres: “Une *bigame*” (Petit Robert, s.v. *bigame*) e “Elle est *bigame*” (DAF, s.v. *bigame*). Aproveitamos para destacar o escaso valor que achegan estes dous últimos exemplos, xa que só ilustran a posibilidade de cualificar un suxeito feminino, sen proporcionar outros tipos de información desexables (por exemplo, posibles relacións sintagmáticas e paradigmáticas do lema, contextos culturais de uso e datos que completen o seu significado).

Continuando coa análise de significados destas voces, chámamos a atención que os repertorios interpreten a idea da simultaneidade nas relacións de distintas maneiras. Así, a maioría das fontes non afonda nas condicións en que esta debe producirse, pero

outras distinguen dúas posibles modalidades ou aluden explicitamente a algunha delas. Algúns repertorios recollen un enunciado para cada unha das posibles interpretacións, o primeiro deles referido á simultaneidade das relacións —unha relación formalizada na que interveñen tres persoas ao mesmo tempo— e o segundo, á sucesión destas —unha relación formalizada na que interveñen só dúas persoas, aínda cando unha delas segue a ter vixente un contrato matrimonial anterior—, como ocorre no GDXL (s.v. *bigamo, ma*: “Persoa que está casada con outras dúas ó mesmo tempo. 2. Persoa que casou por segunda vez sen disolver o matrimonio anterior”), DIEC (“1 adj. i m. i f. [DR] [AN] Que està casat amb dues persones simultàniament. 2 adj. i m. i f. [LC] [DR] Que ha contret un segon matrimoni no estant legalment dissolt el primer”), TLFi (s.v. *bigame*: “1. Qui a deux femmes légitimes en même temps. 2. Celui qui, en trompant l’état civil, a deux épouses simultanées”), DAF (s.v. *bigame*: “Qui est marié en même temps à deux personnes. [...] Marque de domaine : droit canon. Personne qui, étant déjà mariée valablement, a contracté une autre union, même purement civile, du vivant de son conjoint”) e Zingarelli (“1. Secondo l’ordinamento civile chi, già coniugato, contrae un altro matrimonio [...]. 2. Correntemente, chi ha due mogli”).

Por contra, outros repertorios decántanse por unha das dúas posibles interpretacións do concepto, escollendo en todos os casos aquela alusiva á falta de disolución dun vínculo anterior, mentres que ningún deles asocia a noción de maneira exclusiva á existencia de relacións paralelas. Ilustran esta afirmación os enunciados recollidos no DHLP (s.v. *bigamia*: “1 realização de novo casamento, sem que se tenha dissolvido o anterior”), no Larousse (s.v. *bigamie*: “État d’une personne qui contracte un second mariage alors que le précédent n’est pas dissous”) e, similarmente, no DAF (s.v. *bigamie*: “Situation d’une personne qui contracte un second mariage alors que le premier n’est pas dissous”), Petit Robert (s.v. *bigamie*: “Situation d’une personne ayant contracté un second mariage sans qu’il y ait dissolution du premier”) e Treccani (“L’essere bigamo, l’avere contemporaneamente due mogli, o due mariti, come reato di chi [...], essendo già legato in matrimonio [...]).

Por último, destacamos que nun número significativo de obras se inclúen referencias á consideración da bigamia como delito, por exemplo, a través do emprego nas definicións de descritores pertencentes ao campo asociativo do delito, como se aprecia no DI-GALEGO:

bigamia: 3 f [DER] Delito que consiste en contraer un segundo ou ulterior matrimonio sen estar legalmente disolto o anterior.

Esta visión da bigamia como práctica prohibida localízase igualmente nalgunhas das definicións ou exemplos recollidos no exemplario 6 (Cambridge: “In court, he admitted that he had committed bigamy”) e no exemplario 5 do Anexo 1: “A bigamia non está permitida no noso país” (DRAG, s.v. *bigamia*), “Acusárono de bígamo” e “O avogado defensor do bígamo solicitou a suspensión da audiencia” (DRAG, s.v. *bígamo*, *ma*), “Constitui crime se confirmada a existéncia anterior de casamento válido” (DHLP, s.v. *bigamia*), “En France, la bigamie est un délit, et le second mariage est entaché de nullité absolue” (Larousse, s.v. *bigamie*), “La bigamie est un délit” e “Il fut accusé de bigamie” (DAF, s.v. *bigamie*), “Être accusé de bigamie” e “crime de bigamie” (TLFi, s.v. *bigamie*) ou “Autrefois, les bigames étaient punis de mort” (DAF, s.v. *bigame*).

Vimos, pois, que son dous os significados consignados para *bigamia* nos repertorios lexicográficos analizados: o primeiro, xa obsoleto, facía referencia á sucesión de dous casamentos e o segundo, á concorrencia destes. Non se recoñece neste caso ningún enunciado alusivo ao modelo relacional, como si figuraba para *monogamia*. As definicións inclúen marcas diatécticas en maior proporción que no termo anterior, coas que se informa os usuarios do seu uso nun ámbito especializado, neste caso, o dereito. A maioría das fontes coincide ao especificar que o vínculo entre os participantes debe ser legal, deixando á marxe as relacións non formalizadas. Ademais, a especificación do xénero nos enunciados definitorios non só restrinxo a noción a unións heterosexuais, senón que tamén encerra un preconcepto androcéntrico ao asumir que é o home o que se vincula a dúas mulleres. Cómpre tamén incidir en que practicamente todas as fontes inclúen algunha mención á consideración deste concepto

como delito, xa sexa nas definicións ou nos exemplos, e isto pode dificultar a súa aplicación a circunstancias alleas á nosa cultura e tradición.

3.3. Poligamia

O substantivo *poligamia* procede do neolatín *polygamia* ‘o feito de casar máis dunha vez’, documentado por primeira vez arredor do 1259 (DMLBS), que á súa vez provén do grego *πολυγαμία* (*polygamía*), nome derivado do adxectivo *πολύγαμος* (*polýgamos*). A voz *poligamia* introdúcese nas linguas actuais en datas máis recentes que *bigamia*, pois os rexistros máis antigos testemuñan o seu primeiro uso en 1538 en inglés (Webster), 1558 en francés (TLFi), 1610 en italiano (DELI), 1615 en castelán (Google Libros) e 1682 en portugués (DHLP). Pola súa banda, o adxectivo *polígamo*, *ma* presenta as seguintes datas de primeira documentación nas linguas modernas: 1532 en castelán (CNDHE), 1547 en inglés (Webster), 1548 en francés (TLFi), ca. 1701 en italiano (DELI) e 1720 en portugués (DHLP). Neste caso, son escasas as obras que rexistran as voces *poligamia* ou *polígamo*, *ma* referidas á existencia de parellas sucesivas no tempo. De feito, no exemplario 7 (§ Anexo 1) só ofrecemos casos do castelán:

polígamo, **ma**: 2. adj. p. us. Casado sucesivamente varias veces.
U. t. c. s. [DLE]

Pola contra, o significado máis común nos repertorios lexicográficos analizados apunta á simultaneidade nas relacións (§ Anexo 1, exemplario 8), como é o caso do DRAG:

poligamia: substantivo feminino 1. Situación da persoa que está unida a varias do sexo oposto ao mesmo tempo [...].
[DRAG]

Da mesma maneira que nos termos analizados nas seccións precedentes, nas definicións consignadas no exemplario 8 presuponse a necesidade da existencia dun vínculo formal entre os

integrantes da relación a través das expresións “unión conxugal” (GDXL), “unión matrimonial” (DIGALEGO, s.v. *poligamia*), “mulheres [...] marido” (Priberam), “união conjugal” (DHLP, s.v. *poligamia*), “casada” (DHLP, s.v. *polígamo*), “cônjuge” (Michaelis), “casado” (DRAE-1780), “conjoins” (DAF; Larousse, s.v. *polygamie*; e TFLi), “mariée” (Larousse, s.v. *polygame*), “liens légitimes” (TLFi, Petit Robert), “unione matrimoniale” (Treccani), “unione coniugale” (Zingarelli), “marriage” (Webster) ou “married” (Cambridge, s.v. *polygamy* e *polygamous*). Constitúen excepcións a isto as formas “unida” (DRAG, s.v. *poligamia*), “relacións sexuais” (DIGALEGO, s.v. *polígamo*, *ma*) e “casada o emparejada” (DLE).

Así, na primeira das excepcións emprégase unha voz cun significado máis aberto e impreciso, sen concretar que tipo de vínculo é o que une a parella; na segunda, o significado restrínxese a un vínculo de índole sexual, o que descarta en principio os requisitos tanto da formalización da unión como da existencia dunha vinculación afectiva entre as persoas integrantes da relación; e na última recórrese a unha expresión disxuntiva para englobar dúas situacións posibles, ampliando a delimitación semántica do concepto. A este respecto, aproveitamos para sinalar a falta de coherencia do DIGALEGO na definición destas voces, xa que esta referencia ás relacións sexuais só figura na entrada *polígamo*, *ma* (“Que mantén relacións sexuais con máis dunha persoa nun mesmo período de tempo”), pero non na entrada correspondente ao substantivo derivado *poligamia* (“Unión matrimonial dun individuo con dous ou máis individuos doutro sexo”), na que o descriptor “unión matrimonial” exclúe toda forma de relación que non formalizase un contrato legal entre as partes.

Por outra banda, son varias as entradas que aluden ao sexo dos integrantes da unión de maneira máis ou menos explícita, suxerindo nestes casos que se trata de relacións heterosexuais: “persoa que está unida a varias do sexo oposto” (DRAG, s.v. *poligamia*), “unión matrimonial dun individuo con dous ou máis doutro sexo” (DIGALEGO, s.v. *poligamia*), “Multiplicidade simultânea de mulheres para um marido ou de maridos para uma mulher” (Priberam), “hombre casado con muchas mugeres” (DRAE-1780), “personne (homme ou femme) mariée [...] à plusieurs femmes, à plusieurs

hommes” (Larousse, s.v. *polygame*), “Homme uni à plusieurs femmes, femme unie à plusieurs hommes” (Petit Robert), “unione matrimoniale plurima sia di un uomo con più donne (*poliginia*), sia di più uomini con una donna (*poliandria*)” (Treccani) e “Unione coniugale di un uomo con più donne o di una donna con più uomini” (Zingarelli).

Noutro dos significados rexistrados alúdese ao modelo de relación, concibido por oposición a outros, en especial, a *monogamia* (§ Anexo 1, exemplario 9). Transcribimos a continuación un exemplo do francés:

polygamie : subst. fém. A.— Forme de régime matrimonial qui permet à un époux d’avoir simultanément plusieurs femmes (*polygynie*) ou, plus rarement, à une épouse d’avoir simultanément plusieurs maris (*polyandrie*). Anton. *monogamie*.

[*Chez les Indiens de la côte du Pacifique*] la *polygamie* était relativement rare, mais elle était permise aux hommes de haut rang (PAGE, *Dern. peuples primit.*, 1941, p. 114). La *polygamie africaine* se continue, chez les descendants d’esclaves, sous la forme de la multiplicité des amantes, chacune vivant dans un quartier différent (*Traité sociol.*, 1968, p. 329). [TLFi]

No exemplario 9 obsérvase que algunhas fontes non disgregan en acepcións distintas este significado, relativo á forma de organización social, e o analizado no exemplario 8, referido á situación de quen mantén vínculos afectivo-sexuais simultáneos con varias persoas, senón que integran as descricións de ambas as nocións nun mesmo enunciado definitorio, xa sexa unidas cunha locución conxuntiva (“así como” no caso do DRAG), xa sexa separadas por un punto e coma (no caso do DAF, Larousse e Petit Robert).²⁵ En cambio, outros dicionarios prefiren introducir o significado asociado ao modelo relacional nunha acepción propia (DHLP e DLE),

25 Por cuestións de claridade expositiva, non transcribimos a acepción completa do DRAG, DAF, Larousse e Petit Robert, senón que a primeira parte desta, correspondente ao estado ou situación, se reproduce no exemplario 8 e a segunda, relativa ao modelo ou tipo de relación, no 9.

ou ben ofrecen esta como única acepción para os sentidos tratados neste traballo (Infopédia, TLFi e Collins).

Aínda que a voz *poligamia* non contén referencias a ningún dos sexos no significante —ao contrario do que sucede con *poliandria* ‘moitos homes’ ou *polixinia* ‘moitas mulleres’, como explicaremos máis adiante—, algunhas definicións restrinxen o seu uso á situación na que un home se une a varias mulleres (Larousse, s.v. *polygamie*: “Fait, pour un homme, d’être marié simultanément à plusieurs femmes”, no exemplario 8); así e todo, o máis común é que se explicita que se trata da situación máis frecuente, como ocorre en “En parlant d’un homme ou, plus rarement, d’une femme” (TLFi), no exemplario 8, e nas seguintes especificacións do exemplario 9: “permite, généralement al varón, la pluralidad de cónyuges” (DLE), “généralement d’un homme avec plusieurs femmes” (DAF) e “permet à un époux d’avoir simultanément plusieurs femmes (*polygynie*) ou, plus rarement, à une épouse d’avoir simultanément plusieurs maris (*polyandrie*)” (TLFi).

De maneira análoga aos termos tratados anteriormente, nestas entradas lexicográficas inclúense tamén exemplos nos que se reflicten certos prexuízos, como a súa práctica en sociedades consideradas exóticas (Michaelis, no exemplario 8: “Em alguns países da África, muitos homens são polígamos”; Michaelis, no exemplario 9: “A poligamia faz parte de algumas culturas na África”; TLFi, no exemplario 9: “[Chez les Indiens de la côte du Pacifique] la polygamie était relativement rare, mais elle était permise aux hommes de haut rang” e “La polygamie africaine se continue, chez les descendants d’esclaves, sous la forme de la multiplicité des amantes, chacune vivant dans un quartier différent”), xulgadas como moralmente inferiores (DRAG, no exemplario 9: “Nalgúns pobos aínda está vixente a poligamia”) ou practicantes doutros credos (TLFi: “Le mahométan polygame peuple son paradis de femmes” e Petit Robert: “Musulman, mormon polygame. Tibétaine polygame”, no exemplario 8; e DAF: “Les mormons pratiquent la polygamie”, no exemplario 9). Noutros exemplosponse de manifesto algún aspecto relativo á situación da muller nas unións polixínicas (TLFi, no exemplario 8: “Signe de richesse chez les polygames, donc de convoitise, elle [la femme] ne pouvait être mieux protégée chez les musulmans que par le port du

voile et le confinement” e Collins, s.v. *polygamous*, no exemplario 9: “There is growing concern that wives in polygamous marriages are unaware that they have no legal rights”).

Finalmente, algunhas informacións ou exemplos inciden tamén na súa consideración de delito nalgúns países occidentais, como acontece no exemplario 8 (DRAG, s.v. *polígamo, ma*: “Acusárono de polígamo”) e no 9: “Na nosa sociedade a poligamia é un delito” (DRAG), “La polygamie, reconnue par certaines religions, fréquente dans plusieurs pays d’Asie et d’Afrique, est condamnée par la loi française” (DAF), “En France, la polygamie est un délit puni par la loi” (Larousse) e “En France, la polygamie est punie par le Code pénal” (Petit Robert). Se ben é certo que os dicionarios reflicten os usos e costumes da sociedade que os produce, entendemos que determinadas especificacións poden interferir negativamente na descodificación destes conceptos cando se extrapolan a outros contextos. Así, por exemplo, de utilizarmos o dicionario para descifrar un texto sobre a poligamia en Nixeria, a explicitación de que constitúe un delito segundo o noso ordenamento xurídico pode dificultar a correcta interpretación do concepto.

En resumo, para a voz *poligamia* os dicionarios rexistran, igual que sucedía con *monogamia*, tres posibles significados: o primeiro, anticuado, referido á sucesión de varios matrimonios; o segundo, referido á simultaneidade das relacións; e o terceiro, alusivo ao modelo de relación caracterizado por esa simultaneidade nas relacións. De novo, a maioría das definicións require a existencia dun vínculo formal, aínda que outras especifican que abonda con que exista un recoñecemento social. Coinciden igualmente en mencionar o sexo dos participantes na relación, restrinxindo o concepto, como xa expuxemos, a unións formais heterosexuais e, máis en concreto, a aquelas nas que é un home o que se une a varias mulleres e non ao revés, cando etimoloxicamente a voz non se asocia a ningún dos sexos. Para finalizar, destacamos a presenza de certos prexuízos nos exemplos, ao relacionar o concepto co delito ou cunha práctica presente en sociedades exóticas, consideradas moralmente inferiores ou practicantes doutros credos.

3.3.1. Poliandria

Voz tomada do grego *πολυανδρία* (*polyandría*) ‘abundancia de homes’, substantivo creado a partir do adxectivo *πολύανδρος* (*polyandros*) ‘referido a un lugar, que ten moitos homes’, ‘referido a unha muller, que tivo ou ten varios maridos’. Os primeiros usos deste termo co significado de ‘estado da muller que está casada con varios homes simultaneamente’ atopámoslos en inglés en 1680 (Webster), en francés en 1765 (TLFi) e en italiano en 1769 (DELI), mentres que en castelán non se documenta ata 1825 (Google Books), aínda que cando comeza a ser máis empregado é a finais do século XIX, e en portugués ata 1899 (DHLP).

Este tipo de poligamia é o máis infrecuente, ademais de producir maior rexeitamento nas sociedades occidentais tradicionais. Así, na *Encyclopédie* de Diderot e D’Alembert chega a cualificarse de costume “imperdoable”, “indecente” e causa das rupturas matrimoniais:

Concluons de-là que la polyandrie est une coutume encore plus impardonnable que la polygamie ; qu’elle ne peut avoir d’autre motif qu’une lubricité très-indécente de la part des femmes, à laquelle les législateurs n’ont point dû avoir égard ; que rien n’est plus propre à rompre ou du-moins à relâcher les liens qui doivent unir les époux ; enfin que cette coutume est propre à détruire l’amour mutuel des parents & des enfants. (Diderot e D’Alembert 1751-1765, p. 935)

A voz *poliandria* rexístrase nos dicionarios referido á condición da muller unida simultaneamente a varios homes (§ Anexo 1, exemplario 10), como se advirte no seguinte caso:

poliandria: substantivo feminino 1. Estado da muller casada legalmente con varios homes ao mesmo tempo. *A poliandria circunscríbese á zona do Tíbet e á rexión meridional da India.* [DRAG]

Na maioría das definicións recollidas no exemplario 10 explícase o sexo das persoas que participan na relación, mencionando un axente único, unha muller, e un paciente plural, uns homes.

Atopamos unha excepción a isto nos enunciados do Webster e o Collins, onde non se inclúe ningunha referencia ao axente, de modo que nada impide que se lle poida atribuír calquera xénero ou mesmo calquera número. A ausencia da referencia ao xénero podería responder a dous motivos. Así, é posible que se deba á vontade do lexicógrafo de non restrinxir esta situación a parellas heterosexuais. No entanto, a razón que semella máis probable é a derivada dunha lectura heterocéntrica, pola cal o feito de que se aludan as parellas masculinas (“more than one husband or male mate”, “more than one husband”) obriga o usuario a inferir que a contraparte é de sexo feminino. Tamén constitúen excepcións as definicións dos adxectivos *poliandra*, no Priberam (“Que tem mais de um marido ao mesmo tempo”) e *polyandre*, no DAF (“Qui a plusieurs époux”) e Petit Robert (“Qui a plusieurs maris simultanément”). Nestes últimos casos, o axente é substituído por un deíctico (os relativos “que” e “qui”), en consecuencia non é posible coñecer o xénero concreto do seu referente. A pesar disto, no Priberam, o adxectivo *poliandra* considérase unicamente feminino, quizais por entender que só ten uso como cualificativo de nomes con xénero feminino, a diferenza dos dicionarios doutras linguas nos que figura como adxectivo, sen xénero asociado (§ exemplario 10: DAF, Larousse e Petit Robert). Por outra banda, se ben no DAF e Petit Robert non se concretaba nas definicións o xénero do axente, este si se localiza nos exemplos achegados, referidos en todos os casos ao xénero feminino (“Une femme polyandre”, no DAF, e “Femme polyandre”, no Petit Robert), mais cómpre ter en conta que a función dos exemplos é ilustrar algún dos usos das voces, de modo que non se debe interpretar que este emprego de *polyandre* sexa o único posible.

As relacións descritas nas demais definicións son, por tanto, heterosexuais, e están formadas por unha soa muller e un número variable de parellas masculinas: “varios” (DRAG), “vários” (DHLP), “dos o más” (DLE), “plusieurs” (DAF, Larousse, Petit Robert) e “more than one” (Webster, Collins). O tipo de vínculo que une os integrantes da relación é, en practicamente todas as definicións, o matrimonial, evidenciado nas expresións “casada legalmente”

(DRAG),²⁶ “casada” (DHLP, DLE), “mariée” (DAF, s.v. *polyandrie*), “being married” (Collins), así como nas referencias ás persoas participantes na relación, como “marido” (Infopédia e Priberam), “maris” (Larousse e Petit Robert, nos dous casos s.v. *polyandrie* e *polyandre*) e “husband” (Collins). En cambio, a definición do Webster amplía máis o concepto, xa que ademais de mencionar o marido, admite tamén a existencia doutras parellas, sempre que estas sexan de sexo masculino: “husband or male mate”. Disto concluímos que, segundo o Webster, non é preciso que a unión estea formalizada, a diferenza das outras fontes mencionadas.

Por outra banda, outra característica das relacións poliándricas é que teñen que coincidir no tempo, tal como se menciona nos repertorios anteriores a través das expresións “ao mesmo tempo” (DRAG, Infopédia e Priberam), “simultaneamente” (DHLP), “simultáneamente” (DLE), “en même temps” (Larousse, s.v. *polyandre*), “simultanément” (Petit Robert, s.v. *polyandrie* e *polyandre*), “at one time” (Webster) e “at the same time” (Collins). Non se inclúen referencias temporais nas definicións do DAF (s.v. *polyandrie* e *polyandre*) nin na do Larousse (s.v. *polyandrie*). No caso do DAF, no enunciado “État d’une femme mariée à plusieurs hommes” (s.v. *polyandrie*), a ausencia da especificación temporal podería provocar ambigüidade, posto que as relacións poderían ser simultáneas, como se indicaba nas definicións das obras anteriores, ou sucederse no tempo, como se mencionaba no estudo das voces *monogamia* e *bigamia*. No caso do Larousse, no texto definitorio “Cas particulier de la polygamie, dans lequel une femme peut avoir plusieurs maris” (s.v. *polyandrie*), a elisión desta información non se presta a interpretacións erróneas, posto que a referencia ao hiperónimo “polygamie” no descriptor xa invalida estas posibles ambigüidades na descodificación do concepto, tendo en conta que, nesta obra, o mencionado substantivo vincúlase á simultaneidade nas relacións.

26 A utilización do adverbio *legalmente* no DRAG resulta tautolóxica, xa que o verbo *casar* se define nesta mesma obra como “contraer matrimonio” (acepción 4) e *matrimonio*, á súa vez, como “unión dunha parella feita legal por medio dunha cerimonia formalizada” (acepción 1). Non hai ningún elemento, pois, nestas definicións que faga sospeitar que o matrimonio poida non ser legal.

Ademais do significado anterior, a voz *poliandria* tamén rexistra outro sentido asociado ao modelo de relación, presente nun maior número de repertorios (§ Anexo 1, exemplario 11). A modo de ilustración, incluimos esta acepción recollida no GDXL:

poliandria: s.f. 1. Sistema matrimonial poligámico no que unha muller pode ter legalmente varios maridos. [GDXL]

A diferenza do que ocorría no bloque de significados presentado no exemplario 10, moitas destas definicións do exemplario 11 incorporan marcas diatóxicas. Así, atopamos referencias á etnografía e etnoloxía no DIGALEGO, á socioloxía no Michaelis e no TLFi, á antropoloxía no DIEC, no TLFi e no Treccani²⁷ e ás ciencias sociais no Cambridge. Os descritores refírense ben a un réxime matrimonial, aludido coas expresións “sistema matrimonial” (GDXL e DIGALEGO), “forma de matrimônio” (Michaelis), “unión matrimonial” (DIEC) e “forme de régime matrimonial” (TLFi), ben a un tipo de estrutura familiar ou social, coas locucións “tipo de organización familiar” (Infopédia), “mode d’organisation sociale” (DAF) e “istituzione sociale” (Zingarelli). A definición do Treccani engloba ambas as dúas nocións mediante o uso da fórmula “struttura matrimoniale e familiare”, mentres que as recollidas nas fontes consultadas para o inglés non encaixan en ningunha das categorizacións anteriores, pois a especificación de “practice” (Webster, Collins, Cambridge) parece máis orientada á descrición dun comportamento ou costume.

A maioría dos repertorios alude a unións formalizadas, principalmente a través da explicitación de “matrimonio”, “marido” ou outras fórmulas mencionadas no parágrafo anterior. Con todo, sorprende que algúns enunciados introduzan, ademais, referencias á lexitimidade da unión (por medio do adverbio “legalmente” no GDXL e DIGALEGO e dos adxectivos “légitime” e “legittima” no TLFi e Treccani, respectivamente), cando todo matrimonio constitúe, por definición, un vínculo legal.

27 Tal como se explicaba na nota 24 para o Zingarelli, no Treccani as referencias ás áreas de especialidade figuran no contorno da definición.

Localizamos excepcións ao requisito da formalización das unións no Webster e o Cambridge, onde se admite a posibilidade dunha vinculación menor entre os participantes a través da mención das formas “mate”, no primeiro repertorio, e “permanent [...] sexual partner”, no segundo. Esta extensión semántica tamén está presente noutros dicionarios, aínda que figura en acepcións independentes, como sucede no TLFi (“*P. anal.*, *rare*. Situation d’une femme qui a plusieurs amants”) e o Treccani (“Per estens., il termine è usato anche con riferimento a situazioni occasionali e illegittime”). No primeiro caso, menciónase a existencia de varios amantes e, malia que nesta fonte se rexistran diversos significados para a voz *amant*, entendemos que aquí fai referencia ao home co que unha muller, casada ou non, mantén relacións máis ou menos prolongadas no tempo, especialmente de tipo sexual (“Homme avec lequel une femme mariée ou non entretient hors mariage et pour un temps plus ou moins long des relations surtout d’ordre physique”). Á súa vez, as relacións descritas no enunciado do Treccani exhiben aínda un menor grao de formalidade e compromiso ao admitir encontros ocasionais e ilexítimos.

Noutra orde de cousas, só unha minoría das fontes estudadas presenta este termo con relación ao seu hiperónimo *poligamia*. Menciónase na definición do GDXL e DIGALEGO (“sistema matrimonial poligámico”) e nun exemplo no DAF (“La polyandrie est un cas particulier de la polygamie”). En cambio, noutros dicionarios estas voces recóllense como sinónimos, como ocorre no TLFi (exemplario 11) e no Larousse (exemplario 10, onde tamén se ofrece como sinónimo o substantivo *bigamie*). Debemos aclarar que algúns repertorios empregan a etiqueta de sinonimia para presentar non só equivalentes, senón tamén voces do mesmo campo semántico pero, en calquera caso, este procedemento resulta confuso para o usuario.

Algunhas das definicións analizadas aluden a subtipos particulares de poliandria, ás veces descritos sucintamente (na Infopédia: “geralmente o irmão ou irmãos do primeiro marido”) e outras mesmo identificados co nome que reciben e tratados como subentradas ou formas complexas (no Treccani: “*p. adelfica* o *fraterna*, il caso più diffuso di poliandria che si ha quando i mariti di una donna sono

tra loro fratelli; *p. poliginica*, quella in cui, in caso di sterilità della donna, l'unione poliandrica viene estesa ad altra donna che viene associata alla prima sposa come 'con-moglie'"). Ademais destas especificacións, algúns enunciados inclúen datos adicionais que, se ben non resultan necesarios para identificar o concepto, si poden axudar á súa comprensión. Así, no Treccani aclárase que a poliandria é “tradizionale soprattutto tra alcuni gruppi tibetani (Nyinba, del Nepal) e dell'India (Toda)”. Isto permite situar este tipo de unións en territorios xeográficos concretos nos que é habitual, mais ten o inconveniente de restrinxilo en demasía e contribuír á súa percepción como un concepto exótico ou pouco próximo á cultura do usuario do dicionario.

Non son moitos os exemplos que se inclúen para esta voz e os poucos existentes raramente poden cualificarse de ilustrativos. Nun caso, xa mencionado, o exemplo permite relacionar o concepto con outras nocións semanticamente próximas (DAF, exemplario 11: “La polyandrie est un cas particulier de la polygamie”), mentres que outras fontes facían esta diferenciación no propio enunciado definatorio. En xeral, os exemplos documentados fan referencia á súa vinculación a territorios exóticos (DRAG:²⁸ “A poliandria circunscríbese á zona do Tíbet e á rexión meridional da India” e DAF, s.v. *polyandre*: “Les sociétés polyandres des îles Marquises”, no exemplario 10), transmiten nesgos que a asocian a pobos primitivos (TLFi: “Quant à la polyandrie, elle s'établit dans des pays misérables comme le Thibet [...]” e “La polyandrie est très rare en tant qu'institution établie. Beaucoup de tribus primitives permettent, [...]”, no exemplario 11) ou reflicten concepcións sexistas (TLFi: “Les sociétés commencent par la polygamie et finissent par la polyandrie... L'homme baisse et la femme monte; c'est fatal!”, tamén no exemplario 11).

A modo de conclusión, destacamos que os dicionarios asocian *poliandria* con dous posibles significados: o primeiro, referido á condición da muller unida simultaneamente a varios homes, e o

28 Este exemplo do DRAG non corresponde ao significado presentado, xa que nesta fonte a única acepción rexistrada é “Estado da muller casada legalmente con varios homes ao mesmo tempo”. Con todo, nel non se alude á situación da muller, senón ao modelo relacional derivado dese estado.

segundo, ao modelo relacional no que se adopta este tipo de vínculos. Nas definicións analizadas é frecuente a introdución de marcas diatécnicas, en especial relacionadas co ámbito da antropoloxía ou a socioloxía. Por outra banda, os enunciados especifican que a unión debe ser legal, excluindo a posibilidade de abranguer outros vínculos menos formais, e reiteran a visión heterocéntrica xa mencionada nas descrições precedentes, ao considerar que a persoa que mantén relación con varios homes ten que ser necesariamente unha muller. Porén, atopamos excepcións a isto último no Webster e no Collins, pois nos seus enunciados non se menciona ningunha referencia ao sexo do axente da relación. Por último, é posible identificar certos prexuízos nos exemplos recollidos, ao asociar esta forma a territorios exóticos ou pobos primitivos e incluír, mesmo nalgún caso, xuízos sexistas.

3.3.2. Polixinia

O termo *polixinia* formouse nas linguas modernas a partir do adxectivo grego *πολυγύναιος* (*polygynaios*) ‘de moitas mulleres’, por analoxía con outros substantivos relacionados, como *poligamia* e *poliandria*. Aparece co significado de ‘estado do home que está casado con varias mulleres á vez’ en 1758 en francés (BNF), en 1769 en italiano (DELI) e en 1780 no inglés (Webster). No castelán, aínda que se documenta por primeira vez con esta acepción nunha obra de 1819 (Google Books), o seu emprego ao longo do século XIX restrínxese especialmente ao eido da botánica e non é ata finais do século XIX e principios do XX cando se comeza a usar con maior profusión para designar este modelo relacional. No caso do portugués, a primeira documentación deste substantivo é bastante tardía: 1899 (DHLP).

A pesar de que a *polixinia* é a forma máis común de poligamia, este termo non se recolle na nomenclatura dalgúns dicionarios, mentres que *poliandria* si estaba presente en todas as obras analizadas. En concreto, *polixinia* está ausente do DRAG e do TLFi, malia que nesta última fonte si se describe en dous artigos, correspondentes aos seus formantes: *poly-* e *-gyne*.

Afondaremos, en primeiro lugar, no significado referido á condición do suxeito unido simultaneamente a varias mulleres (§ Anexo 1, exemplario 12). Reproducimos deseguido un exemplo do portugués:

polignia: nome feminino 2. Estado de un homem que está casado com muitas mulheres. [Priberam]

Á vista das transcricións do exemplario 12, pode observarse que este significado non é común nas obras lexicográficas. Nas que si se recolle, infírese que as relacións descritas son unións formalizadas, debido á presenza das voces “casado”, no Priberam, Michaelis e DHLP; “épouses”, no TLFi; e “wife”, no Collins. Localizamos unha excepción no Webster, onde se emprega o sintagma “wife or female mate”, que amplía o alcance conceptual a outro tipo de relacións con menor grao de vinculación entre os integrantes.

En canto ao número de participantes na relación, en ningún dicionario se achega unha cuantificación precisa, como tampouco se facía nas definicións dos termos referidos ás demais relacións poligámicas. As especificacións son en todos os casos imprecisas, aínda que atopamos fórmulas con maior grao de corrección que outras. Así, coa expresión “more than one” (Webster e Collins) infórmase de que o número de parellas ten que ser igual ou superior a dous, mentres que con “várias” (DHLP), “diversas” (Michaelis) e “plusieurs” (TLFi) non se indican límites mínimos nin máximos na cantidade e, finalmente, con “muitas” (Infopédia) infírese un número elevado, mais isto préstase a inferencias subxectivas segundo cada usuario, posto que non todos pensaremos na mesma cantidade. Outra característica destas relacións é que son concorrentes, o que se manifesta nas definicións mediante o emprego de certas referencias temporais, como “simultaneamente” (Michaelis, DHLP), “at a time” (Webster) e “at the same time” (Collins). Os enunciados nos que se omite esta información poden resultar ambiguos, como ocorre no Priberam ou TLFi, onde podería interpretarse que os matrimonios son sucesivos e, por tanto, non concorrentes.

Este concepto tamén se asocia maioritariamente a unións heterosexuais, a través da oposición home/mulleres, explícita no Priberam, Michaelis, DHLP e TLFi. Nos dicionarios de inglés

alúdese ao sexo do paciente por medio de palabras referidas a mulleres (“wife”, no Webster e Collins) ou do adxectivo “female” (Webster), pero non se proporciona información do axente, ausente destes enunciados definitorios. Deste modo, igual que sucedía con *polyandry*, déixase en mans dos usuarios a interpretación adecuada do texto, a maioría dos cales pode chegar a asumir, como consecuencia da tradición heterocéntrica, que o axente corresponde a un home.

A continuación, preséntase un segundo significado de *polixinia*. Neste caso, o concepto asóciase a un tipo de relación no que un home se une a dúas ou máis mulleres de maneira simultánea (§ Anexo 1, exemplario 13), como sucede no GDXL:

polixinia: s.f. 1. Sistema de matrimonio polígamo polo cal unha persoa pode estar casada con varias simultaneamente. [GDXL]

Estes significados mostran marcas diatóxicas en maior proporción que no significado anterior, amosado no exemplario 12. En concreto, circunscríbense á antropoloxía (Michaelis, DIEC e Trecani), á etnoloxía (Michaelis e Zingarelli) e ás ciencias sociais (Cambridge). Isto evidencia que o tratamento da adscripción temática non é coherente no par *poliandria/polixinia*, posto que atopamos casos nos que estas voces se asocian a tecnolectos distintos nun mesmo dicionario e outros nos que un dos termos está marcado diatóxicamente mentres que o outro non. É o que ocorre, por exemplo, no DIGALEGO, onde se mostra *poliandria* etiquetado como voz da etnografía e etnoloxía, mentres *polixinia* non mostra ningunha especificación temática; no Michaelis *poliandria* relaciónase coa socioloxía, cando *poliginia* se asocia coa antropoloxía e a etnoloxía; e no DIEC, *poliandria* mostra as marcas correspondentes a antropoloxía e lingua común, mentres que *poliginia*, que designa a relación poligámica máis frecuente, non se relaciona coa lingua común mais si coa zooloxía, cando a definición non se centra no comportamento animal.²⁹

29 Lembramos que o enunciado do DIEC é “Unió matrimonial d’un home amb més d’una dona simultàniament”, por tanto, o emprego do descriptor ‘unión matrimonial’ exclúe a asociación do concepto co ámbito zoolóxico.

Os descritores empregados no comezo da definición vincúlanse maioritariamente cun tipo de réxime matrimonial, como ocorre nas expresións “sistema de matrimonio polígamo” (GDXL), “sistema matrimonial poligámico” (DIGALEGO), “unión matrimonial” (DIEC), “régime matrimonial” (TLFi) e “unione matrimoniale plurima” (Treccani, s.v. *poliginia*), aínda que tamén se observan outras fórmulas relacionadas cun tipo de organización familiar ou social, como “tipo de organização familiar” (Infopédia), “régimen familiar” (DLE), “istituzione sociale” (Zingarelli) e, por último, outras expresións máis xenéricas, como “costume ou regra” (Michaelis) e “practice” (Webster, Collins e Cambridge).

Ademais das alusións a unións formais e heterosexuais dun home con dúas ou máis mulleres, nalgunhas definicións atopamos referencias a outras informacións, por exemplo, que se trata dun tipo de poligamia (“sistema de matrimonio polígamo” no GDXL; “sistema matrimonial poligámico” no DIGALEGO; “cas particulier de la polygamie” no Larousse). A este respecto, destacamos que no TLFi, baixo o prefixo *poly-*, se informa de que habitualmente se usa a voz *polygynie* como sinónimo de *polygamie*, cando en realidade é un hipónimo desta, aínda que é certo que a polixinia é o tipo de poligamia co que estamos máis familiarizados os usuarios destes dicionarios. Por outra parte, certas fontes tamén apuntan que é unha práctica legal nalgunhas culturas (“legittima in diverse culture” no Treccani, s.v. *poliginia*) ou mencionan a existencia de implicacións socioeconómicas (“in molte società dove vige la poliginia ogni sposa, o ‘con-moglie’, costituisce, insieme con la propria prole, un gruppo sociale ed economico distinto, da molti considerato la configurazione minima di famiglia nucleare” no Treccani, s.v. *poliginia*).

Igual que nos termos estudados con anterioridade, os exemplos son infrecuentes e os existentes reflicten a presenza de diversos prexuízos na sociedade. En concreto, só se inclúen no TLFi e no Treccani, onde se vincula a polixinia con sociedades pouco desenvolvidas, ao referirse aos pobos que a practican como “tribos” (Treccani, s.v. *poliginico*: “tribù poliginica”, no exemplario 13; e TLFi: “Beaucoup de tribus [...]”, no exemplario 12). Adicionalmente, no TFLi evidénciase a superioridade moral de quen describe estas prácticas (“À l’origine, la polygynie n’est pas plus due à la sensualité

masculine qu'elle n'est considérée comme dégradante pour les femmes", no exemplario 13); alúdese a comportamentos negativos considerados habituais nas mulleres, como as discusións ou as pelexas entre as esposas ("Beaucoup de tribus allèguent en faveur de la polygynie sororale le fait que les épouses d'un homme ne se querellent jamais si elles sont sœurs", no exemplario 12); e perséguese o rexeitamento social a través da reprodución de casos controvertidos, como as unións con persoas emparentadas ("Le mariage plural avec une femme et sa fille d'un autre lit, forme de polygynie habituellement associée au mariage matrilatéral avec filiation matrilinéaire", no exemplario 12).

Puidemos ver como a voz *polixinia* está ausente dalgúns dos repertorios analizados, en concreto, do DRAG e do DAF, cando nestes si se recollía o termo afín *poliandria*. As obras nas que se documenta tenden a considerala un termo especializado asociado ás áreas da antropoloxía, etnoloxía ou socioloxía; porén, estas marcas diatómicas non coinciden coas empregadas na descrición de *poliandria*. En liñas xerais, os dicionarios ofrecen dous significados posibles para este lema: o primeiro, referido ao estado ou condición do home unido simultaneamente a varias mulleres; e o segundo, o modelo relacional no que predomina ese tipo de unións. Dos enunciados definitorios dedúcese que as relacións deben ser formais, posto que se inclúen referencias explícitas ao matrimonio ou aos cónxuxes. Malia ser esta a concepción predominante, atopamos unha excepción a isto no Webster, no que se describe a noción de maneira máis xeral. Así mesmo, as relacións descritas son maioritariamente heterosexuais, pois en case todas as obras é un home o que se relaciona con varias mulleres. Con todo, os enunciados consignados no Webster e no Collins non especifican o sexo do axente da relación, igual que sucedía no caso de *poliandria*, de modo que podería concluírse que non discriminan as unións homosexuais. En ningún dos artigos lexicográficos que analizamos se introducen especificacións do número de persoas que integran a relación, sempre e cando este sexa superior a dous, co cal pode inferirse que a bigamia estaría incluída neste concepto. Por último, gustaríanos denunciar a escasa presenza de exemplos e a falta de neutralidade que estes exhiben a causa da existencia dunha percepción social negativa deste tipo de relación.

4. Proposta de definición

No apartado precedente puxemos de manifesto a presenza de inexactitudes nas entradas que se rexistran nos dicionarios para as voces obxecto de estudo. Faise necesaria, pois, a introdución de mellores nestas obras para actualizar a definición dos conceptos, evitar a súa adscripción a un ou outro sexo e eliminar os prexuízos que se transmiten aos usuarios tanto nos enunciados definitorios coma nos exemplos. Nas seguintes liñas trataremos de analizar os significados implicados hoxe en día nos termos anteriores para ofrecer unha nova proposta de redacción das entradas. Nelas procuraremos liberar os enunciados, na medida do posible, de nesgos ideolóxicos e incorporar en novas acepcións estes semas adquiridos recentemente.

Comezando coa monogamia, observamos que a maioría dos repertorios mencionaba explicitamente o sexo dos participantes na unión, home e muller, o que constitúe un trazo considerado discriminatorio hoxe en día para as persoas homosexuais, cuxa unión monógama xa está legalizada en 34 países.³⁰ Ademais, considerábase a formalización da relación como un requisito inherente ao concepto, porén, son moitas as parellas que optan por non cumprir con ese trámite e non por iso deixamos de consideralas monógamas, sexan estas parellas de feito, formen parte de unións estables sen recoñecemento legal ou de relacións que, a pesar de ser máis inestables que nos casos anteriores, mostran un grao de compromiso maior que o existente en encontros esporádicos. Nos cónceptos do galego podemos atopar algúns usos nos que se poden intuír estas novas realidades. Agora ben, a delimitación semántica do concepto xa non parece tan nítida cando consideramos a existencia de infidelidades nunha relación integrada por dúas persoas. Os exemplos seguintes ofrecen unha visión da monogamia na que se tolera a existencia de “aventuras” con terceiras persoas, quizais xustificada porque o vínculo con estas está moito menos consolidado ou ten menor carga afectiva:

30 *Marriage Equality Around the World*, Human Rights Campaign, <https://www.hrc.org/resources/marriage-equality-around-the-world>

Para min ser **monógama** non significa pecharte con esa parella e non deitarse con outra persoa. Se xorde a posibilidade nun momento dado, déitaste con outra persoa. [Úrsula Heinze, *Arredor da muller en 18 mundos* (1985); a través do TILG]

As parellas convencionais fan un acordo de **monogamia** social, tolerando en moitas ocasións as infidelidades ou reprimindo o desexo e o amor a outras persoas. [Chis Oliveira e Amada Traba, *Am@me. Pensar o amor no século XXI* (2018); a través do CORGA]

Ademais, aínda que son **monógamos**, son frecuentes as aventuras extraconxugais e a taxa do que sería equivalente ao divorcio é alta. [Jorge Mira, *A ciencia no punto de mira* (2011); a través do CORGA]

Noutros contextos parece empregarse o termo xustamente de maneira contraria, asociando o concepto da monogamia á fidelidade absoluta da parella:

Minto: agora son **monógama**, non me interesan as aventuras, nin follar por follar, facer o amor é máis emocionante [...]. [Xosé Antonio Perozo, *Martázul* (2001); a través do CORGA]

[...] pero aquel macarra era un macarra guapo e vivía unha subvida [...] pola que ela se sentía atraída, malia que tentara convencerse de que o da noite anterior fora un erro, que estaba fumada, que o amor debe ser **monógamo** e para sempre. [Jau-reguizar, *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998); a través do CORGA]

Por tanto, a proposta que redactemos para actualizar a definición de *monogamia* terá que ter en conta estas dúas perspectivas. Á marxe desta consideración, noutros usos actuais do termo pódese intuír que a monogamia xa non constitúe só un modelo de relación nin un simple estado que se lle atribúe a unha persoa en función da unión da que forma parte, senón un estilo de vida ou unha actitude ante o amor, mais este trazo non ten cabida nas definicións actuais dos dicionarios. De igual forma que cada vez máis persoas adoptan

a solteiría voluntaria como opción vital,³¹ tamén é frecuente que algunhas se declaren, por exemplo, monógamas aínda cando non teñan parella,³² coma se fose unha inclinación ou tendencia fronte a outras posibles opcións. Sen ir máis lonxe, as aplicacións de citas, tan populares nos nosos días, están a introducir actualizacións para permitiren aos usuarios elixir entre os distintos modelos de relación aquel que máis encaixe coas súas preferencias ou expectativas.³³ Téñase en conta a este respecto que a escollo se realiza con anterioridade ao establecemento da relación e non responde, por tanto, a unha caracterización desta.

Neste sentido, cabe mencionar que comeza a xeneralizarse o uso da expresión *orientación relacional*³⁴ para aludir a como unha persoa se relaciona, é dicir, á maneira na que constrúe as súas relacións sexo-afectivas con outras persoas (Stevens 2019, p. 6).³⁵ Esta denominación foi creada por analogía con *orientación sexual*, que designa a tendencia dunha persoa a sentirse atraída por outras segundo o sexo ou xénero ao que pertencen. A orientación relacional engloba as dinámicas, comportamentos, actitudes ou identidades³⁶

31 Nun estudo elaborado polo Pew Research Center estímase que o 50 % das persoas solteiras dos Estados Unidos non mostra interese en establecer unha relación: “Half of singles say they are not currently looking for a relationship or dates, while about a quarter say they are looking for either a committed romantic relationship or casual dates (26 %), and smaller shares say they are looking only for a committed romantic relationship (14 %) or only for casual dates (10 %)” (Brown 2020).

32 A modo de exemplo, reproducimos aquí un extracto, tirado do blog *Saltando la línea roja*, no que se menciona a posibilidade de que unha persoa que non teña parella sexa igualmente monógama: “les comento un poco con que ‘tipos’ de hombres contacto a través de las plataformas de internet. Son monógamos con o sin pareja”. [<https://saltandolalinearoja.com/author/saltandolalinearoja/page/19/>].

33 <https://www.tinderpressroom.com/2023-03-16-RELATIONSHIPS-IN-2023-TAKE-MANY-FORMS,-TINDER-DATERS-ARE-SAYING-YES-TO-ALL-THE-POSSIBILITIES>

34 O sintagma é amplamente utilizado en galego por Lema (2020, 2022).

35 Stevens define o concepto *relationship orientation* como “the way in which people construct and engage in intimate relationships” e explica que inclúe distintas formas de relacións, “from monogamous to any form of extra-dyadic relationships (non-monogamous)”.

36 Rubel e Burleigh (2020) mostran a gran variabilidade existente nos semas empregados na bibliografía especializada para describir o concepto de poliamor e, para efectos da súa investigación, teñen en conta só os seguintes: ‘identidade’ (“identity”), ‘convicción ou preferencia’ (“relationship beliefs/preferences”), ‘acordo na relación’ (“relationship agreement”) e ‘estado na relación’ (“relationship status”).

dun individuo con respecto ás conexións sexo-afectivas que establece con outros. Este concepto baséase logo nunha predisposición, inclinación ou tendencia do suxeito a formar vínculos dun modo particular, desenvolvendo xa sexa unha ou varias conexións sexo-afectivas simultáneas, e esta preferencia adoita reproducirse nas sucesivas relacións coma se se tratase dun padrón condutual. Deste xeito, unha persoa que se considera monógama ou poliamorosa, por exemplo, buscará crear vínculos que se axusten ás características desa orientación.

En Lema (2022, p. 192) atopamos a resignificación dalgúns termos que designan os modelos relacionais. En concreto, na seguinte pasaxe preséntase a monogamia non como un tipo de relación, senón como unha posible escolla entre as orientacións relacionais existentes:

Aínda que sexa certo que desde hai un tempo se fala cada vez máis de relacións tóxicas e das violencias que trae consigo o romanticismo, rara vez se propoñen as infinitas orientacións relacionais alternativas á monogamia para que cada persoa reflexione e escolla aquela que mellor encaixe coa súa forma de ser e entender os afectos.

Por outra banda, cómpre ter presente que nas unións monógamas asumimos con carácter xeral que os dous participantes comparten unha mesma orientación monógama, mais existen outros vínculos nos que a orientación non é común a todos os integrantes da relación. Así, no amplo espectro dos tipos de unión, naquelas coñecidas como *mono-poli* (*mono-poly relationship* ou *poly-mono relationship*) só un dos membros se considera monógamo, mentres que o outro se declara poliamoroso. Tamén pode ocorrer que unha persoa cunha determinada preferencia relacional se involucre nun modelo de unión distinto do que en principio correspondería á súa orientación³⁷ ou que se revele máis ou menos monógama ou

37 No seguinte exemplo do CORPES, unha persoa que se declara monógama accede a formar parte dunha relación polígama para obter un beneficio: “[...] jamás con Aysha estubo en peligro mi poligamia. Ella, abiertamente monógama, aceptó el matrimonio porque servía a sus fines y era el modo de tenerme cerca y de intentar apropiarse del todo

poliamorosa en función das circunstancias (*monogamish, polyflexible*).³⁸ Cabe precisar que estas escollas non son inamovibles, pois unha mesma persoa pode transitar por distintas orientacións ao longo do seu percorrido vital.

Á vista do exposto anteriormente, propoñemos unha nova redacción para a voz *monogamia*, na que corriximos as inexactitudes detectadas nas entradas reproducidas no apartado 3 deste artigo e incorporamos os novos sentidos cos que se usa, de xeito que se represente de maneira máis fidedigna a realidade dos novos tempos:

monogamia:

1. ant. Situación da persoa que casou unha soa vez. *Non coñeceu outra situación máis que a monogamia, pois non volveu casar con ningunha outra muller.*
2. Situación da persoa que mantén unha relación afectivo-sexual só con outra. *Vivo en feliz monogamia co meu marido.*
3. Modelo de relación en que participan dúas persoas, as cales manteñen un vínculo afectivo-sexual entre elas. *A monogamia é un vínculo exclusivo entre os integrantes dunha parella.*
4. Inclinación dunha persoa a relacionarse afectivo-sexualmente só con outra de cada vez. *Non contemplo outra orientación relacional distinta da monogamia.*

Na nosa proposta, recolleemos unha primeira acepción referida á existencia dun único matrimonio, na que reflectimos o sentido recto que se documentaba nas obras máis antigas e, para informar desa falta de vixencia actual, incluímos a correspondente marca diacrónica. A segunda acepción fai alusión á situación da persoa que mantén unha relación con outra, cunha enunciación suficientemente xeral como para permitir as dúas posturas xa comentadas verbo da existencia de infidelidades (relación exclusiva/relación non exclusiva). Na terceira acepción rexistramos outro dos significados que se mencionaban nas obras consultadas, no que se considera a

de mí. Y también de progresar en su carrera profesional, ¿por qué no?”. [Guillermina Mekuy Mbá Obono, *Tres almas para un corazón* (2011)].

38 Os termos citados foron tirados deste glosario: <https://www.wearcuriousfoxes.com/read/glossary-of-curiosity-sex-positive-and-non-monogamous-terms>

monogamia un tipo ou modelo de relación caracterizado por seren dúas as persoas que participan na relación. A diferenza do que ocurría nas acepcións anteriores, nas que se poñía o foco só nun dos participantes da relación, nesta aludimos a ambos os dous participantes, dado que o principal criterio que permite distinguir este modelo doutros é o número de integrantes involucrados na relación. Así, mentres que son tres as persoas que participan nunha unión bígama, os vínculos monógamos afectan só dúas persoas.³⁹ Por último, na cuarta acepción introducimos o sema adquirido máis recentemente, referente á monogamia como a orientación relacional da persoa que mostra preferencia por establecer vínculos monógamos. Como xa expuxemos, a consideración da monogamia como unha inclinación xorde a raíz do auxe do poliamor e outras novas formas de relacionárense os individuos, como necesidade da persoa de visibilizar a súa preferencia relacional, aínda cando no momento considerado non mantecía ningunha relación ou participe nun tipo de vínculo distinto do desexado. É dicir, xa non é o tipo de relación o que define unha persoa, pois hoxe existe unha tendencia a reivindicar as preferencias relacionais como un dos elementos constituíntes da identidade de cada individuo.

Nos enunciados propostos empregamos substantivos de sexo non marcado (“persoa”) e formas indeterminadas (“outra [persoa]”) para referírmonos aos dous participantes da relación; en consecuencia, as definicións abranguen tanto as unións heterosexuais coma as homosexuais. No terceiro, relativo ao modelo de relación, cambiamos a aproximación ao concepto, afastándonos do significado etimolóxico (‘unha unión’) para centrármolos, como xa mencionamos, no número de membros da relación (‘relación de dúas persoas’).

39 Para ilustrar este sema, recorremos ás seguintes concordancias do CORGA. Nelas, a voz *monogamia* non se relaciona coa situación na que se atopa un individuo en particular, senón que se asocia cun modelo de unión entre outros posibles: “A carón destes cambios vemos que dende o modelo amoroso neoliberal, e co argumento de que a liberdade é o ben supremo, se cuestiona a **monogamia** tradicional, o que en principio parece un avance, cando realmente, o seu obxectivo é confundirnos, coándonos o individualismo disfrazado de liberdade” [Chis Oliveira e Amada Traba, *Ám@me. Pensar o amor no século XXI* (2018)]; “Aquí, por tanto, parece estar a chave: é posible que unha expresión determinada neses xenes determinou a predisposición de cada especie á **monogamia** ou **poligamia**” [<https://www.gciencia.com/medioambiental/monogamia-xenetica/>].

Ademais, prescindimos da alusión ao grao de formalidade que debe acadarse na relación, pois entendemos que co emprego dos sintagmas “relación afectivo-sexual” e “relacionarse afectivo-sexualmente” xa queda implícita a existencia dun vínculo máis ou menos estable na unión e isto supón a exclusión no concepto de monogamia dos encontros puntuais ou ocasionais.

No caso da bigamia, xa comentamos no apartado correspondente a presenza de certos prexuízos nas definicións lexicográficas estudadas. Probablemente debido ao escaso contacto que teñen as sociedades occidentais con esta forma de relación, a descrición do concepto límitase a mencionar a súa ilegalidade nos ordenamentos xurídicos dos países ligados a cada dicionario. Con todo, consideramos que a descrición desta voz como delito é cuestionable, xa que este enfoque supón unha aproximación parcial e nesgada da realidade, ao querer extrapolar unhas convencións particulares a territorios ou comunidades rexidos por outros usos e costumes. Nos seguintes exemplos mostramos algúns usos recollidos nos cónpora do galego, nos que se evidencian algunhas connotacións asociadas a esta voz:

Serán tamén albo do seu labor a reforma de costumes procurando suprimir infraccións morais, algunhas fortemente arraigadas ao non considerárense como pecaminosas polos fieis —amancebamento, simple fornicación, adulterio, **bigamia**...—, así como as transgresións espirituais [...]. [Domingo L. González Lopo, “Vida e morte nas parroquias galegas da idade moderna: cambios e permanencias”, en F. García Pazos (coord.), *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro* (2009); a través do CORGA]

Nos fundamentos da sentenza o maxistrado explicita en relación coa primeira muller de Monteagudo, que o seu segundo matrimonio “constituiría outro delicto de **bigamia** [...]”. [Redacción, *O Correo Galego* (7/II/1995); a través do CORGA]

Como se tivese amante e esposa á vez e a vontade...

—Ou como se foses **bigamo**. [Euloxio R. Ruibal, *De corpo enteiro* (1994); a través do CORGA]

Os exemplos transcritos poñen de manifesto algúns dos valores que os falantes lle atribúen á bigamia, como a súa asociación con “pecado” ou “infracción moral”, “delito” ou “falta de fidelidade”, todos eles marcados negativamente. Se ben nalgunhas definicións de *monogamia*, *poligamia* e as variantes desta última algunhas fontes apuntaban á posibilidade de que o recoñecemento destas relacións fose social, no caso de *bigamia* ningún repertorio admite esta posibilidade. Certo é que na sociedade actual e coa lexislación vixente parece pouco probable que poidamos chegar a considerar bigamas ou polígamas as unións plurais de carácter máis inestable ou ocasional, dada a existencia de grandes prexuízos arredor destes termos que fan que estean connotados negativamente. Este feito podería explicar a rápida adopción na lingua de préstamos empregados para designar novos tipos de relación (por exemplo, *poliamor* ou *relación aberta*, entre outros), quizais non tan distintos en esencia dos modelos tradicionais, pero desde logo desprovistos de cargas semánticas preexistentes.

Outro dos prexuízos xira arredor da especificación do sexo dos participantes, dado que algunhas definicións asumen, xa sexa de modo explícito ou implícito, que é un home quen establece relacións simultáneas con dúas mulleres (véxase a este respecto as definicións do TLFi [s.v. *bigamie* e *bigame*] ou do Zingarelli [s.v. *bigamo*]). Isto pode deberse a que as definicións lexicográficas aluden á necesidade de que exista un recoñecemento formal para a poligamia e os seus subtipos (bigamia, poliandria e polixinia) e precisamente os territorios nos que se dá ese recoñecemento son os máis represores das unións homosexuais. Este pode ser un dos motivos subxacentes do grande éxito acadado en épocas recentes polo termo *poliamor* e outras voces afíns, xa que a diferenza das formas designativas dos modelos relacionais tradicionais, estes préstamos permiten nomear aquelas relacións integradas por tres ou máis persoas con independencia do seu sexo e do grao de formalización do seu vínculo. A consecuencia disto, na nosa investigación non rastrexamos contextos nos que se dea conta da aplicación da poligamia e os seus hipónimos ás relacións homosexuais. Con todo, consideramos que non debemos restrinxir estes conceptos a unións heterosexuais, ao igual que propuxemos

para *monogamia*, xa que non existe ningún impedimento para que aquelas poidan producirse nun momento dado.

A continuación ofrecemos unha proposta de definición da voz *bigamia* na que intentamos corrixir as deficiencias detectadas nos enunciados existentes:

bigamia:

1. ant. Situación da persoa que casou por segunda vez. *Tras a segunda voda da viúva, a súa bigamia non foi ben vista entre os veciños.*
2. Situación da persoa que mantén dúas relacións afectivo-sexuais simultáneas. *Nunca lles ocultou a súa bigamia aos seus fillos, que sempre presumiron de teren dous pais.*
3. Modelo de relación en que participan tres persoas, caracterizado pola existencia de dous vínculos afectivo-sexuais que un dos integrantes mantén simultaneamente cos outros dous. *A bigamia foi despenalizada nese país.*

Nesta proposta recolleemos en primeiro lugar unha acepción específica para ese sentido recto, hoxe en día desusado, de xeito que incorporamos a correspondente marca diacrónica. A segunda acepción céntrase na situación da persoa que se relaciona simultaneamente con outras dúas. Na terceira defínese este termo como un modelo relacional, no que se fai fincapé tanto no número de participantes coma no número de vínculos existentes, polos motivos que xa se explicaron na sección referente á monogamia.⁴⁰ Nelas non aludimos ao sexo dos participantes, como si ocurría na maioría dos dicionarios analizados, de maneira que simplemente recorreremos

40 Se ben nos semas referidos á situación ou estado dun individuo o foco do enunciado definitorio debe colocarse sobre este, no sema alusivo ao modelo de relación o foco debe ampliarse para englobar o conxunto dos participantes. Para ilustrar esa afirmación, tomamos como exemplo a seguinte concordancia do CORGA, na que se alude ao alcance da bigamia nun país (A China): “O caso de Cheng Kejie foi o factor desencadeante dun informe, a escala estatal, no que se recoñecía que o concubinato e a **bigamia** estaban amplamente estendidos no país e eran unha ameaza para a estabilidade da familia e, en consecuencia, para a sociedade” [Axencia, *O Correo Galego* (26/XII/2009)]. Por tanto, neste contexto obsérvase que a bigamia, entendida como modelo de relación, non se restrinxen ao individuo que mantén dous vínculos, senón que abrangue tamén aquelas persoas coas que este se relaciona.

aos substantivos sen morfemas de xénero “persoa” e “integrante” e a indefinidos como “outro”. Tampouco facemos referencia á formalización da unión, posto que, como se evidencia no uso, non é necesario que exista un recoñecemento legal ou social da situación.⁴¹ Así mesmo, prescindimos da especificación dun grao mínimo de estabilidade nas relacións, debido á razón mencionada na proposta relativa a *monogamia*. Por outra banda, evitamos restrinxir estes conceptos a culturas nas que a bigamia está social ou legalmente aceptada, xa que esta tamén pode existir con maior ou menor grao de encubrimento noutras sociedades nas que está penalizada,⁴² entre elas a nosa.

O significado expresado na última acepción podería parecer semanticamente próximo ao que posúen as formas *trío*, *triángulo* ou *triade*, entre outras, cando son empregadas no ámbito das relacións. Porén, debe terse en conta que en *bigamia* a perspectiva se centra na persoa que mantén os dous vínculos simultáneos, como se deduce da presenza nesta voz do prefixo *bi-* e o tema culto *-gama* (‘unión, vínculo’), mentres que os outros conceptos reciben denominacións alusivas á participación de tres persoas, sen que destaque ningunha delas en concreto, como evidencia o feito de que todos os significantes conteñan un morfema referente a *tres*. Por outra banda, non consideramos oportuno introducir o sema referido á orientación

41 Nesta concordancia extraída do CORPES reflíctese a situación de solteiría da persoa: “Se dejaba ver con Fanny en unos lugares —anota Camarasa en su libro— y con Elina en otros, bajo la rigurosa prohibición de ser fotografiado, y sobrevivía como un soltero **bigamo**, feliz en su indecisión” [Pablo Sirvén, “Juan Duarte, el primer adelantado mediático”. *Lanacion.com* (Buenos Aires, 6/IV/2003)]. Nestoutra, tamén do CORPES, a protagonista mantén unha relación afectivo-sexual legalizada cunha persoa, o marido, e outra non formalizada co amante: “Los días de semana con el amante, los sábados y domingos con el marido, enero con el marido, febrero con el amante. Era una **bígama** perfecta pero ¿cómo pudo hacerlo! ¿Cómo podía estar con el marido y un amante sin alterarse y llevar doble vida como si fuera tan fácil?” [Elizabeth Subercaseaux, *Un affaire casi perfecto* (2010)].

42 Resultan significativas estas concordancias documentadas no CORPES: “Estas son las circunstancias que rodean la aceptación de la **bigamia**, que no se produce en derecho sino en hecho. No estaría en discusión su despenalización sino la penalización de la irresponsabilidad” [Oscar Collazos, “Bigamia, poligamia y otras miserias”. *El Tiempo* (Bogotá, 28/VI/2001)], “El próximo 24 de julio, cuando entre a regir la despenalización de la **bigamia**, por primera vez en un siglo el país estará haciendo un acto de reconocimiento a una verdad indiscutible: Colombia es un territorio bígamo” [“Soy fiel a mis tres mujeres”. *El Tiempo* (Bogotá, 24/VI/2001)].

da persoa, como si indicamos para *monogamia*, xa que apenas documentamos casos que xustificuen este uso.⁴³ Ademais, non parece probable que unha persoa poida prever con exactitude o número de relacións afectivo-sexuais simultáneas nas que desexaría estar involucrada con anterioridade a atoparse nesta situación. Con todo, non descartamos que nun futuro se comece a empregar *bigamia* con este significado, de maneira que, chegado o momento, debería valorarse a pertinencia de formular a definición correspondente.

Para a voz *poligamia* son de aplicación algunhas das cuestións xa expostas para os termos anteriores. Así, por unha banda, convén indicar que, nas concordancias máis antigas que documentamos nos córpora do galego, a poligamia é considerada un acto ilegal ou pecaminoso ou que require aceptación social:

E vosté moi cándido: ¿non ve vosté qu'as leises mesmas prohibindo a **poligamia** poñennos no caso de non poder cumprir con todas aquelas que se càn [...]. [Ángel Vázquez Taboada, *As noites n-o fogar. Coleución de lendas e contos morás* (1888); a través do TILG]

[...] adoptar o matrimonio son fundamentalmente dúas: a monogamía, cando son un esposo e unha esposa; e a **poligamia**, cando a pluralidade de esposos ou esposas está permitida pola colectividade. [Luís Humberto Busto Abella *et al.* *Noema. Iniciación á filosofía* (1983); a través do TILG]

A **poligamia** ten sido frecuente. E aínda hoxe se practica, non soio nos países onde, ao lado da mullere, se teñen concubinas, senón que de xeito ilegal ou pecaminoso, é ben frecuente nos países que se din monógamos [...]. [Antón Alonso Ríos, *Nidia* (1991); a través do TILG]

43 O único caso que documentamos atópase no CORPES: “Le confesé que en realidade yo era **bígamo**. Que ella formaba parte de la mitad de mi plan. Que debíamos buscar una tercera juntos” [Risto Mejide, *Urbrands. Construye tu marca personal como quien construye una ciudad*, (2014)].

Porén a nosa sociedade non acepta a poliandria, como tampouco a **poligamia**... [Antón Risco, *Tres situacións elementais* (1991); a través do CORGA]

No entanto, outras concordancias vinculan este tipo de relación con determinadas culturas ou credos. Así, nos contextos seguintes atopamos referencias a Mozambique, Chechenia e os Emiratos Árabes Unidos, e mencións á relixión musulmá:

Como se sabe o Corán é o Código Civil dos musulmá e a norma do seu ordenamento xurídico vixente a través dos séculos. Polo tanto o que determina e regula a súa conducta tanto relixiosa como civil. A cultura e relixión mahometanas ademiten a **poligamia** e o divorcio. [Manuel María, *O Correo Galego* (11/XI/2000); a través do CORGA]

O presidente de Chechenia, Ramzán Kadírov, pronunciouse a favor da poligamia no Cáucaso Norte, cuxa poboación é musulmá. “En Chechenia hai máis mulleres que homes, e todas elas deben ter unha familia. Os nosos costumes e a nosa relixión permiten a **poligamia**”, dixo [...]. [Axencia, *Galicia Hoxe* (8/IV/2009); a través do CORGA]

Por exemplo, un expicio que traballa en Emiratos Árabes Unidos pode casar cunha emiratí e visítala cando poida sen ter ningunha obrigaición, segundo Gelil, para quen este tipo de relacións é “correcta”. O Corán abre a porta de ter ata catro esposas, coa condición de que reciban un trato equitativo e poidan ser mantidas economicamente polo marido. A **poligamia** está permitida no islam, aínda que só para os homes. [Axencia, *Galicia Hoxe* (24/IV/2009); a través do CORGA]

Como se pode observar, os mesmos estereotipos que estaban presentes nos exemplos e definicións analizados das obras lexicográficas repítense nas concordancias dos córpora galegos; isto dá conta do arraigados que están na nosa sociedade. Lembramos tamén que as entradas lexicográficas esixían certo nivel de formalidade na relación, delimitando así o concepto a aqueles territorios e comunidades nos que pode darse legalmente esa situación. Adicionalmente, a

especificación do sexo dos participantes nos enunciados contribúe a perpetuar estereotipos de xénero, por exemplo, asumindo que polo xeral é o home o que ten varias esposas (véxanse a este respecto as definicións consignadas no TLFi [s.v. *polygame*] e no Larousse [s.v. *polygamie*]), ademais de invisibilizar as unións homosexuais (tal como se fai no Priberam [s.v. *poligamia*], Larousse [s.v. *polygamie*], Petit Robert [s.v. *polygame*], Treccani [s.v. *poligamia*] ou Zingarelli [s.v. *poligamia*]).

Nos córpora do galego non se rexistra a forma *poligamia* vinculada á orientación da persoa que tende a manter relacións afectivo-sexuais simultáneas con outras. No entanto, si se atopan casos nos que o adxectivo substantivado *polígamo, ma* semella utilizarse con este sentido.⁴⁴

O home, que é por natureza **polígamo**, atingue o celme máis xenuíno de espritoalidade e plenitude cando ama, por toda a súa vida, un soio ser. [Eduardo Moreiras, *Follas de vagar. Xornal* (1972); a través do TILG]

Polígamo teórico, desde o seu cedo casamento fixo contínuos plans de traición conxugal que nunca compriría, permanecendo fiel deica o fin dos seus días e sempre atado á sua dona e á factoría de coches con forma de automóvil. [Xoan Ignacio Taibo, *Pacífico Sul e outras narracións* (1980); a través do CORGA]

44 Noutras linguas atópanse contextos aínda máis claros para ilustrar o sema referido a esta orientación relacional. A modo de ilustración, achegamos dous exemplos, un en castelán e outro en portugués. No primeiro, extraído do CORPES, a narradora manifesta que a pesar de manter co seu marido unha relación monógama, este realmente desexaría practicar a poligamia: “Mi marido, si lo hubiera deseado, podría haber tenido hijos extramatrimoniales y haberlos traído a casa y yo no habría puesto ninguna objeción, pero en su verdadero interior Santiago Nvé era **polígamo** y ello entrañaba también que su concepción de la infidelidad no existía, por lo que la situación era, aunque no lo manifestara abiertamente, que no se conformaba con estar solo conmigo como esposa” [Guillermina Mekuy Mbá Obono, *Tres almas para un corazón* (2011)]. No segundo, tirado de Internet, o emisor confesa que, malia que no pasado se definía como polígamo, na actualidade considérase monógamo: “Desde pequeno fui **polígamo**. Sempre pensei que minha vida sexual seria múltipla. Também aí eu era machista: nunca imaginei uma mulher que se tornasse a única em minha vida” [Geraldo Mayrink, “Os caminhos de Sartre”, dispoñible en <https://geraldomayrink.com.br/memoria/os-caminhos-de-sartre/>].

O uso anterior non se recolle nas obras lexicográficas actuais, pero propoñemos incluílo tal como fixemos na entrada de *monogamia*. O artigo correspondente a *poligamia* quedaría, pois, redactado así:

poligamia:

1. ant. Situación da persoa que casou dúas ou máis veces. *A súa poligamia era ben coñecida, xa que casara varias veces tras enviivar.*
2. Situación da persoa que mantén dúas ou máis relacións afectivo-sexuais simultáneas. *Falounos da súa poligamia e de como coñeceu os seus maridos.*
3. Modelo de relación en que participan tres ou máis persoas, caracterizado pola existencia de dous ou máis vínculos afectivo-sexuais que un dos integrantes mantén simultaneamente cos outros. *A poligamia permite relacionarnos sentimentalmente con máis de dúas persoas á vez.*
4. Inclinação dunha persoa a relacionarse afectivo-sexualmente con dous ou máis individuos simultaneamente. *Acabei por aceptar a miña poligamia despois de varias relacións monógamas insatisfactorias.*

Na nosa proposta mantemos unha primeira acepción para o sentido recto, desusado hoxe en día e baseado na descodificación dos formantes gregos, que lembramos facía alusión á situación de quen casou dúas ou máis veces consecutivamente. A segunda acepción céntrase na situación de quen mantén varias relacións simultáneas. Parécenos necesario advertir de novo de que os vínculos deben contar con certa estabilidade, mais non o explicitamos na definición pola razón xa indicada no apartado referido a *monogamia*. Na terceira acepción, facemos referencia ao modelo relacional baseado na existencia de vínculos simultáneos con varias persoas, tanto se este posúe recoñecemento legal ou social —nessas sociedades das que daban conta os dicionarios analizados— coma se non —por exemplo, en sociedades como a nosa—. Na cuarta incorporamos un enunciado relativo á orientación das persoas que tenden a relacionarse de xeito simultáneo con varias ou que consideran que este é o seu ideal de relación, tal como se fixo na entrada correspondente

a *monogamia* e reflectindo así o uso rexistrado nos contextos reprodúcidos previamente. Por último, convén sinalar que, de forma análoga ás entradas de *monogamia* e *bigamia*, na nosa proposta empregamos os substantivos “persoa”, “integrante” e “individuo” e mais o indefinido “outro” para evitar explicitar o sexo dos suxeitos involucrados neste tipo de vínculos. Deste xeito, non restrinximos as definicións a unións heterosexuais.

En cambio, nos termos *poliandria* e *polixinia*, a especificación do sexo dos participantes si é necesaria, debido a que están integrados por formantes grecolatinos que aluden a un sexo concreto: ‘moitos homes’, no caso de *poliandria* e ‘moitas mulleres’, no caso de *polixinia*. Esta explicitación do sexo só afecta a parte das persoas implicadas nestes modelos de relación, porén as fontes lexicográficas describen os conceptos desde unha perspectiva heterosexual, especificando que é unha muller a que se relaciona con varios homes (poliandria) e que é un home o que se relaciona con varias mulleres (polixinia). Esta visión tamén se reflicte nos cónpora do galego. Vexamos primeiro o caso de *poliandria*:

A poligamía pode ser polixinía, matrimonio de un home con dúas ou máis mulleres, e **poliandría**, matrimonio de unha muller con dous ou máis homes. [Luís Humberto Busto Abella *et al.* *Noema. Iniciación á filosofía* (1983); a través do TILG]

O noso caso é diferente. Do que se trata é dunha muller compartida por dous homes. Se queres un neto caso de **poliandria**, aínda que non legalizada (como dicía André hai un chisco), como se deron en certas bisbarras do Tíbet e noutras civilizacións. [Antón Risco, *Tres situacións elementais* (1991); a través do CORGA]

E dos barcos que regularmente chegan dende Mauricio cargados de víveres. O que si perderon é o sistema social que os franceses instauraron na illa no século XIX. Que incluía unha curiosa forma de **poliandria**, na que unha muller cohabitaba con varios homes. [Eduardo Rolland, “Joao Galego: o descubridor das Illas dos Cargados Carallos”, *GCiencia. O portal da ciencia galega* (IV/2014); a través do CORGA]

Nestes exemplos tamén tende a vincularse o concepto, como ocorría nos casos xa analizados, con culturas que habitan territorios afastados ou exóticos, ao mencionar O Tíbet ou Mauricio, e a destacarse a súa falta de legalidade. Á marxe destas cuestións, documentamos un contexto no que se traspón, tal como sucedía con *poligamia*, o concepto á nosa sociedade para aludir á simultaneidade de varias relacións:

O xogo non lle permite comprender que con Nacho aparece unha nova forma de relación. A fórmula máis tradicional de convivencia aceptando a fidelidade e a monogamia. Lonxe da **poliandria** practicada por Martázul de modo compulsivo. [Xosé Antonio Perozo, *Martázul* (2001); a través do CORGA]

Logo de analizar os usos asociados a esta voz, propoñemos a seguinte redacción:

poliandria:

1. Situación da persoa que mantén relacións afectivo-sexuais simultáneas con dous ou máis homes. *Non coñecía a poliandria desa persoa e seica vive con tres homes.*
2. Modelo de relación en que participan tres ou máis persoas, caracterizado pola existencia de dous ou máis vínculos afectivo-sexuais que un dos integrantes mantén simultaneamente con dous ou máis homes. *A poliandria permítelles ter dous ou máis maridos.*

Na nosa proposta, a diferenza do que sucede coas definicións dos termos anteriores, non consideramos necesario incluír unha acepción para a sucesión de vínculos con varios homes pois, se ben no grego se rexistraba este sema xunto co referido á simultaneidade, as linguas modernas só adoptaron este último. Por tanto, as acepcións suxeridas reflicten o uso actual desta voz, asociado á simultaneidade nas relacións. A primeira delas alude á situación daquela persoa que ten vínculos con dous ou máis homes e, a segunda, ao modelo relacional que corresponde a esta situación. De maneira similar aos enunciados previos, nesta entrada empregamos os substantivos “persoa” e “integrante” e omitimos tanto a referencia ao

grao de estabilidade na relación coma a especificación que restrinxo o concepto a un tipo de sociedade concreta por tratarse dunha práctica que existe *de facto* en territorios nos que non está legal ou socialmente aceptada. Ao contrario das entradas *monogamia* e *poligamia*, esta carece dunha acepción referida á orientación, xa que non documentamos contextos con este uso. Ademais, tendo en conta que a poliandria é un subtipo de poligamia en que se especifica o sexo das persoas coas que se relaciona un individuo, esta explicitación no ideal de relación pode resultar, ao noso xuízo, innecesaria. Así, un individuo define, nun primeiro momento, a súa orientación sexual e, despois, se desexa involucrarse nunha única relación afectivo-sexual ou en varias, de xeito que a selección do tipo de poligamia xa estaría determinada polas escollas anteriores.

En canto á voz *polixinia*, como xa indicamos, os seus formantes fan referencia á existencia de varias mulleres, pero non indican o sexo da persoa con quen estas se relacionan. Esta forma non se rexistra apenas nos dicionarios, como xa apuntamos anteriormente, quizais debido a que é o tipo de poligamia co que estamos máis familiarizados, de modo que tendemos a identificar *poligamia* con *polixinia*, como de feito se indicaba nalgún repertorio. Tampouco parece ser habitual nos cónpora do galego, onde soamente atopamos un único exemplo:

A poligamia pode ser **polixinia**, matrimonio de un home con dúas ou máis mulleres, e poliandria, matrimonio de unha muller con dous ou máis homes. [Luís Humberto Busto Abella *et al.* *Noema. Iniciación á filosofía* (1983); a través do TILG]

Na nosa proposta ofrecemos a seguinte redacción:

polixinia:

1. Situación da persoa que mantén relacións afectivo-sexuais simultáneas con dúas ou máis mulleres. *Vivía en polixinia con cinco esposas.*
2. Modelo de relación en que participan tres ou máis persoas, caracterizado pola existencia de dous ou máis vínculos afectivo-sexuais que un dos integrantes mantén simultaneamente

con dúas ou máis mulleres. *A polixinia é o tipo de poligamia máis frecuente.*

Nesta entrada consignamos dous únicos significados: un referido á situación da persoa que mantén varias relacións simultáneas con mulleres e outro referido ao modelo relacional de quen se atopa nesa situación. Igual que nos termos xa analizados, recorreremos ao uso do substantivo “persoa” e “integrante”, prescindimos da referencia ao grao de estabilidade na relación e evitamos restrinxir o concepto a un tipo de sociedade concreta. Tampouco incluímos unha acepción para a sucesión de vínculos con varias mulleres dado que na análise etimolóxica do termo non rexistramos este significado nin atopamos contextos que reflectan este uso. Non incorporamos tampouco a acepción referida á orientación, pola mesma razón que achegamos para *poliandria*.

Antes de poñermos fin a este apartado, incluímos unha pequena recapitulación na que sintetizamos as principais achegas da nosa proposta de definición das voces *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*, *poliandria* e *polixinia* destinada a dicionarios de lingua xeral. Deste modo, na redacción que ofrecemos intentamos reflectir non só os usos tradicionais, senón tamén as novas resignificacións adquiridas por estas formas. Os textos definitorios presentes nas obras lexicográficas analizadas caracterizábanse, ademais, por describir estes conceptos cunha perspectiva androcéntrica e heterocéntrica, e a ollos da sociedade actual isto xa non se percibe como correcto. No noso estudo defendemos unha intervención encamiñada a eliminar os estereotipos e prexuízos detectados nesos artigos, xa que tanto o modo de relacionarnos as persoas coma as percepcións sociais e implicacións morais das prácticas sexuais e afectivas van mudando co tempo.

5. Conclusión

Se ben no territorio español só a monogamia ten recoñecemento legal, non constitúe o único modelo de relación afectivo-sexual que se atopa hoxe en día na nosa sociedade. Así, na actualidade empezan a ser frecuentes outros tipos de relación que permitan

axeitarse ás novas necesidades e desexos das persoas e satisfagan as súas inquiredanzas. Como consecuencia, nas nosas linguas apareceron recentemente neoloxismos como *poliamor* ou *non-monogamia* e os termos que designan modelos de relación tradicionais (*monogamia*, *bigamia*, *poligamia*, *poliandria* e *polixinia*) foron adquirindo novos trazos semánticos. Dado que unha das funcións primordiais dos dicionarios xerais é reflectir o uso actual das palabras, é imprescindible que se teña en conta a mudanza de significado destas últimas voces e que se actualicen as entradas correspondentes.

Adaptar as definicións existentes nos dicionarios ao momento actual esixe unha revisión integral destas, non só para incorporar as novas acepcións, senón tamén para detectar posibles inexactitudes e prexuízos. Neste sentido, o obxectivo esencial do presente traballo, formulado no apartado de presentación, foi facer patente, mediante a análise do tratamento lexicográfico que se lles concede aos termos relativos aos modelos de relación afectivo-sexual tradicionais nos principais dicionarios xerais do galego e doutras linguas próximas, a existencia nas definicións de referencias a datos de índole social, cultural, relixiosa ou moral que supoñen unha distorsión na descrición destes conceptos e que, por tanto, non plasman de maneira completa o uso actual destas voces.

Consideramos que logramos acadar este propósito no terceiro apartado, onde a revisión das definicións lexicográficas dos termos obxecto de estudo nos permitiu pór de manifesto a presenza nelas de varios nesgos. Así, por unha banda, na maior parte dos dicionarios analizados, os enunciados lexicográficos de *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*, *poliandria* e *polixinia* atópanse redactados de tal maneira que neles quedan excluídas as unións de natureza homosexual, así como as relacións cun grao de formalidade menor que o que supón o matrimonio. Por outra banda, nos artigos lexicográficos de *monogamia*, *bigamia* e *poligamia* é habitual que as definicións se conciban dende o punto de vista do home e isto evidencia a existencia nelas dunha concepción androcéntrica da sociedade. Así mesmo, é común que se definan as voces *bigamia*, *poligamia* e *poliandria* como delitos e modelos de relación exóticos ou primitivos, posto que son descritas subxectivamente dende a perspectiva das sociedades occidentais.

Coa vontade de actualizar os enunciados lexicográficos dos termos anteriores e de depuralos dos estereotipos acabados de mencionar, no cuarto apartado do traballo ofrecemos unha proposta de definición para o galego que amosa os distintos significados cos que os falantes actuais empregan estas palabras. Na súa redacción intentouse acudir a substantivos como *persoa* e a pronomes como o relativo *quen* por non teren asociados os trazos ‘sexo masculino’ e ‘sexo feminino’. Ademais, elimináronse as referencias ao delito e ao exotismo e substituíronse as voces pertencentes ao campo asociativo do matrimonio por expresións como “relación afectivo-sexual”, que permiten dar conta de que hoxano estas formas de relacións tradicionais non supoñen necesariamente a existencia dun vínculo formal e legal.

Referencias bibliográficas

- BNF = Bibliothèque Nationale de France (1997). *Gallica* [web]. Paris: Bibliothèque Nationale de France. Dispoñible en <http://gallica.bnf.fr>
- Brown, Anna (2020). A profile of single Americans. *Pew Research Center*. 20/VIII/2020. Dispoñible en <https://www.pewresearch.org/social-trends/2020/08/20/a-profile-of-single-americans/>
- Cardoso, Daniel; Pascoal, Patricia M.; e Hertel Maiocchi, Francisco (2021). Defining Polyamory: A Thematic Analysis of Lay People’s Definitions. *Archives of Sexual Behavior*. 50(4), 1239-1252. <https://doi.org/10.1007/s10508-021-02002-y>
- Código Canónico = Igrexa Católica (1983). *Código de Derecho Canónico*. Dispoñible en https://www.vatican.va/archive/cod-iuris-canonici/cic_index_sp.html
- Código Civil = España. Real Decreto de 24 de julio de 1889 por el que se publica el Código Civil. *Gaceta de Madrid*. 206 (25/VII/1889).
- Código Penal = España. Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. *Boletín Oficial del Estado*. 281 (24/XI/1995), 33987-34058.

- Demóstenes (1983). *Discursos privados*. Madrid: Gredos. Traducción e notas de José Manuel Colubi Falcó.
- Diderot, Denis e d'Alembert, Jean Le Rond, dir. (1751-1765). *Encyclopédie ou Dictionnaire raisonné des sciences, des arts et des métiers par une Société de gens de lettres*. Neufchastel: Samuel Faulche & Compagnie.
- Emens, Elizabeth F. (2004). Monogamy's law: Compulsory monogamy and polyamorous existence. *New York University Review of Law & Social Change*. 29(2), 277-376. <http://dx.doi.org/10.2139/ssrn.506242>
- Engels, Friedrich (1999 [1884]). *El origen de la familia, la propiedad privada y el Estado*. México: Instituto Politécnico Nacional.
- Etxebarria, Lucía (2016). *Más peligroso es no amar. Poliamor y otras muchas formas de relación sexual y amorosa en el siglo XXI*. Barcelona: Aguilar.
- Fernández Lago, José, ed. (2021). *A Biblia*. 4ª edición. Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT).
- Goethe, Johann Wolfgang von (1809). *Die Wahlverwandtschaften: Ein Roman* [Elective Affinities]. Tübingen: Cotta'schen Buchhandlung.
- Google Books = *Google Books Digital Content Store*. <https://books.google.es/>
- Gosálvez, Patricia (2022). Los españoles ante el amor: monógamos e independientes. *El País*. 5/VI/2022. Disponible en <https://elpais.com/sociedad/2022-06-05/los-espanoles-ante-el-amor-monogamos-e-independientes.html>
- Ingoldsby, Bron B. (2006). Marital Structure. En: Bron B. Ingoldsby e Suzanna D. Smith, eds. *Families in global and multicultural perspective*. Thousand Oaks (California): Sage Publications, 99-112.
- Klesse, Christian (2006). Polyamory and its 'others': Contesting the Terms of Non-Monogamy. *Sexualities*. 9(5), 565-583. <https://doi.org/10.1177/1363460706069986>
- Kramer, Stephanie (2020). Polygamy is rare around the world and mostly confined to a few regions. *Pew Research Center*. 7/ XII/2020. Disponible en <https://www.pewresearch.org/fact-tank/2020/12/07/polygamy-is-rare-around-the-world-and-mostly-confined-to-a-few-regions/>

- Larson, Vicki (2017). Millennials are open to an age-old idea about marriage: that it should be temporary. *Quartz*. 10/IV/2017. Disponible en <https://qz.com/944536/til-when-ever-a-temporary-marriage-makes-more-sense-than-marriage-for-life/>
- Lázaro Guillamón, Carmen (2022). La monogamia como fundamento de las estructuras conyugales en los sistemas jurídicos occidentales: un aporte romanístico. *RIDROM, Revista Internacional de Derecho Romano*. 28, 275-394. <https://doi.org/10.17811/ridrom.1.28.2022.275-394>
- Lema París, Ánxela (2020). *Deconstruír o erotismo poético desde as non-monogamias. Estudo e relectura da poesía erótica galega e da súa recepción crítica na primeira década do século XXI*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.
- Lema París, Ánxela (2022). Lann Hornscheidt, Desamarmos o capitalismo. O amor como acción política, Santiago de Compostela, Catro Ventos, 2022, 120 páxinas. *Revista Galega de Filoloxía*. 23, 190-193. <https://doi.org/10.17979/rgf.2022.23.0.9108>
- Murdock, George P. (1967). Ethnographic Atlas: A summary. *Ethnology*. 6, 109-236.
- Pieper, Marianne e Bauer, Robin (2005). Polyamory und Mono-Normativität: Ergebnisse einer empirischen Studie über nicht-monogame Lebensformen. En: L. Méritt, T. Bührmann e N. B. Schefzig, eds. *Mehr als eine Liebe: Polyamouröse Beziehungen*. Berlin: Orlanda, 59-70.
- Reich, Wilhelm (1978 [1936]). *La revolución sexual: Para una estructura de carácter autónoma del hombre*. Valencia: Ibérica.
- Rubel, Alicia N. e Burleigh, Tyler J. (2020). Counting polyamorists who count: Prevalence and definitions of an under-researched form of consensual nonmonogamy. *Sexualities*. 23 (1-2), 3-27. <https://doi.org/10.1177/1363460718779781>
- Stevens, Tori Elizabeth (2019). *The development and validation of the attitudes towards relationship orientation scale*. Tese de doutoramento. Oklahoma State University. Disponible en <https://shareok.org/handle/11244/323449>
- Vasallo, Brigitte (2018). *Pensamiento monógamo, terror poliamoroso*. Madrid: La Oveja Roja.

Vega Gutiérrez, Ana M.^a (1997). *La unidad del matrimonio y su tutela penal. Precedentes romanos y canónicos del delito de bigamia*. Granada: Comares.

Vernet, Juan, ed. (1996). *El Corán*. Barcelona: Planeta.

Dicionarios

Cambridge = *Cambridge Advanced Learner's Dictionary & Thesaurus*. Cambridge: Cambridge University Press. Disponible en <https://dictionary.cambridge.org/dictionary/english/>

Collins = *Collins Online Dictionary* (2007-). Glasgow: HarperCollins Publishers. Disponible en <https://www.collinsdictionary.com/dictionary/english>

DAF = Académie française (2024). *Dictionnaire de l'Académie Française*. 9^a ed. Disponible en <https://www.dictionnaire-academie.fr/>

DCECH = Corominas, Joan e Pascual, José Antonio (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

DELI = Cortelazzo, Manlio e Zolli, Paolo (1999). *Dizionario Etimologico della Lingua Italiana*. Bologna: Zanichelli.

DHLF = Rey, Alain, dir. (2011). *Dictionnaire historique de la langue française*. Paris: Le Robert.

DHLP = Houaiss, Antônio; Villar, Mauro de Salles; e Franco, Francisco Manoel de Mello, dirs. (2001). *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

DIEC = Institut d'Estudis Catalans (2007). *Diccionari de la llengua catalana*. 2^a ed. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans. Disponible en <https://dlc.iec.cat/>

DIGALEGO = *Diccionario de galego* (2004). Vigo: Ir Indo / Xunta de Galicia. Disponible en <https://digalego.xunta.gal/gl>

DLE = Real Academia Española (2014-2023). *Diccionario de la lengua española*. 23^a ed. [versión 23.6 en liña]. Disponible en <https://dle.rae.es/>

DLE-2001 = Real Academia Española (2001). *Diccionario de la lengua española*. 22^a ed. [en liña]. Disponible en <https://www.rae.es/drae2001/>

- DMLBS = British Academy (2012). *Dictionary of Medieval Latin from British Sources*. Dispoñible en <http://www.dmlbs.ox.ac.uk/web/welcome.html>
- DRAE-1992 = Real Academia Española (1992). *Diccionario de la lengua española*. 21ª ed. Madrid: Espasa Calpe.
- DRAE-1869 = Real Academia Española (1869). *Diccionario de la lengua española*. 11ª ed. Madrid: Manuel Rivadeneyra.
- DRAE-1780 = Real Academia Española (1780). *Diccionario de la lengua castellana*. 1ª ed. Madrid: Joaquín Ibarra.
- DRAG = González González, Manuel, dir. (2006-). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/diccionario>
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé M.ª, coord. (2009). *Gran Dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Infopédia = *Dicionário infopédia da Língua Portuguesa* (2003-2024). Porto: Porto Editora. Dispoñible en <https://www.infopedia.pt/dicionarios>
- Larousse = *Dictionnaire de la langue française*. Paris: Larousse. Dispoñible en: <https://www.larousse.fr/dictionnaires/francais>
- De Mauro = De Mauro, Giovanni, dir. (2024). *Il Nuovo De Mauro*. Roma: Internazionale. Dispoñible en <https://dizionario.internazionale.it/>
- Michaelis = *Michaelis Dicionário Brasileiro da Língua Portuguesa* (2015). Editora Melhoramentos. Dispoñible en <https://michaelis.uol.com.br/moderno-portugues/>
- MLW = Bayerische Akademie der Wissenschaften: *Mittellateinisches Wörterbuch*. Trier: Universität Trier. Dispoñible en <https://woerterbuchnetz.de/#1>
- Online Etymology Dictionary* (2001-2024). Dispoñible en <https://www.etymonline.com/>
- Petit Robert = Rey-Debove, J. e Rey, Alain, dirs. (2011). *Le nouveau Petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*. Paris: Le Robert.
- Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (2008-2021). Lisboa: Priberam. Dispoñible en <https://dicionario.priberam.org/>

TLFi = *Trésor de la Langue Française informatisé*. Nancy: ATILF - CNRS & Université de Lorraine. Disponible en <http://atilf.atilf.fr/>

Treccani = Bray, Massimo, dir. (2019). *Vocabolario on line*. Roma: Istituto della Enciclopedia Italiana. Disponible en <https://www.treccani.it/vocabolario/>

Webster = *Merriam-Webster.com Dictionary*. Springfield (MA): Merriam-Webster. Disponible en <https://www.merriam-webster.com/>

Zingarelli = VV. AA. (1986). *Il Nuovo Zingarelli. Vocabulario della lingua italiana di Nicola Zingarelli*. Bologna: Zanichelli.

Córpora

CNDHE = Real Academia Española (2013). *Corpus del Nuevo Diccionario Histórico del Español*. Madrid: Real Academia Española. Disponible en <https://apps.rae.es/CNDHE/view/inicioExterno.view>

CORDE = Real Academia Española: *Corpus Diacrónico del Español*. Madrid: Real Academia Española. Disponible en <http://corpus.rae.es/cordenet.html>

CORGA = Rojo, Guillermo e López Martínez, María Sol, dirs. (2001-). *Corpus de Referencia do Galego Actual*. Versión 4.0. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <https://corpus.cirp.es/corga>

CORPES = Real Academia Española: *Corpus del Español del Siglo XXI*. Madrid: Real Academia Española. Disponible en <https://www.rae.es/corpes/>

TILG = Santamarina, Antón, dir.; González Seoane, Ernesto e Álvarez de la Granja, María (1986-). *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/>

Anexo 1

Exemplario 1

monógamo, ma: 3. adx. Que non casou máis dunha vez.
[DIGALEGO]

monógamo, ma: 2. adj. p. us. Casado una sola vez. U. t. c. s. [DLE]

monogàm, ma: 1. 2. adj. Que no s'ha casat sinó una sola vegada.
[DIEC]

monogame: adj. A. Vx. Qui n'a été marié qu'une seule fois. [TLFi]

monogamia: s. f. [...] In diritto canonico, lo stato di chi si è sposato una volta sola, che non è passato cioè a seconde nozze. [Treccani]

monogamia: s. f. 2. dir.can. condizione di chi ha contratto un solo matrimonio, cioè non è mai passato a seconde nozze. [De Mauro]

monogamy: noun 2 archaic: the practice of marrying only once during a lifetime. [Webster]

Exemplario 2

monogamia: substantivo feminino 1. Situación da persoa que está unida lexitimamente a un home ou a unha muller só. *Facia da súa monogamia unha forma de vida.* [DRAG]

monogamia: 1. f. Unión dun só home cunha soa muller.
[DIGALEGO]

monógamo, ma: adx. 2. Que está casado ou mantén relación sexual cunha única persoa. [GDXL]

monógamo, ma: 1. adx. Relativo ou pertencente á monogamia. 2. adx. Que mantén unha relación sexual só cunha persoa [sic]. Tm s. Frec referido a home. [DIGALEGO]

monógamo: adjetivo 1. que tem um só cónjuge. 2. que tem apenas um parceiro sexual em determinado período de tempo. [Infopédia]

monógamo: adjectivo e nome masculino 1. Que ou aquele que tem uma só esposa. [Priberam]

monógamo, ma: m. y f. Casado con una sola mujer. [DLE-2001]

monógamo, ma: 1. adj. Casado o emparejado con una sola persona. U. t. c. s. [DLE]

monogàm, ma: 1 / adj. [LC] [SO] [AN] Casat o aparellat amb una sola persona. [DIEC]

monogamie: nom féminin État d'une personne qui n'a qu'un seul conjoint, par opposition à Bigamie ou à Polygamie. [DAF]

monogamie: subst. fém. A. Union conjugale d'un seul homme avec une seule femme ou état d'un individu ayant un conjoint unique. [TLFi]

monogame: adj. Qui n'a qu'une seule femme, qu'un seul mari à la fois (opposé à *bigame, polygame*) ; qui pratique la monogamie. *Peuples monogames*. SUBST. *Un, une monogame*. [Petit Robert]

monogamia: s.f. 1. Unione matrimoniale di un solo uomo con una sola donna (in contrapp. a *bigamia, poligamia*); in antropologia, s'intende che tale unione sia ufficialmente o socialmente riconosciuta, e resta monogamica anche se vi sono più donne (amanti, concubine, ecc.) non riconosciute come mogli. [Treccani]

monogamia: s.f. 1. Vincolo coniugale che unisce un solo uomo a una sola donna: *da secoli in occidente vige la —*. [Zingarelli]

monogamia: s.f. 1. unione coniugale tra un solo uomo e una sola donna. [De Mauro]

monogamy: noun 1. 1 a: the state or practice of having only one sexual partner at a time. *Young couples who practice monogamy*. 1 b: the state or custom of being married to only one person at a time. [Webster]

monogamy: noun 1. the fact or custom of having a sexual relationship or marriage with only one other person at a time: *Her husband seemed to be incapable of monogamy and had affairs throughout their marriage*. [Cambridge]

Exemplario 3

monogamia: substantivo feminino 2. Réxime xurídico e familiar no que un home ou unha muller non poden ter simultaneamente máis dun cónxuxe. *A monogamia é habitual na sociedade occidental.* [DRAG]

monogamia: s. f. 2. Réxime familiar baseado na parella formada por un só home e unha soa muller. [GDXL]

monogamia: nome feminino 2. ANTROPOLOGIA organización familiar em que uma pessoa tem apenas um cónjuge. [Infopédia]

monogamia: s. f. 1. Sistema ou costume que, durante a vigência do casamento, impõe ao homem ter uma única esposa, e à mulher ter um único marido. [Michaelis]

monogamia: s.f. 1. regime ou costume em que é imposto ao homem ou à mulher ter apenas um cónjuge, enquanto se mantiver vigente o seu casamento. [DHLP]

monogamia: 2. f. Régimen familiar que no admite la pluralidad de cónyuges. [DLE]

monogamie: nom féminin. Système dans lequel l'homme ne peut être simultanément l'époux de plus d'une femme et la femme l'épouse de plus d'un homme. (La monogamie s'oppose à la fois à la polygynie et à la polyandrie, l'un et l'autre étant les deux systèmes qui réalisent la polygamie.) [Larousse]

monogamie: subst. fém. B. *Spécialement 1. DR.* Régime juridique en vertu duquel un homme ou une femme ne peut avoir plusieurs conjoints en même temps. *La monogamie est de règle dans quelques tribus primitives* (LOWIE, Anthropol. cult., trad. par E. Métraux, 1936, p.268). [TLFi]

monogamie: n. f. Régime juridique en vertu duquel un homme ou une femme ne peut avoir plusieurs conjoints en même temps. *«toutes les civilisations supérieures ont tendu à la monogamie»* Bourget. [Petit Robert]

monogamy: noun 1 b: the state or custom of being married to only one person at a time. [Webster]

monogamy: uncountable noun 2. Monogamy is the state or custom of being married to only one person at a particular time. *In many non-Western societies, however, monogamy has never dominated.* [Collins]

monogamy: noun 1. the fact or custom of having a sexual relationship or marriage with only one other person at a time: *Her husband seemed to be incapable of monogamy and had affairs throughout their marriage.* [Cambridge]

Exemplario 4

bigamia: 2. f. [DER] Segundas nupcias, unha vez desaparecido o primeiro vínculo matrimonial. [DIGALEGO]

bigamo: adj.s.m. 2. DIR. CAN. que ou quem é casado em segundas nupcias ou desposou uma viúva. [DHLP]

bigamia: f. 2. Der. Segundo matrimonio que contrae el que sobrevive de los dos consortes. [DRAE-1992]

bigamo, ma: 3. adj. p. us. Casado con quien ha enviudado. U. t. c. s. [DLE]

bigam, ma: 2 1 adj. i m. i f. [LC] [DR] En dret canònic, casat en segones núpcies. 2 2 adj. i m. i f. [LC] [DR] Casat amb una vídua o amb un vidu. [DIEC]

bigamie: nom féminin. Marque de domaine : droit canon. *Bigamie successive* (vieilli), remariage après décès du conjoint. [DAF]

bigamie: subst. fém. **A.**— *DR. CANON. 1.* Second mariage après un veuvage ou mariage en premières nocés avec une veuve. [TLFi]

bigamia: s. f. Con altro senso, nel linguaggio eccles. e in diritto canonico, *b. successiva*, le seconde nozze. [Treccani]

bigamo: A s. m. (f. -a) †Chi legittimamente ha ripreso moglie. [Zingarelli]

Exemplario 5

bigamia: substantivo feminino. Estado de quen está unido en matrimonio con dúas persoas a un tempo. *A bigamia non está permitida no noso país.* [DRAG]

bigamia: s. f. Estado de quen está casado con dúas persoas ó mesmo tempo. [GDXL]

bigamia: 1. f [DER] Estado da persoa unida matrimonialmente a outras dúas persoas ao mesmo tempo. [DIGALEGO]

bigamo, ma: adxectivo. Que se atopa en situación de bigamia. *Acusárono de bigamo.* Tamén substantivo *O avogado defensor do bigamo solicitou a suspensión da audiencia.* [DRAG]

bigamo, ma: adx. e s. Persoa que está casada con outras dúas ó mesmo tempo. 2. Persoa que casou por segunda vez sen disolver o matrimonio anterior. [GDXL]

bigamia: nome feminino. Estado de quem está casado simultaneamente com duas pessoas. [Infopédia]

bigamia: nome feminino. Estado de quem tem ao mesmo tempo dois consortes. [Priberam]

bigamia: s. f. Estado em que, ainda presa ao vínculo conjugal anterior, uma pessoa realiza um novo casamento. [Michaelis]

bigamia: s. f. 1 realização de novo casamento, sem que se tenha dissolvido o anterior. [Constitui crime se confirmada a existência anterior de casamento válido.] [DHLP]

bigamo: adj.s.m. que ou aquele que tem dois cônjuges simultaneamente. [DHLP]

bigamo, ma: 1. adj. Casado con dos personas a la vez. U. t. c. s. [DLE]

bigam, ma: 1 1 adj. i m. i f. [DR] [AN] Que està casat amb dues persones simultàniament. 1 2 adj. i m. i f. [LC] [DR] Que ha contret un segon matrimoni no estant legalment dissolt el primer. [DIEC]

bigamie: nom féminin. État d'une personne qui contracte un second mariage alors que le précédent n'est pas dissous. (En France, la bigamie est un délit, et le second mariage est entaché de nullité absolue.) [Larousse]

bigamie: nom féminin. Situation d'une personne qui contracte un second mariage alors que le premier n'est pas dissous. *La bigamie est un délit. Il fut accusé de bigamie.* [DAF]

bigamie: subst. fém. B.— *DR. CIVIL.* État de celui qui a deux femmes légitimes en même temps. *Être accusé de bigamie ; crime de bigamie.* —*Rare.* [En parlant d'une femme qui a deux époux]. —*P. ext.* Homme marié qui a une concubine. [TLFi]

bigamie: n. f. Dans les sociétés occidentales, Situation d'une personne ayant contracté un second mariage sans qu'il y ait dissolution du premier. [Petit Robert]

bigame: adjectif et nom. Qui est marié à deux personnes en même temps. [Larousse]

bigame: adj. masc. et subst. masc. B.— *DR. CIVIL.* 1. Qui a deux femmes légitimes en même temps. 2. Celui qui, en trompant l'état civil, a deux épouses simultanées. —*P. ext.* Homme marié vivant avec une concubine. [TLFi]

bigame: adj. et n. Qui est marié à deux personnes en même temps. *Il est bigame. Une bigame.* [Petit Robert]

bigame: adjectif. Qui est marié en même temps à deux personnes. *Elle est bigame.* Subst. *Autrefois, les bigames étaient punis de mort.* Marque de domaine : droit canon. Personne qui, étant déjà mariée valablement, a contracté une autre union, même purement civile, du vivant de son conjoint. [DAF]

bigamia: s. f. L'essere bigamo, l'avere contemporaneamente due mogli, o due mariti, come reato di chi (uomo o donna), essendo già legato in matrimonio, ne contrae un altro, o di chi, non essendo coniugato, contrae matrimonio con persona già legata dal matrimonio. [Treccani]

bigamo: A s.m. (f. -a) 1. (dir.) Secondo l'ordinamento civile chi, già coniuogato, contrae un altro matrimonio avente effetti civili o, non coniuogato, contrae matrimonio avente effetti civili con persona già coniuogata. | Secondo l'ordinamento canonico, chi, legato da matrimonio religioso, ne contrae un segundo anche solo con rito civile. 2. Correntemente, chi ha due mogli. B anche agg. *Uomo* -. [Zingarelli]

bigamy: noun law: the act of entering into a marriage with one person while still legally married to another - *was accused of bigamy*. [Webster]

bigamous: adjective A bigamous marriage is one in which one of the partners is already legally married to someone else. [Collins]

bigamous: adjective married to someone while already legally married to someone else, or used to describe a relationship involving someone like this: *She wasn't ready to tell the story of her bigamous husband. A bigamous marriage*. [Cambridge]

Exemplario 6

bigamia: 3 f [DER] Delito que consiste en contraer un segundo ou ulterior matrimonio sen estar legalmente disolto o anterior. [DIGALEGO]

bigamia: s.f. 1 (dir.) Reato comesso dal bigamo. [Treccani]

bigamy: noun the crime of marrying a person while already legally married to someone else: *In court, he admitted that he had committed bigamy*. [Cambridge]

bigamous: adjective 1: guilty of bigamy - *a bigamous man*. [Webster]

Exemplario 7

poligamia: s.f. Hoy se toma por el estado del que sucesivamente ha tenido varias mugeres. [DRAE-1780]

polígamo: s.m. El que tiene á un tiempo muchas mugeres, ó sucesivamente las ha tenido. [DRAE-1780]

polígamo, ma: 2. adj. p. us. Casado sucesivamente varias veces. U. t. c. s. [DLE]

Exemplario 8

poligamia: substantivo feminino 1. Situación da persoa que está unida a varias do sexo oposto ao mesmo tempo [...]. [DRAG]

poligamia: s.f. 1. Unión conxugal dunha persoa con dúas ou máis ó mesmo tempo [pode ser bigamia, poliandria ou polixinia]. [GDXL]

poligamia: 2. f Unión matrimonial dun individuo con dous ou máis individuos doutro sexo. [DIGALEGO]

polígamo, ma: adx. 2. Que presenta poligamia. Tamén substantivo [persoa]. *Acusárono de polígamo.* [DRAG]

polígamo, ma: 1. adx. Que practica a poligamia. 2. Que mantén relacións sexuais con máis dunha persoa nun mesmo período de tempo. Tm s. [DIGALEGO]

poligamia: nome feminino 1. Multiplicidade simultânea de mulheres para um marido ou de maridos para uma mulher (neste caso diz-se antes poliandria). [Priberam]

poligamia: s.f. 1. união conjugal de uma pessoa com varias outras. [DHLP]

polígamo: adj.s.m. 1 diz-se de ou persoa casada com mais de um cónjuge. [DHLP]

polígamo: adj 2 Antrop Que tem mais de um cónjuge simultaneamente. *Em alguns países da África, muitos homens são polígamos.* [Michaelis]

poligamia: s.f. El estado de un hombre casado con muchas mugeres á un tiempo, como en lo antiguo se permitía, y lo usan los infieles. [DRAE-1780]

polígamo, ma: 1. adj. Dicho de una persona: Casada o emparejada con varias personas a la vez. U. t. c. s. [DLE]

polygamie: nom féminin État d'un homme ou d'une femme qui a plusieurs conjoints, par opposition à *Monogamie* ou, couramment, à *Bigamie* [...]. [DAF]

polygamie: nom féminin 1. Fait d'être marié à plusieurs conjoints, soit pour un homme (*polygynie*), soit pour une femme (*polyandrie*) [...]. (En France, la polygamie est un délit puni par la loi.) 2. Fait, pour un homme, d'être marié simultanément à plusieurs femmes. [Larousse]

polygame: adjectif et nom 1. Se dit d'une personne (homme ou femme) mariée simultanément à plusieurs femmes, à plusieurs hommes. [Larousse]

polygame: adj. A.— 1. [En parlant d'un homme ou, plus rarement, d'une femme] Que des liens légitimes unissent à deux ou plusieurs conjoints vivants. *Le mahométan polygame peuple son paradis de femmes* (MAUPASS., *Contes et nouv.*, t.2, Lég. Mt St-Michel, 1882, p.1253).

Rem. Dans ce sens, pour qualifier une femme, on emploie plus couramment *polyandre*.

— *Empl. subst. Signe de richesse chez les polygames, donc de convoitise, elle [la femme] ne pouvait être mieux protégée chez les musulmans que par le port du voile et le confinement* (*Tiers Monde*, 1956, p.145). [TLFi]

polygame: n. et adj. DIDACT. 1. Homme uni à plusieurs femmes, femme unie à plusieurs hommes à la fois, en vertu de liens légitimes. *Un, une polygame.* — adj. *Musulman, mormon polygame. Tibétaine polygame.* [Petit Robert]

poligamia: s. f. 1. In antropologia sociale, unione matrimoniale plurima sia di un uomo con più donne (*poliginia*), sia di più uomini con una donna (*poliandria*). [Treccani]

poligamia: s.f. 1. Unione coniugale di un uomo con più donne o di una donna con più uomini. [Zingarelli]

polygamy: noun 1. marriage in which a spouse of either sex may have more than one mate at the same time. [Webster]

polygamy: uncountable noun the fact or custom of being married to more than one person at the same time. [Cambridge]

polygamous: adjective married to more than one person at the same time, or relating to this practice. [Cambridge]

Exemplario 9

poligamia: substantivo feminino 1. [...] así como o réxime xurídico e familiar que permite e recoñece esta unión. *Nalgúns pobos aínda está vixente a poligamia. Na nosa sociedade a poligamia é un delito.* [DRAG]

poligamia: nome feminino 1. sistema de organización familiar em que uma pessoa tem varios cônjuges ao mesmo tempo. [Infopédia]

poligamia: s.f. 2 SOC costume socialmente aceito em certas sociedades que permite esse tipo de unión. [DHLP]

poligamia: 1 Antrop Forma de casamento em que uma pessoa tem varios cônjuges ao mesmo tempo: *A poligamia faz parte de algumas culturas na África.* [Michaelis]

poligamia: 2. f. Régimen familiar en que se permite, generalmente al varón, la pluralidad de cónyuges. [DLE]

polygamie: nom féminin [...] mode d'organisation sociale reconnaissant la légitimité d'unions multiples, généralement d'un homme avec plusieurs femmes. *La polygamie, reconnue par certaines religions, fréquente dans plusieurs pays d'Asie et d'Afrique, est condamnée par la loi française. Les mormons pratiquent la polygamie.* [DAF]

polygamie: nom féminin 1. [...] organisation sociale légitimant de telles unions. (En France, la polygamie est un délit puni par la loi.) [Larousse]

polygamie: subst. fém. A.— Forme de régime matrimonial qui permet à un époux d’avoir simultanément plusieurs femmes (*polygynie*) ou, plus rarement, à une épouse d’avoir simultanément plusieurs maris (*polyandrie*). Anton. *monogamie*. [*Chez les Indiens de la côte du Pacifique*] la polygamie était relativement rare, mais elle était permise aux hommes de haut rang (PAGE, *Dern. peuples primit.*, 1941, p. 114). La polygamie africaine se continue, chez les descendants d’esclaves, sous la forme de la multiplicité des amantes, chacune vivant dans un quartier différent (*Traité sociol.*, 1968, p. 329). [TLFi]

polygamie: n. f. [...] organisation sociale reconnaissant les unions légitimes multiples et simultanées. *En France, la polygamie est punie par le Code pénal*. [Petit Robert]

polygamy: uncountable noun Polygamy is the custom in some societies in which someone can be legally married to more than one person at the same time. [Collins]

polygamous: adjective In a polygamous society, people can be legally married to more than one person at the same time. *There is growing concern that wives in polygamous marriages are unaware that they have no legal rights*. [Collins]

Exemplario 10

poliandria: substantivo feminino 1. Estado da muller casada legalmente con varios homes ao mesmo tempo. *A poliandria circunscribese á zona do Tíbet e á rexión meridional da India*. [DRAG]

poliandria: s.f. 1 estado de uma mulher casada simultaneamente com vários homens. [DHLP]

poliandra: adjetivo, nome feminino que ou mulher que tem mais de um marido, ao mesmo tempo. [Infopédia]

poliandra: adjectivo feminino Que tem mais de um marido ao mesmo tempo. [Priberam]

poliandria: 1. f. Estado de la mujer casada simultáneamente con dos o más hombres. [DLE]

polyandrie: nom féminin État d'une femme mariée à plusieurs hommes [...]. [DAF]

polyandrie: nom féminin 1. Cas particulier de la polygamie, dans lequel une femme peut avoir plusieurs maris. Synonymes: *bigamie*, *polygamie*. [Larousse]

polyandrie: n. f. DIDACT. 1. Le fait pour une femme d'avoir simultanément plusieurs maris. [Petit Robert]

polyandre: adjectif Qui a plusieurs époux. *Une femme polyandre*. Par métonymie. *Les sociétés polyandres des îles Marquises*. [DAF]

polyandre: adj. Se dit d'une femme qui a plusieurs maris en même temps. [Larousse]

polyandre: adj. DIDACT. 1. Qui a plusieurs maris simultanément. *Femme polyandre*. [Petit Robert]

polyandry: noun the state or practice of having more than one husband or male mate at one time. [Webster]

polyandry: noun 1. the practice or condition of being married to more than one husband at the same time. [Collins]

Exemplario 11

poliandria: s.f. 1. Sistema matrimonial poligámico no que unha muller pode ter legalmente varios maridos. [GDXL]

poliandria: 1. f [ETN] Sistema matrimonial poligámico segundo o que unha mesma muller pode unirse legalmente con máis dun home. [DIGALEGO]

poliandria: nome feminino 1. tipo de organización familiar em que a muller tem vários maridos ao mesmo tempo, geralmente o irmão ou irmãos do primeiro marido. [Infopédia]

poliandria: sf 2 SOCIOL Forma de matrimônio de uma mulher com vários homens. [Michaelis]

poliàndria: 1 f. [AN] [LC] Unió matrimonial d'una dona amb més d'un home simultàniament. [DIEC]

polyandrie: nom féminin mode d'organisation sociale reconnaissant cet état. *La polyandrie est un cas particulier de la polygamie.* [DAF]

polyandrie: subst. fém. A.— *SOCIOL., ANTHROPOL.* Forme de régime matrimonial qui permet l'union légitime d'une femme avec plusieurs hommes. Synon. *polygamie*. *Les sociétés commencent par la polygamie et finissent par la polyandrie... L'homme baise et la femme monte; c'est fatal!* (GONCOURT, *Ch. Demailly*, 1860, p. 200). *Quant à la polyandrie, elle s'établit dans des pays misérables comme le Thibet, où plusieurs hommes doivent unir leurs forces pour nourrir une femme et sa progéniture* (MAUROIS, *Sil. Bramble*, 1918, p. 127). V. *polygamie* ex. 1: *La polyandrie est très rare en tant qu'institution établie. Beaucoup de tribus primitives permettent, il est vrai, à la femme d'avoir des relations sexuelles avec plus d'un homme. Mais cela implique uniquement la pluralité des rapports sexuels et non le mariage plural.* LOWIE, *Anthropol. cult.*, trad. par E. Métraux, 1936, p. 269. — *P. anal., rare.* Situation d'une femme qui a plusieurs amants. [TLFi]

poliandria: s. f. 1. In antropologia sociale, struttura matrimoniale e familiare plurima, formata dall'unione, socialmente riconosciuta e pertanto legittima, di una donna con più uomini, tradizionale soprattutto tra alcuni gruppi tibetani (Nyinba, del Nepal) e dell'India (Toda): *p. adelfica* o *fraterna*, il caso più diffuso di poliandria che si ha quando i mariti di una donna sono tra loro fratelli; *p. poliginica*, quella in cui, in caso di sterilità della donna, l'unione poliandrica viene estesa ad altra donna che viene associata alla prima sposa come «con-moglie». Per estens., il termine è usato anche con riferimento a situazioni occasionali e illegittime. [Treccani]

poliandria: (2) s.f. Istituzione sociale per cui una donna ha contemporaneamente più mariti. [Zingarelli]

polyandry: noun the state or practice of having more than one husband or male mate at one time. [Webster]

polyandry: noun 1. the practice or condition of being married to more than one husband at the same time. [Collins]

polyandry: noun SOCIAL SCIENCE the practice of having more than one husband or permanent male sexual partner at the same time. [Cambridge]

Exemplario 12

poliginia: nome feminino 2. Estado de um homem que está casado com muitas mulheres. [Priberam]

poliginia: sf 1 Sociol Condição de um homem casado com diversas mulheres simultaneamente. [Michaelis]

poliginia: s.f. 1 estado de um homem casado simultaneamente com várias mulheres. [DHLP]

polygynie: subst. fém., dér. « Fait, pour un homme, de prendre plusieurs épouses, conformément à une règle sociale ». *Le mariage plural avec une femme et sa fille d'un autre lit, forme de polygynie habituellement associée au mariage matrilatéral avec filiation matrilineaire* (LÉVI-STRAUSS, *Anthropol. struct.*, 1958, p. 137). *Polygynie sororale. Beaucoup de tribus allèguent en faveur de la polygynie sororale le fait que les épouses d'un homme ne se querellent jamais si elles sont sœurs* (LOWIE, *Anthropol. cult.*, 1936, p. 276). [TLFi, s.v. -gyne]

polygyny: noun the state or practice of having more than one wife or female mate at a time. [Webster]

polygyny: noun 1. the practice or condition of being married to more than one wife at the same time. [Collins]

Exemplario 13

polixinia: s.f. 1. Sistema de matrimonio polígamo polo cal unha persoa pode estar casada con varias simultaneamente. [GDXL]

polixinia: 2. f Sistema matrimonial poligámico polo que un home pode unirse legalmente a máis dunha muller. [DIGALEGO]

poliginia: nome feminino 2. tipo de organización familiar em que o marido pode ter, legalmente, várias esposas. [Infopédia]

poliginia: sf 2 Antrop, Etnol Costume ou regra que legitima essa prática. [...] **Poliginia sororal**, Antrop, Etnol: Costume que considera legítimo o casamento de um homem com mulheres que sejam irmãs. [Michaelis]

poliginia: 1. f. Régimen familiar en el que el hombre tiene varias esposas al mismo tiempo. [DLE]

poligínia: f. [AN] [ZOA] Unió matrimonial d'un home amb més d'una dona simultàniament. [DIEC]

polygynie: nom féminin 1. Cas particulier de la polygamie, dans lequel un homme peut avoir plusieurs épouses. [Larousse]

polygynie: subst. fém. Régime matrimonial qui admet l'union simultanée d'un homme avec plusieurs femmes. Synon. usuel *polygamie*. *À l'origine, la polygynie n'est pas plus due à la sensualité masculine qu'elle n'est considérée comme dégradante pour les femmes* (LOWIE, *Anthropol. cult.*, trad. par É. Métraux, 1936, p. 268). V. *polygamie* ex. 1. **Rem.** Pour un autre sens, v. *infra* I A 16. **polygyne**: adj., dér. Qui pratique la polygynie. *Communauté polygyne. S'il y a une douzaine de clans, un homme peut se marier dans l'un des onze autres groupes, et chez les peuplades polygyne, il prend femme dans plusieurs clans à la fois* (LOWIE, *Anthropol. cult.*, trad. par É. Métraux, 1936, p. 286). [TLFi, s.v. *poly-*]

poliginia: s. f. 1. In antropologia sociale, unione matrimoniale plurima di un uomo con due o più donne, riconosciuta quale istituzione sociale legittima in diverse culture; in molte società dove vige la poliginia ogni sposa, o «con-moglie», costituisce, insieme con la propria prole, un gruppo sociale ed economico distinto, da molti considerato la configurazione minima di famiglia nucleare. [Treccani]

poliginia: s.f. 1. (etnol.) Istituzione sociale per cui un uomo ha contemporaneamente più mogli. [Zingarelli]

poliginico: agg. Attinente alla poliginia, che pratica la poliginia: *società, tribù poliginica*. [Treccani]

polygyny: noun the state or practice of having more than one wife or female mate at a time. [Webster]

polygyny: noun 1. the practice or condition of being married to more than one wife at the same time. [Collins]

polygyny: noun SOCIAL SCIENCE the practice of having more than one wife or permanent female sexual partner at the same time. [Cambridge]

PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN PARA A MOTIVACIÓN LINGÜÍSTICA

Martín Luna Pérez¹

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

martin.luna.perez@gmail.com

Resumo: Este artigo examina o concepto de motivación lingüística e propón un sistema de clasificación fundamentado nas relacións entre os compoñentes do signo lingüístico. A través dunha revisión da evolución histórica do concepto nos autores máis relevantes, establécense as bases para comprender como os signos lingüísticos se relacionan coas súas formas, significados e coa realidade extralingüística que representan. A partir desta análise, propónse un sistema de clasificación que distingue entre tipos de motivacións intralingüísticas, orixinadas no seo do sistema lingüístico, e de motivacións extralingüísticas, xurdidas no proceso de creación e modificación dos signos. Esta clasificación ilústrase con exemplos de fenómenos como a polisemia e a onomatopea, que revelan a complexidade das relacións semióticas. O obxectivo desta proposta é establecer un marco teórico sólido para futuras investigacións sobre a motivación lingüística, así como asentar as bases para a súa aplicación na cartografía motivacional.

Palabras chave: motivación, arbitrariedade, extralingüístico, intralingüístico, clasificación.

Title: Classification proposal for linguistic motivation.

Abstract: This article explores the concept of linguistic motivation, proposing a classification system based on the relationships between the components of the linguistic sign. By examining the concept's historical evolution through key authors, we establish a foundation for understanding how linguistic signs relate to their

1 Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

meanings, signifiers and the external reality they represent. This analysis leads to a proposed classification system distinguishing between intralinguistic motivations (originating within the language system) and extralinguistic motivations (arising during sign creation and modification). We illustrate this classification through examples such as polysemy and onomatopoeia, revealing the complexity of semiotic relationships. The aim of this proposal is to establish a robust theoretical framework for future research on linguistic motivation and to pave the way for its application in motivational mapping.

Key words: motivation, arbitrariness, extralinguistic, intralinguistic, classification.

1. Presentación

O concepto de motivación lingüística vén de vello. Xa na antiga Grecia existía unha discusión sobre a natureza da linguaxe, que enfrontaba aqueles que defendían a existencia dunha relación intrínseca entre o son e o sentido das palabras con aqueles que consideraban que o que primaba era o consenso social, e que era precisamente isto o que posibilitaba a comunicación (García Manga 2012).

A cuestión seguiu vixente durante a Idade Media, nun tempo en que os académicos debatían, entre outras cousas, sobre a regularidade das linguas e sobre conceptos como a polisemia e o seu encaixe nunha realidade que, a priori, se consideraba que debía ser regular. Tíñase unha percepción practicamente mecanicista da lingua (García Manga 2012).

Non sería ata finais do século XIX e comezos do XX, cando Ferdinand de Saussure, no seu tratamento da semiótica, puxo sobre a mesa a noción de arbitrariedade e motivación do signo lingüístico. Estes conceptos foron amplamente utilizados, pero non se afondou o suficiente sobre o seu funcionamento na lingua. Os estudos sobre a motivación do signo son relativamente novidosos, con moitas cuestións aínda pendentes de analizar, e que as ciencias modernas consideran cuestións transversais que deben tratarse co auxilio da neurolingüística e da socioloxía.

Un dos lingüistas modernos que dedicou parte do seu traballo ao estudo da motivación foi o italiano Mario Alinei. Pese a ser principalmente un dialectólogo, Alinei realizou diversos estudos sobre este tema e mesmo chegou a realizar unha proposta para uns principios básicos da teoría motivacional (Alinei 1997).

Seguindo a súa liña argumental a favor de considerar o campo das motivacións como unha área propia definida e diferenciada dentro da lingüística, Alinei, como bo dialectólogo, promoveu tamén a cartografía motivacional, para plasmar as diversas motivacións ás que responden as denominacións dun concepto sobre un mapa que mostra a área ou os puntos xeográficos en que existe cada motivación. A análise da distribución xeográfica das motivacións permitirlle tirar conclusións de moi diverso tipo. Cando na década dos 70 do século pasado se puxo en marcha o *Atlas Linguarum Europae* (ALE), un proxecto patrocinado pola UNESCO que pretendía dar conta do *continuum* lingüístico de todo o continente europeo, defendeu a importancia de adoptar na elaboración deste atlas unha metodoloxía motivacional, xa que o estudo das motivacións botaría luz sobre primitivas unidades culturais que desapareceron ao longo da historia. Co decorrer do proxecto, comezouse a traballar neste enfoque motivacional, mais nunca se chegou a seguir un criterio ben definido e sistemático. A esta falta de sistematicidade na organización e no tratamento dos datos no conxunto da obra contribuíu, sen dúbida, o feito de que estemos diante dun proxecto colectivo, no que participa un número moi amplo de investigadores de distintos ámbitos territoriais e con distintas tradicións, que non é fácil coordinar.

A metodoloxía motivacional foi adoptada tamén polo *Atlas Linguistique Roman* (ALiR), proxecto que naceu no seo do ALE e que se centra na variedade dialectal das linguas románicas.

Este traballo pretende modestamente contribuír ao establecemento dunha clasificación inicial dos distintos tipos de motivación para artellar e unificar a información existente neste aspecto no ALiR. Con todo, queremos deixar claro que o que se suxire aquí é unha proposta, que deberá enriquecerse con outras achegas e revisarse segundo se expandan ou evolucionen os estudos nesta área.

2. O concepto de motivación

2.1. Fundamento lingüístico

Para entender a nosa análise e a nosa proposta pódenos axudar o esquema de Olostiak (Ilustración 1), que comentaremos brevemente:



Ilustración 1. Olostiak 2019.

Neste esquema o primeiro que destaca é a clara separación entre a esfera extralingüística, é dicir, aqueles elementos que non están dentro do sistema lingüístico, pero que inciden nel, e a intralingüística, na que se inclúen os que están, pola súa natureza, dentro do sistema. Cómpre sinalar que, aínda que exista esta diferenciación, moitos dos seus elementos, sexan dunha esfera ou doutra, están intimamente relacionados (cfr., por exemplo, a relación que se dá entre os compoñentes do signo lingüístico —esfera da linguaxe— e o referente —esfera extralingüística—, ou entre o significado que forma parte do signo lingüístico e os elementos extralingüísticos, como os falantes ou a sociedade na que se usa). É, polo tanto, un modelo que presenta unha visión bilateral da realidade, parafraseando o propio Olostiak (2019).

Nesta concepción, o elemento central do esquema é o signo lingüístico, baseado no esquema do signo como triángulo semiótico (Ogden e Richards 1923), composto por tres partes principais, aquí denominadas forma, significado e referente. Este triángulo pode relacionarse con outros triángulos cos que comparte elementos.

Na imaxe que se presenta a continuación pódese observar un caso de polisemia, na cal a forma é compartida por dous signos, mais con referentes diferentes (Ilustración 2).



Ilustración 2. Creación propia

Outro exemplo de relación semiótica, presente máis abaixo, serían dous signos, co mesmo referente, o mesmo significado, pero diferentes formas. Este fenómeno dáse particularmente, aínda que non en exclusiva, no campo da terminoloxía (Ilustración 3).




Ilustración 3. ▷
Creación propia

Podemos ver, entón, que o esquema triangular do signo lingüístico pode presentar varios niveis e relacións entre as partes.

Seguindo co esquema de Olostiak, o significado e a forma estarían nunha relación intralexemática, posto que ambos os elementos operan dentro da unidade léxica. Estes dous, á vez, relaciónanse cun elemento exterior, sexa como realidade física —como unha mesa ou a choiva— ou como percepción —un sentimento, como o amor ou a ira— ou mesmo categorizacións —tempos verbais, accións—, que a priori existen fóra da esfera lingüística e que denominamos referente. Pese a que a cuestión da diferenza entre lingua e cognición é un tema moi debatido, para este traballo asumiremos unha das posicións máis defendidas pola lingüística cognitiva moderna: a lingua está intimamente relacionada coa cognición, e é unha ferramenta crítica para esta, pero ambas as dúas constitúen elementos diferenciados. Un exemplo disto é a noción de concepto como elemento que transcende a esfera lingüística (Kostina 2010). Tendo isto en conta e volvendo ao esquema, entre este referente e o significado existe unha relación paralexemática, é dicir, unha relación entre o elemento externo e os trazos que o definen e que están contidos na dita forma. É, amais, unha relación obrigatoria a que se dá entre significado e referente, mais non coa forma. Isto é así porque podemos percibir un referente, asignarlle un significado, mais non unha forma, polo menos de primeiras. De feito, isto está relacionado coa noción de concepto que se nomeou anteriormente.

É importante, xa que logo, ter tamén en conta que non todas as formas dunha lingua teñen, segundo o esquema do signo, un referente no mundo real, aínda que si teñan un obxecto, mesmo se ese obxecto está «baleiro». Así, por exemplo, aquelas palabras chamadas de significado gramatical, como as preposicións, non terían un referente obxecto real, senón que achegan información máis abstracta, máis conceptual. Do mesmo xeito, un pronome non tería un referente específico, senón que dependería do obxecto, entendido no sentido máis amplo, que teña como referente. Nese caso, o seu uso sería eminentemente pragmático.

Como se pode ver no esquema anterior, a unidade léxica tamén garda relacións con outros signos dentro da esfera lingüística:

pode ser interlexemática, é dicir, que se dá a nivel sintagmático, por exemplo, a estrutura dunha colocación; ou intralexemática, que se dá a un nivel paradigmático, como os casos de sinonimia ou hiponimia. Do mesmo xeito, existe unha interrelación entre ambas, inter e intralexemática, en tanto que as relacións entre palabras como unidades léxicas determinan a combinación sintagmática que se establece entre elas, tal como nun sintagma substantivo típico cun modificador adxectivo.

Por último, o signo pode gardar relacións extralexemáticas, é dicir, relacións con entidades que non pertencen á esfera da linguaxe pero que poden influír nela. Un caso sería a sociedade e unha manifestación, o fenómeno do tabú. Outro sería a propia realidade que se quere representar mediante o signo; sirva de exemplo o son dun animal ou un obxecto, sobre o que posteriormente se artellará o signo, como é o caso da onomatopea.

A respecto disto, e para a clasificación que nos ocupa, é importante ter moi clara a diferenza entre aqueles elementos que operan dende dentro da esfera lingüística e aqueles que o fan dende fóra, posto que este será o punto de partida da clasificación.

2.2. *Definición para unha clasificación*

Tendo en conta o modelo de Olostiak, podemos aproximarnos ao concepto de motivación lingüística como á razón pola cal os falantes dun sistema lingüístico establecen relacións entre un referente, é dicir, un obxecto, idea ou entidade, e a súa forma lingüística, o signo que se utiliza para representalo. Ademais, nalgúns casos, tamén se considera o significado que se lle atribúe a esa forma lingüística. Noutras palabras, a motivación lingüística sería unha sorte de causa que explica por que existe unha relación específica entre unha forma lingüística e o seu referente. Isto ocorre dentro dun proceso mental que media a relación entre o suxeito —o falante ou a persoa que percibe— e o mundo que o rodea —esfera extralingüística—, así

como entre este suxeito e outros seres humanos. Para comprendelo mellor, García Manga (2012) expón a seguinte idea:²

A esencia da linguaxe enténdese como mediadora e produto da interacción do suxeito co mundo, polo que a súa natureza está plenamente motivada pola estrutura do cerebro e as interaccións co mundo. A significación, entón, non procede da abstracción de propiedades obxectivas da realidade, senón da estruturación interna do cerebro, mais tampouco subxectivamente, posto que debe ser compartida por toda a comunidade de falantes para que sexa posible a comunicación. Non é posible unha relatividade absoluta da significación.

A motivación será, polo tanto e dende outro ángulo, esta noción que se opón á relatividade da significación. Para comprender este concepto é necesario ter en conta a idea de arbitrariedade do signo lingüístico, idea debullada xa por Saussure, segundo a cal o signo é principalmente e a priori arbitrario, é dicir, inmotivado e convencional. Non existe unha razón definitoria para a relación entre o significado e a forma. De feito, para o suízo, a motivación é unha sorte de caso extremo desa arbitrariedade, na que pode existir certa causalidade (Saussure 1945). Tamén é necesario salientar, tal e como apunta Furdík (2008), que Saussure presenta unha visión semasiolóxica do signo, é dicir, da forma ao contido, e non parece ter en conta a visión oposta, do contido á forma. Partindo disto, a forma específica dun signo, salvo casos moi particulares como as onomatopeas, dificilmente nos fará remitirnos directamente ao referente se non coñecemos o dito signo. Mais a linguaxe non funciona nunha soa dirección, senón que é multidireccional: a relación entre as partes constitutivas do signo dáse en varias direccións á vez; e tamén é multidimensional, en tanto que tamén existen relacións intrínsecas entre diferentes signos en todas as direccións. Un caso claro sería o da construción das nocións de home e de muller, na cal cada unha tende a construírse pola oposición coa outra. Ás veces, esa relación dáse incluso a nivel formal, como se pode ver no inglés *male*, forma base para o masculino, a partir da que se deriva *female*

2 Tradución ao galego do autor do artigo.

para o feminino. Este padrón lingüístico reflicte unha relación formal e estrutural entre os termos que vai máis aló da simple asignación dunha denominación.

Ademais, estas construcións binarias poden verse influenciadas por factores sociais, culturais e históricos que complican aínda máis a percepción dos signos como entidades fixas e independentes. A linguaxe reflicte e perpetúa visións e estruturas complexas da realidade, demostrando así a súa natureza multidimensional e multidireccional. Atendendo a esta visión complexa e interrelacionada dos signos, resulta complicado aceptar a teoría saussuriana do signo lingüístico, que o ve principalmente como arbitrario.

Seguindo esta liña de pensamento, estudosos máis modernos do concepto da motivación enténdena como unha gradación, é dicir, establecen que a relación entre forma e referente pode ser máis ou menos motivada ou, se se prefire, máis ou menos arbitraria dependendo de diversos factores. Así, en xeral, podemos dicir que moitas formas están máis ou menos motivadas e, en todo caso, a arbitrariedade como concepto absoluto non é algo habitual. Este é, por exemplo, o punto de vista de Lakoff (1987) ou o de Radden e Panther (2004). Daquela, a motivación é a razón, ás veces subxacente, que determina a relación entre as partes do signo lingüístico, principalmente referente e forma —significante—, sexa no grao que sexa.

Por outra banda, e tal e como apunta Furdík (2008), a motivación pode ser cambiante, dinámica. A motivación dunha forma pode desaparecer e unha forma pode perder unha motivación e adquirir outra, como ocorre nas remotivacións. Por exemplo, unha palabra pode ter unha motivación claramente onomatopeica, evolucionar foneticamente nunha forma que os seus falantes xa non recoñezan como tal e, posteriormente, por relacións paradigmáticas cunha realidade nova, adquirir unha nova motivación. Podemos ver de novo neste caso como esta motivación non só está relacionada co signo pola forma, senón tamén potencialmente co significado. O caso dos tabús ou das motivacións terminolóxicas apuntan nesta dirección. Un exemplo ilustrativo sería a palabra *bárbaro*. O vocábulo, procedente do grego, denominou nalgún momento, segundo Estrabón, aquelas persoas que non falaban grego e que, polo tanto,

producían un son difícil de comprender (RAE *s.v.* bárbaro). Co tempo, esa onomatopea pasou a designar pobos alleos ao propio, ou persoas cuns trazos determinados, en moitos casos relacionados con aspectos negativos como a inhumanidade ou a grosería. Con todo, seguramente os falantes modernos que empreguen este signo para denominar alguén groseiro non han percibir xa a súa motivación onomatopeica, posto que tanto esta coma a súa forma evolucionaron en estadios posteriores.

En relación ao anterior, merece unha atención especial o concepto de remotivación que, se ben se dá en certo sentido en moitos casos, como o da etimoloxía popular, cobra unha especial relevancia nas formas compostas e parasintéticas. Estas palabras fórmanse para designar unha realidade empregando elementos semánticos e léxicos que xa existen. Por exemplo, na forma *sapoconcho* os elementos *sapo* e *concho* forman un novo signo lingüístico que denomina un animal, que presenta certas similitudes cos elementos constituíntes *sapo* e *cuncha*. Neste caso poderíamos dicir que se trata dunha motivación composta, de dous elementos intralingüísticos: *sapo*, que sería unha criatura, e *cuncha*, que sería unha parte do corpo.

Cando determinamos a motivación dun elemento lingüístico, en moitos casos podemos seguir analizando a motivación de cada unha das partes, dado que cando é intralingüística non deixa de implicar unha remotivación de elementos xa existentes no sistema (intralingüísticos). Daquela, poderíamos enmarcar *sapo* dentro das motivacións extralingüísticas se asumimos a teoría que explica a dita forma como unha relación onomatopeica que se dá co son que fai o animal cando entra na auga, *sap! sep!*, ou semellante (Anders 2024). Non obstante, consideramos que, para efectos de análise, o correcto é ir por capas motivacionais. Isto é: no caso dunha motivación composta, o correcto sería ocuparse da motivación inmediata das partes que forman a dita forma composta: o novo signo, co seu significado correspondente. No caso de *sapoconcho*, con *sapo* e *concho*, atendendo á relación paradigmática do primeiro como forma e do segundo como parte do corpo. Posteriormente, poderíase realizar outra análise da motivación, por separado, das partes que o forman, co fin de chegar a motivacións máis primixenias, como a de *sapo* como motivación onomatopeica. Porén, esta análise motivacio-

nal non debería ser a de *sapoconcho*, senón a de *sapo*. Polo tanto, as motivacións e remotivacións implican estadios ou capas diferentes na evolución dos signos lingüísticos e, xa que logo, deben analizarse cada unha por separado, dado que, amais, a motivación dun elemento composto pode non ser a mesma que a do mesmo elemento illado. Teríamos, entón, motivacións en varios niveis.

O concepto de remotivación está intimamente relacionado coa función do signo lingüístico, que depende do lugar que este ocupa dentro do sistema sígnico, a maneira en que interactúa con outros signos e, igualmente, o seu papel no discurso. Polo tanto, cando xurda un novo obxecto non integrado no sistema de signos, ou unha variación funcional nunha parte deste, as propias motivacións poderían cambiar, dando lugar a procesos motivacionais ou remotivacionais.

3. Clasificación das motivacións

Tendo en conta as reflexións realizadas trataremos de facer unha proposta de clasificación das motivacións. Como xa indicamos, estas pódense clasificar segundo a súa orixe, en motivacións intralingüísticas —as que parten do interior do sistema lingüístico— e extralingüísticas —as que parten do exterior do sistema lingüístico—. Este segundo tipo ilustrarían as palabras onomatopéicas, que consistirían na imitación dun elemento sonoro que existe na realidade ou, seguindo o esquema de Olostiak, na esfera extralingüística, como elemento que garda co signo unha relación extralexemática. Un exemplo claro do primeiro tipo serían os termos parasintéticos, que xorden de combinar signos que xa existen na esfera da linguaxe e que serían remotivacións dunha forma que xa ten unha motivación no sistema. Este é un aspecto relevante, en tanto que, tradicionalmente, os estudos da motivación tratan o contido semántico lexemático cando, en realidade, unha parte moi importante deste contido procede doutros elementos morfolóxicos. Con todo, este traballo non seguirá analizando este feito, dado que rebordaría con moito o obxectivo básico desta clasificación, e polo tanto centrarase nos elementos léxicos.

Cadro 1. Cladificación das motivacións

3.1 Motivacións extralingüísticas

3.1.1. Representativas

3.1.1.1. Onomatopeicas

3.1.1.2. Ideofónicas

3.1.2. Expresivas

3.1.2.1. Inherentes

3.1.2.2. Contextuais

3.2. Motivacións intralingüísticas

3.2.1. Paradimáticas

3.2.1.1. Relación física

3.2.1.1.1. Cor

3.2.1.1.2. Forma

3.2.1.1.3. Material

3.2.1.1.4. Tacto

3.2.1.1.5. Olor

3.2.1.2. Relación emocional

3.2.1.3. Relación espacial

3.2.1.4. Relación de acción

3.2.1.4.1. Percepción

3.2.1.4.2. Movemento

3.2.1.4.3. Comunicación

3.2.1.4.4. Cognición

3.2.1.5. Relación temporal

3.2.1.6. Relación ambiental

3.2.1.7. Relación sistémica

3.2.1.8. Relación cultural

3.2.1.8.1. Eponimia

3.2.1.8.2. Pensamento máxico

3.2.1.8.3. Atribución máxica positiva

3.2.1.8.4. Atribución máxica negativa

3.2.1.9. Confusión

3.2.2. Terminolóxica

3.2.3. Etimoloxización popular

3.2.4. Transvasamento

3.2.5. Motivación hiperonímica

3.3. Motivación opaca

3.1. *Motivacións extralingüísticas*

Son aquelas nas que o elemento que determina a motivación do signo lingüístico procede da esfera extralingüística. Estes elementos poden ser denotativos e partir do exterior do falante, como o son emitido por algo, ou partir do propio falante e a súa actitude ante o mundo. Dentro das motivacións extralingüísticas podemos establecer os seguintes subgrupos:

3.1.1. Representativas

Son aquelas motivacións con orixe inmediata na evocación dun referente, que se toma como modelo ou paradigma, e que existe inmediatamente fóra do sistema lingüístico. Dentro das motivacións representativas podemos diferenciar as onomatopeicas das ideofónicas.

3.1.1.1. Onomatopeicas: son aquelas motivacións que teñen a orixe nun son que existe na realidade e que se intenta imitar. Serían exemplos disto a forma *sisear* ou o *tic-tac* dun reloxo.

Cómpre sinalar que, tal e como afirma Lyons (1977), a motivación onomatopeica presenta certa arbitrariedade, dado que cada sistema lingüístico reproduce esa relación dunha maneira particular, dependendo do seu sistema fonético ou morfolóxico ou dependendo das características — que poden presentar certas diferenzas— do referente real en cada territorio. Por exemplo, para expresar o son que emite a ra, o español interprétao como *croac*, mentres que o xaponés o interpreta como *kerō*. Ambas reproducen un son real único ou case único de xeito moi semellante, pero a adaptación fonética non é idéntica. Esta tipoloxía presenta, pois, un compoñente de certa arbitrariedade que, como base para outras motivacións, non se debe pasar por alto. Estas diferenzas poñen de manifesto que non existe unha forma absoluta de representar a realidade, e este feito relaciónase en certo modo coa cuestión da gradación da arbitrariedade.

3.1.1.2. Ideofónicas: son motivacións que teñen tamén a orixe nun son que existe na realidade, pero que, ao contrario das onomatopeicas, non se intenta imitar, senón que se establece unha asociación simbólica entre este e aspectos que se experimentan a través doutros sentidos. Un exemplo sería a expresión *estar chof*, que se asocia cunha sensación de tristeza, ou o verbo *chispear*, entendéndoo como algo visual, cando a orixe é claramente onomatopeica, e polo tanto auditiva.

3.1.2. Expresivas

Son aquelas motivacións resultado dunha relación entre as partes do signo lingüístico que manifestan a actitude do falante con respecto ao referente. Son especialmente relevantes aquelas nas que se dá un cambio morfolóxico para, precisamente, manifestar este cambio con respecto á relación considerada máis común, sirvan como exemplo diminutivos ou aumentativos.

A este respecto é necesario sinalar que, tal e como comenta Furdík (2008), a expresividade é dinámica e graduable. Por unha parte, é dinámica porque co tempo unha palabra pode ter un significado expresivo que posteriormente pode non percibirse como tal. Do mesmo xeito, a expresividade pode ser positiva ou negativa, ou máis ou menos intensa e, polo tanto, presenta graos. Por exemplo, un eufemismo sería máis ou menos positivo, e seguindo esta liña, un disfemismo, máis ou menos negativo.

Así mesmo, a este grupo pertencen os chamados tabús, que son aquelas motivacións resultado de atribuírle á forma unha calidade dependente das presións e normas da comunidade de falantes que a emprega (García Manga 2002). Por exemplo, *descanso* co significado de morte tería unha motivación expresiva eufemística.

Este tipo de motivación é especialmente relevante, en tanto que implica unha relación motivacional non só coa forma, como se ten tradicionalmente entendido o concepto de motivación lingüística, senón tamén co significado. Nestes casos, existe un referente e un significado, pero evítase empregar a forma que usualmente se lle asigna en favor doutra, pero que igualmente se comprende no ámbito comunicativo.

Considéranse extralingüísticas en tanto que é o falante ou a sociedade, elementos desta esfera, os que determinan a motivación, que polo tanto tamén é deste tipo.

Dentro desta categoría hai dous subtipos, que veñen determinados polo funcionamento interno da unidade do signo. Esta clasificación está parcialmente baseada nas tipoloxías establecidas por Furdík (2008) a este respecto, unificando as expresividades adherente e contextual, en tanto que para unha clasificación máis extensa, e tendo en conta que mesmo o autor admite que a noción contextual invade ata certo punto o campo da pragmática, máis aló da semántica, esta diferenciación non achegaría información especialmente relevante.

3.1.2.1. Inherentes: son aquelas formas nas que a expresividade vén dada por unha parte indivisible do signo. Daquela, morfoloxicamente, o signo lingüístico está composto por diversos elementos, algúns dos cales poden achegar información expresiva. Serían exemplos claros os aumentativos ou os diminutivos.

3.1.2.2. Contextuais: son aquelas formas nas que a expresividade vén dada ou ben polo contexto no que se usa a palabra, ou ben por outros signos que a acompañan. Serían exemplos unha gran parte dos tabús, ou as frases feitas, como *inverno*, co significado que ten na expresión *ter cara de inverno*.

3.2. Motivacións intralingüísticas

Son aquelas que teñen a súa orixe dentro de formas que xa existen no sistema lingüístico, sen facer distinción entre diferentes variantes ou familias lingüísticas. Isto débese a que a transmisión de signos entre variantes é constante, e unha análise que restrinxise estas motivacións deixaría fóra gran parte delas. Por exemplo, unha palabra procedente do grego podería ter unha motivación que chegase ao galego e, unha vez dentro do idioma, remotivarse ou non. Estas motivacións están ligadas aos trazos semánticos e á relación do signo con outros signos e coas súas partes, máis que ao feito de proceder ou non doutras variantes lingüísticas.

Dentro desta categoría existirían varios subgrupos que se expoñen a continuación:

3.2.1. Paradigmáticas

Son aquelas motivacións que teñen a súa orixe na coincidencia ou relación que se dá entre dous elementos ou referentes, un deles existente dentro do sistema lingüístico e outro non, con respecto aos seus semas. A dita relación será, entón, a que motive o uso da forma empregada nun dos referentes, con maior ou menor variación, para nomear o outro. Esta relación pode ser de varios tipos: sinecdótica, metafórica etc.

A diferenza con respecto á motivación representativa é que o signo non toma a forma da esfera extralingüística, non pertence á realidade existente fóra do sistema lingüístico, senón que toma como base un signo que xa existe na esfera intralingüística para designar algo novo. A maior parte das motivacións son deste tipo.

Por outra banda, diferéncianse das representativas expresivas porque estas teñen, como punto de partida para a produción do signo, non o propio signo e a súa significación, senón unha actitude primaria do falante que modifica o dito signo para darlle unha significación particular, e polo tanto esta actitude sería un elemento extralingüístico.

Tendo en conta todo o anterior, podemos afirmar que a relación paradigmática define o tipo de ilación que se establece entre os dous referentes e os elementos hipersémicos asociados a eles. O proceso lingüístico é o seguinte: no sistema existe un signo, cun referente, unha forma, un significado e uns semas asociados. Posteriormente requírese unha denominación para un novo referente ou concepto, o cal comparte semas con aquel signo que xa existe e, polo tanto, o falante establece unha relación paradigmática, é dicir, establece unha relación de semas entre un e outro elemento, e, finalmente, emprega a forma do primeiro signo para o segundo, sexa con variación ou sen ela.

Poñamos algúns exemplos: se tomamos o signo *peixe martelo*, e especificamente a parte *martelo*, podemos afirmar que a ilación que se establece entre os signos *peixe martelo* e *martelo* por separado é, como relación paradigmática, a súa descrición física, nomeadamente

a súa forma. Outro caso semellante sería o de *azul turquesa*: neste caso sería, de novo, unha descrición física, mais non coa forma, senón coa cor. Porén, o elemento referencial sería en ambos os casos do mesmo tipo, un obxecto, no primeiro caso unha ferramenta, no segundo unha xema, dos cales se toman trazos diferentes —forma e cor—. Un último caso máis sinxelo sería *rotonda*, que toma o seu nome da forma que ten o elemento urbanístico. Polo tanto, o elemento referencial sería aquel obxecto do que se extraen semas e co que se establecen relacións. Cómpre dicir que se entende obxecto como calquera elemento sobre o que o falante, como axente cognitivo, opera ao empregar o sistema lingüístico. Por conseguinte, obxecto abrangería dende o animal vaca, o pronome vós, a idea de carraxe ou o falante mesmo.

Esta relación paradigmática pode relacionarse cun elemento referencial, que se toma como base para a ilación, de formas diversas. Por exemplo, un mesmo referente, como un animal, pode construírse mediante dous signos lingüísticos diferentes, usados por comunidades que incluso empregan a mesma lingua, pero á vez ter, nas súas formas, relacións motivacionais diferentes. Tomemos como exemplo dúas denominacións en galego do animal *Oriolus*: *ouriol* e *papafigos*. Para a primeira, a motivación estaría determinada pola súa plumaxe en parte do corpo, polo que a relación se establecería cunha realidade física, a cor amarela do ouro. Porén, a segunda denominación toma outra diferente: a dunha acción que realiza e que se observa de forma transparente na segunda denominación. Teríamos, entón, unha mesma realidade, un animal, motivado segundo relacións diferentes. Isto acontece porque o novo elemento, o novo referente que se busca denominar, ten uns trazos ou semas compartidos con outros signos que xa existen no sistema lingüístico e, polo tanto, os falantes deciden derivar destes signos con esquemas denominativos diferentes.

Nesta mesma dirección, un signo pode ter motivacións múltiples que funcionen a distintos niveis, segundo os semas que se tomen en consideración. Por exemplo, *peixe globo*, en relación ao compoñente globo, ten unha relación motivacional tanto física, e nomeadamente coa forma, coma de acción, en tanto que os semas que o definen son tanto a súa forma redonda, coma o feito de que se

inche e desinche. Como se dicía máis atrás, a motivación é multidimensional, e neste exemplo vese claramente. Esta natureza multidimensional e multidireccional da motivación lingüística implica que calquera intento de clasificación tende irremisiblemente a presentar unha visión parcial ou, se se prefire, limitada, e é un aspecto que cómpre ter en conta á hora de usala.

Así, por unha banda, a relación motivacional é un tipo de conexión que se establece entre os semas que se toman en consideración —trazos físicos, culturais, temporais etc.— e que definen a relación paradigmática. Pola outra, os elementos referenciais serían a abstracción, o concepto do referente sobre os que se establece a dita relación. Ambos os elementos son o que os falantes teñen en conta ao crear un novo signo mediante un proceso de motivación paradigmática.

A continuación presentamos unha clasificación das relacións motivacionais paradigmáticas:

3.2.1.1. Relación física: a relación paradigmática establécese coa natureza material do elemento referencial. Hai que ter en conta que este tipo de relación paradigmática se pode dar de moitos modos diferentes, sempre que se establezan con características físicas. Dentro desta podemos considerar:

3.2.1.1.1. Cor: a relación paradigmática física establece como trazo compartido a cor. Exemplos: *paporrubio*, *verderolo*.

3.2.1.1.2. Forma: a relación paradigmática física establece como trazo compartido a forma: Exemplos: *peixe martelo*, *arco da vella*.

3.2.1.1.3. Material: a relación paradigmática establece como trazo compartido o material que constitúe os elementos. Exemplos: *lata*, con sentido de bote, ou *ferralla*.

3.2.1.1.4. Tacto: a relación paradigmática establece como trazo compartido toda característica táctil, nun sentido amplo. Dentro desta inclúense a súa dureza, suavidade ou temperatura, entre outros. Exemplos: *ollomol*, *neveira*. No caso de *neveira* teríamos en conta o sema de *neve* que se refire á temperatura fría, que o humano percibe a través dese sentido, o tacto.

3.2.1.1.5. Olor: a relación paradigmática establece como trazo compartido o compoñente olfactivo, codificado semanticamente, existente entre os elementos. Exemplos: *peido de lobo*, *persevello*, ou *herba fedorenta*.

3.2.1.2. Relación emocional: a relación paradigmática establécese con respecto a un elemento referencial que, amais de ter un compoñente denotativo, expresa un estado ou unha situación emocional do suxeito ou obxecto, que non do emisor, necesariamente, como sería o caso das extralingüísticas expresivas. Nesa motivación, o cambio no signo vén motivado principalmente por elementos de fóra do sistema, como normas sociais, tabús etc. Pola contra, nesta relación motivacional intralingüística, a marca de expresividade forma parte de xeito intrínseco do signo.

Por exemplo, verbos como *rir* ou *chorar* non só describen as accións físicas correspondentes, senón que tamén levan implícita unha carga emocional: *rir* asóciase coa felicidade ou a diversión, mentres que *chorar* se asocia coa tristeza ou a dor. Cada unha delas leva asociada un trazo semántico positivo ou negativo. Este tipo de relación forma parte esencial do signo e non está determinada necesariamente por elementos externos. Outro exemplo sería *xubilación*, que implica un sema positivo relacionado coa alegría.

3.2.1.3. Relación espacial: a relación paradigmática establécese con respecto a un elemento referencial pertencente aos conceptos espaciais. Exemplos: *fondear* ou *baixo*, nunha peza de roupa.

3.2.1.4. Relación de acción: a relación paradigmática establécese con respecto a un elemento referencial entendido como acción, actividade ou feito, que deben ser denotativos, é dicir, esta división non inclúe usos expresivos.

3.2.1.4.1. Percepción: a relación paradigmática establécese con accións relacionadas coa percepción a través dos diferentes sentidos. Exemplo: *vidente*.

3.2.1.4.2. Movemento: a relación paradigmática establécese con accións relacionadas co desprazamento físico. Exemplos: *serpe* ou *saltón*.

3.2.1.4.3. Comunicación: a relación paradigmática establécese con accións que se utilizan para describir a transmisión de información. Exemplo: *escritorio*.

3.2.1.4.4. Cognición: a relación paradigmática establécese con trazos referentes a procesos ou estados mentais, ou que expresan actividades intelectuais. Exemplo: *ataíño*, outra das denominacións do gabián, que fai referencia á súa astucia.

3.2.1.5. Relación temporal: a relación paradigmática establécese con respecto a un elemento referencial pertencente ao sistema temporal. Exemplos: *Entroido* ou *tardo*.

3.2.1.6. Relación ambiental: a relación establécese con respecto a un elemento referencial que constitúe unha condición do medio na que o novo signo existe. Exemplos: os paxaros denominados *carballeda* ou *augarón*.

3.2.1.7. Relación sistémica: a relación establécese con respecto á combinación de elementos abstractos e as relacións que existen ou poden existir entre eles. Exemplo: *triángulo* (amoroso), onde a relación paradigmática se basea nunha estrutura conceptual de tres elementos interconectados.

3.2.1.8. Relación cultural: a relación establécese con respecto a un elemento referencial que existe dentro do ámbito dos coñecementos, crenzas ou costumes sociais.

3.2.1.8.1. Eponimia: a relación consiste en establecer unha correlación entre un nome propio e un novo elemento co que garda algunha relación, xa sexa por unha persoa, un lugar, unha obra etc. Exemplos: *xoaniña*, *vatio*, *xullo*.

3.2.1.8.2. Pensamento máxico: a relación consiste en establecer unha correlación deliberada entre referentes baseada en supostos falsos ou non xustificadas. Dito doutro xeito, esta relación basease en atribuír un efecto ou unha calidade sen que exista unha relación de causa-efecto. Cómpre destacar que

só designa unha relación neutra, é dicir, non existe necesariamente nin atribución positiva nin negativa, polo menos claramente. Exemplo: *meiga (vagalume)*.

3.2.1.8.3. Atribución máxica positiva: a relación consiste en establecer unha correlación entre un elemento, natural ou sobrenatural, e un efecto ou consecuencia máxica que resulta beneficiosa ou proveitosa. Sería máxico porque non existe unha relación causa-efecto inmediata demostrable. Aquí inclúense os eufemismos apotropaicos pese a que en moitos casos consisten en formas con diminutivo ou aumentativo eufemístico, posto que o que prima é a crenza de que estas formas axudarán a evitar o mal ou propiciar o ben. Exemplos: *donicela, herba de San Xoán (verxebán)*.

3.2.1.8.4. Atribución máxica negativa: a relación consiste en establecer unha correlación entre un elemento, natural ou sobrenatural, e un efecto ou consecuencia máxica que resulta negativa ou daniña. Igual que a categoría anterior, sería máxico porque non existe unha relación causa-efecto inmediata demostrable. É o caso contrario á atribución máxica positiva. Exemplo: *herba do inferno, cabaliño do demo*.

3.2.1.9. Confusión: a relación paradigmática establécese cun elemento referencial co que garda algún tipo de relación, sexa cal sexa, mais de xeito erróneo. A confusión dáse, entón, entre un significado e unha forma que non é a que comunmente lle corresponde. Serían exemplos aquelas que usan un nome de animal incorrectamente, como denominar unha variante de *curuxa* como *moucho* etc.

Outros tipos de motivación intralingüística son:

3.2.2. Terminolóxica

É aquela motivación determinada especificamente polas necesidades e criterios propios da linguaxe especializada. Neste sentido, cómpre dicir que a motivación terminolóxica é aplicable a aquelas formas propias deste tipo particular de variante lingüística, en tanto que os seus signos se conciben como conceptos creados ex professo para o seu uso en campos especializados e responden a ordes,

clasificacións e relacións destes campos atendendo a criterios xeralmente científico-técnicos (García Manga 2012). Polo tanto, o termo especializado activa un valor sógnico propio dun dominio especializado nunhas condicións específicas. No aspecto motivacional, a terminoloxica sería un valor ou unha variedade propia que se dá nunha situación comunicativa específica.

Pese a isto, tamén existe a posibilidade, tal e como sinala Furdík (2008), de que o referente cambie, por exemplo porque a investigación avance e, polo tanto, o obxecto dese referente se reformule para adaptarse dun mellor xeito á súa realidade. Neste caso, a forma e o significado quedarían desprovistos dun referente ou, se se prefire, o referente e o significado quedarían obsoletos.

Con todo, é preciso mencionar que, nalgúns casos, os signos poden ser dun campo de especialidade, mais non do ámbito científico-técnico. A relación pragmática que se dá entre a forma e o uso determinará a natureza do signo. Neste sentido, Irina Kostina (2010) afirma:

Noutras palabras, os termos ao formar parte dun sistema e ao cumprir funcións específicas nun texto posúen a propiedade de sistematicidade semántica e sintáctica, que se converte nunha das propiedades principais das unidades terminolóxicas, mentres que a sistematicidade formal se converte nunha propiedade secundaria.³

Tendo en conta o anterior, esta motivación non ten por que ser necesariamente paradigmática e, polo tanto, non está incluída dentro desta categoría intralingüística.

3.2.3. Etimoloxización popular

É o proceso polo cal os falantes dunha lingua reelaboran a motivación dun signo lingüístico, a priori de xeito erróneo. Case sempre se debe ao descoñecemento da etimoloxía ou da motivación do signo, o que resulta nunha invención deste xeralmente por inferencia dalgún trazo dos seus compoñentes con outros cos que, en realidade,

3 Tradución ao galego do autor.

non garda unha relación semántica (Veny 1991). Amais, decote implica unha adaptación paronímica para darlle sentido á dita relación. Un exemplo sería *miniatura*, onde os falantes tenden a asumir, polo seu significado, que ten unha relación co prefixo *mini*, cando a realidade é que procede dun tipo de pintura italiana de pequeno tamaño na que se usaba o minio, e de aí esa palabra. Outro caso con adaptación é *ideosincrasia*, deformación común de *idiosincrasia* por asimilación entre *idea* e o seu significado.

3.2.4. Transvasamento

É o proceso polo cal un signo adquire unha carga semántica pola influencia doutro que existe noutro sistema ou variante lingüística. O proceso sería o seguinte: un signo inicial nunha lingua ou sistema de orixe ten unha forma e uns trazos semánticos determinados. Noutro sistema ou variante existe outro signo, cunha forma diferente pero cuns trazos semánticos idénticos ou moi semellantes aos do primeiro sistema ou variante. Posteriormente, o signo inicial adquire uns trazos semánticos novos, feito que provoca que o outro, noutro sistema, adquira tamén esa nova carga semántica.

Poñamos un exemplo: no inglés existe o termo *summit*, que presenta un significado físico, que describe o lugar máis alto dun terreo. Do mesmo xeito, no galego existe o termo *cumio*, que describe a mesma realidade. Posteriormente *summit* adquiriu unha nova significación de reunión de persoas de responsabilidade. Pois ben, por este proceso de transvasamento, o signo *cumio*, por contacto co sistema sónico inglés, adquiriu esa nova carga semántica e designa tamén este tipo de reunións. Polo tanto, *cumio*, en forma e en significado, terá, no que respecta á motivación da significación de *reunión*, unha motivación derivada da asociación que existe entre este signo e outro doutro sistema ou variante. Neste sentido, faise evidente que este tipo de motivación se dá principalmente en procesos de tradución e semellantes. En xeral, mesmo se podería dicir que é un fenómeno que xoga un papel principal en procesos de mediación lingüística. Outro exemplo sería o signo *rato*, que no ámbito tecnolóxico adoptou a extensión semántica que se deu en inglés para *mouse*.

3.2.5. Motivación hiperonímica

É un tipo de motivación que se dá principalmente en signos con formas compostas. Un dos elementos, en moitos casos o primeiro, é simplemente o hiperónimo do signo referente que se quere nomear. Daquela, non se toman semas parciais doutro signo xa existente para remotivalos nun novo co que garda algún tipo de relación, senón que se toma un signo e a súa forma, que xa existen no sistema, para encadrar, dentro do sistema conceptual da lingua, na nova realidade. É moi común en nomes de animais e de plantas. Por exemplo, nos signos *becho que alumea*, ou *escaravello peloteiro*, habería un signo composto por dous elementos, un primeiro que actúa como determinante da categoría que o novo referente ocupa dentro do sistema, e un segundo que o distingue dentro dese grupo.

Polo tanto, este tipo de motivación sempre debe ir con outra, posto que a relación hiperonímica, por si mesma, non é unha motivación, senón unha parte que completa a significación dun novo signo.

3.3. Motivación opaca

Existe un tipo de motivación que non é nin intra nin extralingüística: a motivación opaca ou descoñecida. Poderíase afirmar que as motivacións evolucionan en distintos estadios: dende un inicial, como poderían ser aquelas onomatopeicas, ata outros máis tardíos dentro do propio sistema, como poderían ser as paradigmáticas. Neste sentido, en moitos casos, non ha ser posible establecer unha motivación clara para un signo, ben porque o punto inicial é descoñecido, ben porque se deu un proceso intermedio sobre o que non temos información.

4. Conclusión

Esta exploración do concepto de motivación lingüística ofrece unha perspectiva sistemática sobre as complexas relacións que existen entre os signos lingüísticos, os seus significados e a realidade extralingüística que representan, coa finalidade de delimitar varias

subcategorías que proporcionen un marco estruturado para a súa comprensión e aplicación.

Con todo, como xa se recoñeceu, a natureza multidimensional e multidireccional da motivación lingüística convértea nun fenómeno complexo que desafia unha categorización sinxela. Este sistema de clasificación, aínda que ofrece ideas interesantes, presenta inevitablemente unha visión limitada. As futuras investigacións nesta área deberían intentar refinar e ampliar este marco, incorporando perspectivas de campos relacionados como a neurolingüística ou a socioloxía. Ademais, a aplicación práctica deste sistema de clasificación en áreas como a cartografía motivacional e o ensino de idiomas merece unha investigación máis profunda.

En última instancia, o estudo da motivación non só melloira a nosa comprensión sobre o xeito en que se artella a linguaxe, senón que tamén achega luz sobre os procesos cognitivos e os factores socioculturais que moldean a nosa realidade ao completo. Os posibles traballos posteriores poderían tomar este artigo como base para profundar no noso coñecemento sobre a complexa interacción existente entre a linguaxe, o pensamento e o mundo que nos rodea.

Referencias bibliográficas

- Alinei, Mario (1997). Principi di teoria motivazionale (iconimia) e di lessicologia motivazionale (iconomastica). En: Luisa Mucicante e Tullio Telmon, eds. *Lessicologia e lessicografia: Atti del XX Convegno della SIG (Chieti-Pescara, 12-14 ottobre 1995)*. Roma: Il Calamo, 9-36.
- Anders, Valentín (2024). Sapo. *Etimologías de Chile - Diccionario Que Explica el Origen de las Palabras*. Disponible en <https://etimologias.dechile.net/?sapo>
- Furdík, Juraj (2008). *Teória motivácie v lexikálnej zásobe*. Košice: Vydavateľstvo LG.
- García Manga, M.^a del Carmen (2002). La motivación lingüística: propuesta de clasificación. *Res Diachronicae*. 1, 159-168. Disponible en https://resdi.net/wp-content/uploads/2013/12/volumen-1-16_garcia_manga.pdf

- García Manga, M.^a del Carmen (2012). Aproximación discursiva y cognitiva a la motivación por etimologización. *Pragmalinguística*. 20, 120-148. <http://dx.doi.org/10.25267/Pragmalinguistica.2012.i20.05>
- Goddard, Cliff (2012). Semantic primes, semantic molecules, semantic templates: Key concepts in the NSM approach to lexical typology. *Linguistics*. 50 (3), 711-743. <https://doi.org/10.1515/ling-2012-0022>
- Kostina, Irina (2010). *La variación conceptual de los términos en el discurso especializado*. Tese de doutoramento. Universitat Pompeu Fabra. Disponible en <http://www.tdx.cat/TDX-0408110-143555>
- Lakoff, George (1987). *Women, fire, and dangerous things. What Categories Reveal about the Mind*. Chicago: University of Chicago Press. <https://doi.org/10.7208/chicago/9780226471013.001.0001>
- Lyons, John (1977). *Semantics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Ogden, Charles K., e Richards, Ivor A. (1923). *The Meaning of Meaning. A Study of the Influence of Language upon Thought and of the Science of Symbolism*. London: Routledge & Kegan Paul.
- Olostiak, Martin (2019). Theory of lexical motivation in Slovak lexicology. *SKASE Journal of Theoretical Linguistics*. 16 (3). Disponible en <https://link.gale.com/apps/doc/A610679289/AONE?>
- Radden, Günter e Panther, Klaus-Uwe (2004). Introduction: Reflections on motivation. En: *Studies in linguistic motivation*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 1-46.
- Real Academia Española (2014). *Diccionario de la lengua española*. 23^a ed. [v. 27.7 on line]. Disponible en <https://dle.rae.es>
- Saussure, Ferdinand (1945). *Curso de lingüística general*. Buenos Aires: Editorial Losada.
- Veny, Joan (1991). Cap a una tipologia de l'etimologia popular. En: *Mots d'ahir i mots d'avui*. Barcelona: Empúries, 71-95.

CONTOS DA TRADICIÓN ORAL RECOLLIDOS POR DOROTHÉ SCHUBARTH

Carme Hermida Gulías

Universidade de Santiago de Compostela
mdocarme.hermida@usc.gal

Resumo: Dorothé Schubarth percorreu Galicia entre os anos 1978 e 1984 recollendo a música e o canto tradicionais. As persoas que lle cantaron os temas tamén lle contaron contos tradicionais que non lle interesaban cientificamente. Varios deses contos regravounos nuns casetes e entregounos ó Arquivo do Galego Oral con vistas a unha posible publicación.

Neste traballo transcríbense 22 deses contos recollidos en lugares dos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Cuntis, Dumbría ou A Estrada. Van precedidos dunha introdución en que se analizan as características que os definen como mostras da lingua oral popular de carácter dialectal.

Palabras chave: contos tradicionais, Dorothé Schubarth, lingua dialectal, lingua oral, lingua popular.

Title: Tales from the oral tradition collected by Dorothé Schubarth.

Abstract: Dorothé Schubarth travelled through Galicia between the years 1978 and 1984 collecting traditional music and singing. The people who sang her the songs also told her traditional tales in which she had no scientific interest. Several of these were rerecorded by her on cassettes and handed in to the Archive of Oral Galician of the Institute of the Galician Language for possible publication. In this work 22 tales collected in places in the municipalities of Pedrafita do Cebreiro, Cuntis, Dumbría or A Estrada are transcribed. They are preceded by an introduction in which the characteristics that define them as samples of popular oral language of dialectal character are analyzed.

Key words: Traditional tales, Dorothé Schubarth, dialectal language, oral language, popular language.

1. Introducción

No ano 1996 Francisco Fernández Rei e mais eu publicamos — co auxilio económico e técnico do Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, daquela dirixido por Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, auténtico animador da iniciativa— *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. O estoxo en que se presentaba constaba dun libro e de tres casetes que lles foron regalados ás 700 persoas asistentes ó I Congreso Internacional *A lingua galega: historia e actualidade* (18 a 20 de setembro de 1996) co que o Instituto da Lingua Galega conmemoraba os seus 25 anos de existencia.¹

Despois de rematado o congreso, Dorothé Schubarth entrou un día pola porta do meu despacho para comentarme que entre as gravacións musicais que realizara por toda Galicia tamén aparecían contos que non eran o seu obxecto de estudo. Colocou, daquela, sobre a mesa cinco cintas casete indicándome que as escoitase e que considerase a posibilidade de facer unha publicación con elas.

Circunstancias de carácter persoal impedíronme dedicarlles o tempo necesario ás gravacións, que quedaron depositadas e arquivadas entre os fondos do Arquivo do Galego Oral, proxecto do Instituto da Lingua Galega, de onde as rescatei para esta edición. Foron moitas as veces que me viñeron á cabeza, pero nunca fixen o tempo necesario para ocuparme delas. A morte de Dorothéolveumas ó acordo, desta vez acompañada a lembranza da mala conciencia de non cumprir a encarga que me fixera.

De por parte de cumprir cunha obriga, esta publicación tamén quere servir para homenaxear esa muller discreta que, nacida na Suíza de fala alemá, escolleu Galicia e a súa lingua como patria de adopción. A esta fíxolle o mellor e maior agasallo que lle permitiu o seu saber: a publicación en sete tomos do *Cancioneiro popular galego*, realizada en colaboración con Antón Santamarina, magna obra que recolle entre as súas páxinas o noso xeito de ser e estar no mundo, nas penas e nas alegrías.

1 No ano 2003 fíxose unha segunda edición d'*A nosa fala. Bloques e áreas lingüística do galego* coa novidade de presentar as gravacións en formato CD. Posteriormente, o Consello da Cultura Galega subiu á páxina do Arquivo Sonoro de Galicia os audios e as súas transcritións. Poden consultarse en <https://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>

2. Dorothé Schubarth

Naceu na cidade suíza de Basilea no ano 1944 no seo dunha familia ilustrada amante das artes musicais, afección que herdou e desenvolveu Dorothé quen, despois de realizar estudos de diferentes materias (musicoloxía, dirección coral, composición...), entrou a formar parte do profesorado da Akademie für Schul und Kirchenmusik de Lucerna (Suíza) no 1971.

Ó final da súa etapa formativa, maniféstase o seu interese pola música tradicional europea que se concreta na realización de gravacións de campo nos Balcáns, en Occitania, en Andalucía e en Valencia. Os resultados deste labor apareceron recollidos no libro *Das Volkslied in Europa: Vielfalt seiner Erscheinungsformen*, publicado no 1978 en Lucerna. No verán dese mesmo ano chega a Galicia, onde o seu interese investigador se viu seducido pola persistencia e o vigor do canto tradicional. O contacto con persoas que a animan e apoian, especialmente con Antón Santamarina que foi o seu colaborador máis próximo e a persoa sen cal o seu traballo non podería realizarse, convenceron a Dorothé para realizar unha compilación sistemática da música tradicional de Galicia. Así narra Ossa (2024) a intrahistoria do seu percorrido:

Tras unha fase de investigación inicial, para a que Schubarth contou cunha contribución institucional desde Suíza, é finalmente a Fundación Barrié de la Maza a que patrocina a realización do proxecto. A meirande parte do traballo de campo lévaa a cabo Schubarth entre 1978 e 1983. Hospédase en Santiago e viaxa polo país en autobuses de liña, a dedo e mesmo andando, por necesidade, aos lugares peor comunicados. Dorme en hostais e ás veces nas casas da xente que entrevista; non é raro que comparta as tarefas do fogar coas anfitriñas. Nas entrevistas, que se desenvolven sen guión previo, amósase próxima e sensible ás distintas situacións que vive. Neste tempo alterna as saídas ao campo coa transcripción de letras e músicas e a ordenación primeira do material. O relato do material publicado déixanos os seguintes números: arredor de 100 concellos e 250 lugares distintos visitados, 600 informantes e preto de 2 000 melodías.

Os resultados das súas pescudas están recollidos nos sete volumes do *Cancioneiro popular galego* publicado, conxuntamente con Antón Santamarina, entre os anos 1984 e 1995 pola Fundación Barrié de la Maza.²

Dorothe Schubarth regresou a Basilea no ano 1987 para ensinar varias materias do programa de estudos da Musikhochschule da Musik-Akademie, entre outras, teoría musical, contrapunto... As súas visitas a Galicia foron frecuentes, primeiro para rematar o labor de edición do *Cancioneiro* e, despois, para ocuparse da preparación doutros traballos, como a colocación en rede do *Cancioneiro* no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego. Tamén acudía puntual á súa presentación, asistía a eventos académicos ou a outros onde recibía algún recoñecemento.

Nunha desas visitas, tiven o atrevemento de preguntarlle se non tivera problemas para afacerse de novo á vida na gran cidade despois de tantos anos percorrendo e vivindo a Galicia rural. Contestoume que non lle custara moito, pero que descubrira, e era o que máis lle doía, que a morriña non era un sentimento dos galegos, senón un sentimento por Galicia. Ela tíña a, para calmala, collía un autobús —que pasaba varias horas antes da súa entrada ó traballo— que ía cheo de emigrantes galegos que se expresaban na súa lingua e falaban dos seus lugares de procedencia e de asuntos das súas casas de orixe. Nunca falou directamente con eles e non quería que sospeitasen que os entendía, polo que baixaba a cabeza e tapaba a cara coa melena. Quería evitar que a mirasen con prevención ou que quedasen calados.

Dorothe morreu en Basilea o 6 de setembro do 2023 aínda sen cumprir os 79 anos. Se Galicia fose unha terra agradecida, xa estaría traballando para honrar a memoria desta muller miúda chegada de terras alleas que moito fixo para sermos máis sabedores de nós.

2 Para coñecer máis datos sobre a intrahistoria da investigación e a estrutura da publicación, véxase Fernández Rei (1997).

3. As gravacións

As gravacións que Dorothé fixo nas súas múltiples viaxes polo territorio lingüístico galego entre 1978 e 1983 centráronse na recollida do canto e da música tradicional, por veces realizadas a persoas individuais pero tamén a grupos que se xuntaban para, a modo de ruadas, foliadas ou polavilas, mostrarlle como eran as reunións festivas. Nos descansos entre unha peza musical e outra, tamén lle contaban contos, como se facía tradicionalmente. Ela, neses casos, non interrompía a gravación pois era consciente de que isto podía provocar un anticlímax que acabase por desfacer a xuntanza. Xa desbotaría o material que non fose do seu interese no labor de transcripción.

A publicación d' *A nosa fala* mostroulle que os contos podían ter valor lingüístico e etnográfico, fixo unha recompilación deles e regravounos illadamente en cinco casetes con narracións recollidas en Pedrafita do Cebreiro, na Estrada, en Cuntis e en Dumbría. No proceso desta segunda gravación produciuse algún erro na manipulación dos aparellos que ten como consecuencia un corte na narración facilmente deducible polo contexto.

4. As transcripcións

Nas transcripcións que se presentan neste traballo non están tódalas narracións gravadas, senón que se fixo unha escolma e se desbotaron algunhas: ben por non teren debidamente identificado o informante, ben por teren unha deficiente calidade de son, por estaren incompletas ou por estaren en castelán. Tamén se deixaron de considerar dúas gravacións por seren unha primeira versión dun conto ou sucedido que despois se repite completo.

Para a realización da transcripción seguíronse as normas empregadas para a publicación dos textos do Arquivo do Galego Oral,³ poñendo especial atención neste caso na marcade por medio do apóstrofo das elisións e contraccións que son propias da fonética sintáctica (*qu' andaban, tod' à mañán*) e que están en retroceso no falar estándar por unha submisión da forma oral da lingua á forma

3 Consultables en <https://ilg.usc.es/ago/>

escrita, submisión que se manifesta con moito vigor na lectura ortográfica de calquera tipo de texto, mesmo por persoas con coñecementos e formación lingüística.

Os contos, un total de 22, púxoselles título e foron agrupados segundo as características máis identificadoras dos seus protagonistas principais, independentemente da área xeográfica ou do ano en que foron gravados. As categorías habilitadas son: *contos de canteiros*, *contos de curas*, *contos de xastres*, *contos de homes e mulleres*, *contos de proxenitores*, *contos de animais*, *contos de gaitas* e *varia*. No interior de cada categoría, a ordenación é alfabética polo título.

As narracións recollidas na parroquia de Lousada do concello de Pedrafita do Cebreiro (Lu) en setembro do ano 1978 foron explicadas por tres falantes: Senín, de 45 anos; Carmen, de 78; e un veciño, de 88. Os dous primeiros, naturais da aldea de Santalla e, o terceiro, do Sisto. Senín narra os contos titulados “Á busca dun lugar para descansar”, “A bola de pan” e “O forno da Lagúa”, os tres incluídos na categoría *contos de canteiros*; “Problemas para ter familia” e “Os tres curas e o sancristán”, da categoría *contos de curas*; e “A visita da comadre” e “Os pantalóns do cura”, ambos da categoría *contos de homes e mulleres*. María é a recitadora do “Esconxuro da néboa” e o veciño do Sisto conta “O muíño na montaña”, ambos incluídos no grupo *varia*.

Os textos recollidos en Callobre (A Estrada, Po), que titulamos “Don Climente” —incluído na categoría *contos de curas*—, “O pai agharrado” e “O señor José (sucedido)”, estes dous da categoría *contos de proxenitores*, foron contados no ano 1979 por Manuel,⁴ de 85 anos, cunha prestancia narrativa propia dun fistor. Na gravación aparece acompañado pola súa muller que é a incitadora dos temas, pero non ten máis relevancia na narración.

As narracións recollidas no lugar da Casiña, da parroquia de Arcos de Furcos, no concello de Cuntis (Po) foron realizadas por dúas mulleres, Manuela —de 64 anos— e María —de 70 anos— en marzo do ano 1979. Manuela⁵ é a transmisora dos contos “O

4 Hai unha foto súa no *Cancioneiro popular galego* de Schubarth e Santamarina (1984-1995, vol. IV, t. II, p. 19).

5 Hai unha foto súa —xunto con María, a outra informante do mesmo lugar— no *Cancioneiro Popular Galego* de Schubarth e Santamarina (1984-1985, vol. VI, t. II, p. 314).

bolo do lar” e “As papas, a cancela e os ladróns”, da categoría *contos de xastres*. A outra informante de Cuntis, María,⁶ foi a encargada de contar “A fame fai o xastre”, da categoría *contos de xastres*; “A gaita chama pola muller” e “O pranto da muller do gaiteiro”, da categoría *contos de gaitas*; “O cego, o criado e mailos chourizos”, “O paxaro atrapado na gorra”, “O sapo e o raposo” e “Santos vai cagar!”, os catro incluídos en *varia*.

A única narración recollida en Regoelle, Olveira (Dumbría, Co), que titulamos “O mandar dos homes” e incluímos dentro da categoría *contos de homes e mulleres*, foi realizada por Estrela,⁷ de 64 anos, en decembro do 1980.

5. A lingua

Os contos presentan unha modalidade oral de galego popular e coloquial de carácter dialectal sen os filtros que posteriormente lle colocarían a aprendizaxe na escola e os medios de comunicación. Constitúe unha excepción o conto “Don Climente” que tende ó uso dunha variedade máis formal da lingua debido ó emprego de estruturas sintácticas máis complexas, a unha maior densidade léxica e a unha menor utilización dos marcadores discursivos propios da lingua oral espontánea.

5.1. Trazos orais

Os textos transcritos conteñen numerosas características dos discursos orais espontáneos como os falsos comezos (*había que baixar mirare... Había que baixar pola bòla; fai coma o compadre da, o hòme da comadre da Casela; xa m'eu encarghei, encargharei de que lle lembre o día*); as repeticións de palabras, necesarias para lembrar o que se

6 Hai dúas fotos súas no *Cancioneiro popular galego* de Schubarth e Santamarina. Unha xunto con Manuela, a outra informante do mesmo lugar (1984-1985, vol. VI, t. II, p. 314), e outra, ela soa, na capa do volume IV, tomo II da mesma obra.

7 Hai unha foto súa no *Cancioneiro popular galego* de Schubarth e Santamarina (1984-1995, vol. IV, t. II, p. 39).

quería dicir ou para artellar o que se vai expresar seguidamente (*chegar ô, ô río donde dab' à, donde dab' à, a luna*); os enunciados cortados por cambio na estratexia narrativa (*chegan por alí dous cãnteiros nõvos que nunca da casa saliron, que salían siẽmpre... Xuntábanse dous rapaces cualquẽra è fãcían de cãnteiros è viñan aquí a, ôs puẽblos a buscar òbras*); a confusión na elección das palabras e a súa posterior corrección (*quẽre cuspir nas maus è salta, sõltase; oiches ou oeu*); a inclusión de incisos explicativos para precisar a narración (*trasm' unha ghorra dèlas —unha ghorra da cabeza*) ou asegurarse da súa comprensión (*dond' er' à, a tapa... non sabes os bicicletas onde fan a tapa?*); a abundancia da coordinación como relación sintáctica dominante (*è un día estaba ca moza no fondo da cociña è o vèllo estaba detrás do lume cas achíñas acheghadas è apenas se vía nada; mais marchou o cura è chega o mārido è vai ela è abrázase ô marido è dícelle*).

Nos textos orais, que se emiten no mesmo momento da súa elaboración, é salientable a utilización de marcadores discursivos característicos da lingua oral. Neste caso é moi abundante a presenza da conxunción copulativa *e* nesta función (*È que? Trae a masa, mi padre?; È, ô abri-la zapa, dícell'un cura*), en moitos casos acompañada por *entonces* (*i-èntonces estiveron tod' à noite*). Outros marcadores discursivos tamén moi abundantes son *despois* (*despois a nõra quería abriřlle ô forno*), *pois* (*pois isto è un páxaro*), *bueno* (*Buẽno. Abriron*) e *pero* (*Pèro ghindouse do rabo, que o levaba no rabo*) etc. Nalgúns casos mesmo se dá a acumulación de varios: *È' ntonces, claro, alie... el púxolle unha ghorra*.

Os enlaces propios da fonética sintáctica tamén son característicos da modalidade oral: elisións (*coll' a pòrta; è' nganchóuselle; com' o queira; derd' os pès*), contraccións (*sal x'ò ten; pasab' ò sacristán; cal' à boca*), asimilacións (*nome mollar; enchime*) etcétera. Estes enlaces non son sistemáticos en tódolos contextos en que serían posibles porque as pausas e a énfase que se colocan nalgunhas secuencias impiden a súa realización.

Nos textos con fragmentos dialogados, é característico da oralidade introducir a intervención de cada personaxe cunha forma do verbo *dicir*, que pode ir acompañada ou non da referencia a quen intervén:

È entonces a filla tiña un mozo è tratou de se casar. È díxoll' o vèllo, díxoll' a seu pai:

—Òíches ou òeu, o mozo quèrese casar comigo.

Díxoll' el:

—Òi, ese hòme non sirve pa meu xenro!

Dice:

—È por que, papá?

5.2. Trazos dialectais

Os textos de Pedrafita do Cebreiro encádranse dialectalmente dentro do bloque oriental (Fernández Rei 1990, pp. 139 e ss.), concretamente, na microsubárea do Courel xa que presentan a terminación de plural *-is* para as palabras rematadas en *-n* (*pantalois*, *collois*, en concorrencia con *pantalós* e *collós*); a terminación *-in* (*muín*, *camín*), que nalgún caso concorre con *-iño* (*vin*, *viño*); o ditongo *ua* (*cuanto*, *cualquer*, *cuando*); o ditongo *ui* (*cuidado*, *escuitou*); a secuencia *-aix-* (*abaixo*, *baixe*); a palatalización non xeral do *a* átono (*bārbuda*, *pālleira*, *cāsouse*); a conservación do vocalismo etimolóxico (*tèmpo*, *ela*); o incremento dun *-n* na primeira persoa das formas verbais rematadas no ditongo *-ei* (*hein*) e en *-ou* (*voun*); o radical *pod-* para o presente de subxuntivo do verbo *poder*; os pronomes *vosoutros* (*vosoutros facelo?*) e *tu* (*tu ères tolo!*, *en cuanto tu lle vas pedir*); o pronome átono *o* antecedido dun ditongo (*deixouo*, *viuo*); as formas hipercaracterizadas *il* e *ise* e as formas da conxunción copulativa *è*, *iè* e *ia*.

Os textos recollidos en Callobre (A Estrada, Po) pertencen dialectalmente ó bloque occidental (Fernández Rei 1990, pp. 116 e ss.) como se pode confirmar pola utilización da terminación *-ns* (*uns*, *ladróns*, agás *legbós*), a gheada (*afoghadós*, *algbo*, *ghastadore...*), o seseo posnuclear (*lus*, *dès*, pero *capaz*), a terminación *-an* (*man*), o uso da solución *-an* para o masculino e o feminino (*unha irmán*). De por parte destes trazos, cómpre salientar a solución *no* e *noa* como resultado do encontro do adverbio *non* co pronome acusativo (*o*, *a*). A localización xeográfica sitúa este texto na subárea Ulla-Umia, o que se pode corroborar polo emprego do ditongo *-oi-* (*noite*, *moito*),

o deíctico *esto* e a vogal temática *-e-* na terceira persoa de pretérito dos verbos da terceira conxugación (*oeu, abreulle, saleu*).

A lingua empregada nas narracións realizadas no lugar da Casiña de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) tamén é a propia do bloque occidental (Fernández Rei 1990, pp. 116 e ss.) coa presenza do plural *-ns* (*ladróns*), a gheada na súa realización aspirada (*lògho, algho, ghrileira*), a terminación *-an* para o feminino (*mañán*) e a presenza de seseo posnuclear (*ves, chafarís*) que mesmo se rotatiza (*en ver de*), aínda que non é constante pois aparece algún uso sen el (*vez, capaz*). Dentro deste complexo, a fala de Manuela e de María sitúase na microsubárea Moraña-Cotobade da área pontevedresa polo uso da terminación *-an* (*man*), o ditongo *-oi* (*moito*), a vogal temática *-e* na terceira persoa dos pretéritos da segunda e da terceira conxugación (*meteu, comeu, saleu*). A utilización indistinta dos solucións *eso* e *iso* para o demostrativo neutro acentúa a súa proximidade á isoglosa que separa a subárea Ulla-Umia da macrosubárea Verdugo-Miño.

A pesar da súa proximidade, entre os textos de Callobre e os de Cuntis destaca a diferenza no uso da vogal temática na segunda persoa dos verbos da segunda conxugación, *respondeches* en Callobre e *vendiches* en Cuntis. María, unha das informantes deste último concello, usa de xeito sistemático a terminación *-no* para a terceira persoa de plural do pretérito (*fono dous á misa, cando chegano*).

A única narración recollida en Regoelle-Oliveira (Dumbría, Co) é unha magnífica mostra da fala da subárea do Xallas, na área fisterrá do bloque occidental (Fernández Rei 1990, pp. 116 e ss.), debido á utilización da terminación *-an* para as palabras femininas (*mañán*), da gheada (*agharrou, faghas, aghora, chegharon*), de cheísmo (*mátache*), do seseo prenuclear (*enfusiñaba, fasendo*), da inestabilidade da fricativa palatal (*hoxe, deixar, díxolle*), que mesmo se pode articular como unha fricativa alveolar (*San, Marusa*); do ditongo *ui* (*cuíro, fui*); da vogal temática *i* na terceira persoa do pretérito dos verbos da segunda e da terceira conxugación (*colliu, vendiu, caiu*); da aspiración do *-s* final (*hagh, deghde*); da palatalización esporádica do *a* átono (*mätou*); da utilización das formas non marcadas do pronome de acusativo (*o, a*) cando van precedidas por unha forma verbal rematada en ditongo (*levouos*) e do amecido dun *-n* na primeira persoa de pretérito dos verbos rematados no ditongo *-ei* (*matein*).

5.3. Trazos da lingua popular e coloquial

De por parte dos xa sinalados, outros trazos que caracterizan a lingua dos textos como popular e coloquial son⁸ as labializacións (*lovántate*); a conversión en iode da conxunción *e* cando vai seguida de vogal e a posterior abertura desta ó formarse o ditongo (*i-ò forno*; *i-àpertou*, *i-èses*); a prótese dunha vogal (*arresistía*) ou dunha sílaba (*encolghados*); a aparición de vogais e consoantes epentéticas (*advertido*, *queríanse* —por *críanse*—, *costrelas*), nalgúns casos inducida pola fonética sintáctica (*o iamo*, *a iauga*);⁹ o emprego do *e* paragórico (*mirare*, *facere*, *ghastadore*, *enformare*); a aférese dunha vogal (*inda*, “non sabes os ciclistas onde fan a *tapa*?”; “*non cèrto pà cama*”, *subiòtes*) ou dunha sílaba (“eu *tou* enfermo”, “*ti tas* tolo”); o uso de formas sincopadas (*dreito*, *parce*, *endrezalo*, *aparçia*),¹⁰ especialmente a preposición *pra* ou *pa*, que é de uso xeral; a apócope silábica en *verdá* e *necesidá*; a metátese en *óutor* e *probecica*; o rotacismo do *-r* ante consoante sonora (“*derde* que comeron”, “*anácor* de touciño).

Un último trazo do galego popular e coloquial detectado nos contos que cómpre destacar é a presenza das interferencias do castelán. Hai algunha mostra na morfoloxía (“pedimos *sal* e Diòr mandóunola”) e na sintaxe (*non vos voun a pagar*), mais é especialmente abundante no ámbito do léxico: *khèfe*, *calle*, *puènte*, *cadena*, *luna*, *cuento*, *vièntre*, *abuèlo*, *salir*, *sièmpre*, *puèblo*, *dernudárono*, *siquièra*, *adrio*, *a cièn*, *bièn*, *entretenidos*, *pelea*, *apuèsta*, *tècho*, *cuadra*, *tiènda*, *ventana*, *fikhamènte*, *desaiuno*, *Diòs*, *adiòs*, *donde*, *cerdo*, *cuènta*, *demonio*...

Algúns dos castelanismos detectados é probable que estean inducidos pola propia situación comunicativa —a condición de estranxeira de Dorothè era difícil de disimular aínda que falase

8 Seguimos neste punto a caracterización dos fenómenos e a ordenación presentada por Graña Núñez (1993).

9 Tamén se detecta o fenómeno contrario —se cadra, por ultracorrección—, a supresión dun *i* etimolóxico en posición propia dun *-i-* antehiático: *saas*.

10 A solución *ca* para o encontro da preposición *con* co artigo *a* (“*ca* noite qu’ está”, “*mar-chou ca* pòrta”) pode considerarse un fenómeno de epéntese inducido polas formas masculinas (“*cos* pès á auga”).

galego—, como acontece coa utilización de *bestia*, no canto de *besta*, animal cabalar, ou de *los cokhones* da seguinte secuencia:

I-èl que estaba deitado pois miroulle è viulle algo que lle pareceu qu' èran los cokhones. È' ntonces xa quedou intranquilo. Dixo:

—Eu, ise que dòrme ca miña mullèr parce que lle vin collois, coño! Tèn que ser collois.

A introdución de diálogos en castelán no conto “Os tres curas e o sancristán” é unha mostra da situación sociolingüística do galego: os curas, como persoas formadas e socialmente ben posicionadas, falan en castelán e os outros personaxes exprésanse en galego con manifestacións claras de diglosia, pois a María fala co home en galego, pero diríxese ós curas en castelán.

6. Contos de canteiros

6.1. *Á busca dun lugar para descansar*¹¹

Unhos cãnteiros... Cuando viñan antes a Galicia, viña unha cuadrilla deles. Pasaban por unha calle è —traían sièmpre un khèfe qu' èra o que os dirikhía— ordenaron de descansar, mais non sabían donde. È' ntonces había unha pòrta abèrta. Quèn facía de khèfe díxoll' a un:

—Baixa mirare a ver s' hai palla no portal ese. È se a hai dices que a hai.

I-èntonces tirouse ia había un carro. È dèu cas costrelas no carro è ô caer empezou:

—Ai!

11 Narrado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Santalla, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu). Unha versión moi semellante deste conto aparece recollida no volume *Contos populares da provincia de Lugo* (1972, p. 123) co título “Os canteiros que buscaban pousada”.

I-èles quedaban arriba queríanse que decía que häbía a palla (...). È dá tamên cas costrelas no carro, empèza:

—Ai!

È detrás dil o outro è alí s' esnocellaron os sète qu'iban.

6.2. *A bola de pan*¹²

Outra vez iban i-ô pasar un puènte, a luna daba è daba na auga è eles queríanse qu' èra unha bòla de maíz è dicen:

—Había que baixar mirare... Había que baixar pola bòla.

Dice:

—Pèro, ¿como imos baixar?

È dice:

—Si, imos facer cadena. Aora eu agárrom' ô puènte è tu agárrast' òs meus pês i-ò outro agárras' òs teus i-àsí imos facendo a cadena hasta chegar á bòla.

I-èntonces foron facendo a cadena hasta chegar ô, ô río donde dab' à, donde dab' à, a luna. È cuando chegou un cos pês á auga, o que estaba agarrado ô puènte pois non arresistía è dice, dice:

—Ai, hò! Finc' òs pês na iauga en cuant' eu cuspo, cuspo nas maus!

È' ntonces quere cuspir nas maus è salta, sòltase è marcharon todos polo río abaixo:

I-ái s' acabou o cuènto.

12 Narrado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Santalla, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu). Unha versión moi semellante deste conto aparece recollida no volume *Contos populares da provincia de Lugo* (1972, p. 124) co título "Os canteiros e a lúa".

6.3. *O forno da Lagúa*¹³

Meu abuelo, qu' era da Lagúa, è tiña que facer un forno è unha aira è chegan por alí dous cãnteiros nòvos que nunca da casa saliron, que salían siẽpre... Xuntábanse dous rapaces cualquẽra è fãcían de cãnteiros è viñan aquí a, òs puẽblos a buscar òbras. Entonces chegaron pola Lagúa è díxolles meu abuelo:

— Que vides vosoutros?

— Vimos buscar traballo.

— Sodes cãnteiros?

— Pois si.

Dixo:

— Eu tiña que facer unha aira è tiña que facer un forno, vosoutros facelo?

È dixêronlle:

— Amais bèn. Com' o queira.

È díxo:

— Pois entonces vide pr' aquí. Mira: aquí quèro face-lo forno è aquí quèro face-la aira. Aquí tedes que construír a aira ia aquí o forno.

Entonces deixouos è dixèron un ô outro:

— Ai, hò, i-ò forno terá que ser á règua ou terá que ser ô grano?

È como non sabían, entonces quedaron pensando è pasaba unha da Moeda por alí, levaba unha bèstia è dice:

— Arre ègua!

È dícelle:

— Á règua, hò, á règua. Tu ères tolo! Non ves que è á règua?

13 Contado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Santalla, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu).

Pònse a face-lo forno á règua è cuadrado mais fõron paredando. Cuando chegaron ô cimo, ô encollelo, o forno víñase. È díxoll' un ô outro:

—Ai, hò! O forno vènse. Ê bèn que, pedirlle a cuènta ô amo que o forno vènse.

È dixo:

—Pois vai correndo que voun ter eu conta das pèdras en cuanto tu lle vas pedi-la conta.

Il mète a cabeza è queda tendo conta das pèdras i-ò outro márchase alí á de meu abuelo a pedirlle a cuènta è dícelle:

—Vimos que nos dea a cuènta que nos imos.

E dícelle:

—Pèro eu sin ve-la òbra non vos, non vos voun a pagar. Voun ve-la òbra è despois xa vos pago.

Entonces, ô non lle pagar, bótase correndo pra ondi-ò outro i-ò outro... Vense a parede, queda il co pescozo fõra i-àpertou è quedou cor dèntes regañados. I-ò outro, qu' iba correndo, viu, cuidou que s' estaba rindo è díxolle:

—Rite, rite, qu' o iamo non quère fàcer a conta!

È así s' acabou o cuènto.

7. Contos de curas

7.1. *Don Climente*¹⁴

Èra un cura destes que hai nas aldeas que por medo de non morrer afogados nin de gharstar canto tèñen non se lavan nunca deixando que a morriña os cubra derd' os pès á cabeza. A este do meu conto nacéronlle uns pelos dentro das orellas que máis bèn orellas parecían

14 Contado en marzo de 1979 en Callobre, A Estrada, por Manuel, de 85 anos. Deste conto obtívose unha versión moi semellante na gravación do *Atlas Lingüístico Galego* realizada en xullo do ano 1975 en Friamonde-Callobre, A Estrada a Manuel García Mato de 55 anos.

dous anácor de touciño. De virtudes andada, coitado, tan mal como de limpeza. Tiña uns zapatos con tantísimos remendos qu' o mellor zapateiro non era capaz de decir con certeza cal era o xénero primitivo. Aora que si, tocante a mulleres, non deixaba quedar mal os colèkhas.

Un día estuvo falando cunha veciña, mullèr dun ferreiro, è díxolle:

—Tès uns ollos, Pèpa, que non pòde un mirar moito tempo pra eles sin sentir còxeghas por todo o corpo!

—Carainas, don Climente, qu' amigo è usté de burlarse!

—Non, burlarme, non! Quèn pudèra falar contigho un par de horas onde ninguén nos vise!

—Pois aora.

—Buèno, si, pèro aora non è a cousa a propòsito pa contar che catro mistèrios que hai na vida, catro cousas.

—Buèno, don Climente. È eso que me quería contar usté tèn algo que ver con Diòs è mais cos santos?

—Si. Se buscas oucasión d' estar comigho un par de hòras onde ninguèn nor vexa, pòdes facer de conta que se salvou a túa alma.

—Ai, pois eu teño moito interés en saber eso. Quèro ir pò cèu!

—Pois nada. Pòdes facer de conta que te salvaches!

—Poir lògho esta noite na miña casa!

—È Xuxê?

—Xuxê nada, que vai á feira a Lestedo vender uns cuantos leghós è non está na casa.

—Buèno, pois alá vou. Ár dès alá estarei!

A mullèr cheghou á casa è dixo:

—Xuxê, vouche contar un caso que m' aconteceu hoxe con don Climente.

—È el estivo contigho?

— Estivo. È díxome que quería falar comigho un par de hòras onde ninguên nor vise.

— È ti que lle respondeches?

— Que viñèra esta noite pá miña casa, que ti non estabas.

— Ai malo raio che defenda a cabeza! È dixo que viña?

— Si, quedou d' estar aquí ár dè.

— Buèno, pois, ti deix' à pòrta acheghada pa qu' eu poida entrar que despois xa m' eu encarghei, encargharei de que lle lembre o día sète de natal.

— Òi! È se fas unha mòrte?

— Ti cal' à boca qu' eu bèn sei o qu' hei de facer.

Meu dito, meu feito! Inda non dèran as nòve, xa don Climente estaba rabuñando á pòrta. È entonces èla abreu è el entrou. Pasoulle unha man pola cara è èla xa andaba dun lado p' òtro è el andaba como un touro bravo pola cocíña. O hòme tardaba è èla xa se vía comprometida co condenado do crègho.

Cando, de repente, entrou o hòme pola pòrta pa dentro con dous criados armados de paus. Non direi a que, a que alí mallaron. Non lle puñèron o corpo neghro porque xa el o tiña de non se lavar nunca, pèro que levou uns fungueirazos como è debido.

Despois colleron è dernudárono è metérono nunha corte onde Xoxè tiña unha vaca parida con dous becerriños qu' aínda mamaban. Ai as que pasou co diaño dos becerros tod' à noite! Un turra por aquí, outro turra por alí, o crègho non pudo cerrar ollo no rèsto da noite. Entr' o dolor dos fungueirazos que levara mailos escornazos do touros, veuse perdido.

Ò outro día, a xente, no adrio da iglesia, decía:

— È que lle pasaría a don Climente pa non dicir misa hoxe?

Un rosmaba dun lado, outro rosmaba do outro. È entonces xa o pedaño con dous hòmes quería entrar na casa do cura a ver que fora o que lle pasara, a ver se lle entraran or ladróns na casa è o mataran ou a ver que pasara...

È entonces èla, vendo o rebumbio que había, colleu è abreu-lle a pòrta da corte è saleu pa fòra. È díxolle:

—Adiòs, meu amante!

È díxoll' el:

—Adiòs, miña besta! È dille ô teu hòme que se quère man-
te-los touros, que compre hèrba.

7.2. *Os tres curas e o sacristán*¹⁵

È claro, ela estaba buèna moza. È pasaban tres curas pà igrlesia i-èla
estaba no balcón è decíanlle:

—Que buèna estás, María!

Pasaba outro:

—Que buèna estás, María!

Pasaba outro:

—Que buèna estás, María!

È detrás pasab' ò sacristán:

—Que buèna estás, María!

Pèro, lògo, ela díxolle ô marido:

—Sabes que pasan-os tres curas pra igrlesia è piropéanme
deste xeito? I-ò sacristán tamên.

Pois lògo vai è dícell' o marido:

—Pois mira ponlles unha cita pra täl día, prepáraslle-la
comida ca condición ca, a comida que fagas pr' ò pri-
meiro temos que comela tu i-eu.

Buèno, así o fixo. Vèns' o primeiro cura è pèta na pòrta:

—Buènos días, María.

—Buènos días. Puès mire ya estòy preparando la comida y
tal...

15 Contado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Santalla, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu).

Pèro, naqueles medios, xa cheghou outro petando tras da pòrta. È dícell' ela ô primeiro:

— Uy, que viène ahí mi marido!

È escondeu o primeiro nun arcón è seguiuille coa mesma conversación, qu' estaba preparando a comida, que tal, pèro, naquelo, xa chega o terceiro, tamên petando, pum, pum!

— Que viène ahí mi marido!

A o arcón tamên con el. Lògo chega o sacristán, tamên naqueles medios, petando:

— Uy, que viène ahí mi marido!

Tamên. Lògo veu o da verdá, qu' era o marido è comeron-a comida. Derde que comeron, pois tomaron cafè è despois dícell' o marido á María:

— María, habiamos limpar aquel arcón.

— Buèno.

— Pois ferve lògo un cubo d' auga que, que hai que limpia-lo arcón.

È ferveu un cubo d' auga è empezou a botar por riba da zapa da arca. Como estaba mal rexuntada a auga iba pa [dentro] è dícelle o hòme á María:

— Pèro María, parece que haia ratos dentro! Abr' a zapa a ver!

María púxos' a abri-la zapa è o marido púxose coa pistòla xa en mau. È, ô abri-la zapa, dícell' un cura:

— Òi, pola Virkhen, no me mate, que yò le dòy tanto! —qu' èra o que quería o marido.

— Venga pa fuèra!

— Òi, yò por la Virkhen le dòy tanto!

— Pa fuèra!

Vèn-o terceiro:

— Yò tambièn le dòy tanto!

— Pa fuèra!

I-ò sacristán como non tiña diñeiro, calou a boca. Pèro, dispois, des que botou os tres curas fôra, quedouse co sacristán na habitación è díxolle:

—María, trae unha vèla pr' àcò.

Mandouo desnudar è mandouo poñer de rodillas è plantoulle unha vèla no cu è púxolle fuègho á vèla è a andar todo arredor da habitación hasta que se queimou a vèla. È dispois botouo pra fôra tamên.

È lògo prò outro día, o domingo, è chegou Mária á igrelesia, è como iba bièn vestida, entra María na igrelesia è sal' un cura qu' estaba no altar:

—(*cantando*) Òh, òh, que buèna estás, María!

È sal' o outro da sacristía:

—(*cantando*) Òh, òh, i-à tu cuènta i-a la mía!

È detrás sal' o sacristán co icensario ese:

—(*cantando*) Yò, como no tenía dinero, me han puèsto el culo de candilèro!

7.3. *Problemas para ter familia*¹⁶

Unha vez era un mättrimònio è non quería ter familia. È vai a mullèr è dícelle ô señor cura:

—Ai, señor cura, por que será que nòs non lle podemos ter familia?

Dícell' o cura:

—Seguramènte tiène aquèllo torcido.

—È como farei pra enderezalo?

—Pois endrèzollo eu.

—Pèro vaimè lăstimar.

16 Contado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Santalla, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu).

— Nona hei lästimar nada!

È agarrou con ela pr'à mesa de operaciois è enderezoulla. Mais marchou o cura è chega o märido è vai ela è abrázase ô marido è dícelle:

— Ai querido, i-a que non sabes por que non che tiñamos familia?

— È por que?

— Porque che tiña aquilo torcido

— È quèn cho enderezou?

— Enderezóuchemo o señor cura è non che me mäncou nada!¹⁷

8. Contos de xastres

8.1. *O bolo do lar*⁸

[Ía un xastre a] unha casa è levou un, un operario con el. È, è na casa non lle debían de dar moi bèn de comer que de noite fixèron o, o bolo na borralla na, na lareira. Así unha petada de pan. È puñèronlle por arriba, de noite, è puñèronlle por arriba, buèno, verzas è cousas. È entonces díxolle o criado, o criado ô amo, que durmían na casa onde cosían:

— Mi amo!

— Que?

— Èu teño fame!

— È' u tamên.

— È lògho como facemos pa comer algo?

17 O narrador é consciente de que o conto continúa, pero non sabe como. Comeza de novo a contalo, mais a narración está cortada. Lingüisticamente, a única diferenza salientable entre unha versión e a outra é que na segunda utiliza o termo *endereitar* no canto de *enderezar*.

18 Contado en marzo do 1979 no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) por Manuela, de 64 anos.

— Pois mira, vas abaixo è còllesll' o bolo do lare è cághaslle alí —dispensando.

È entonces, èfètivamente, marchou abaixo è díxoll' el:

— Si, però èu non vou sabe-lo camiño pa vir pa riba.

— Lèvas un fío.

È levou un fío. È, buèno, cheghou coa petada, comeron a petada è deixaron o outro monte na lareira. È despois pola mañán encontráronse cun monte que, que non pensaban è o outro comérono eles.

8.2. *As papas, a cancela e os ladróns*¹⁹

[Un xastre] è un criado que estaban cosendo nunha casa è tiñan fame de noite. È entonces o, o, o criado díxoll' ô amo:

— Mi amo, yo tengo... Teño fame!

È díxoll' o, o, o amo:

— Tès?

— Si.

— Eu tamên.

— E lògho como hei facere?

— Pois mira: vas abaixo que fixèron papas è tras unha ghorra dèlas.

19 Igual có anterior, contado por Manuela, de 64 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po). A narración faina dúas veces con moi poucas diferenzas significativas entre os textos, de non ser o inicio en castelán do primeiro comentario do operario, que na primeira narración é en galego, da confusión do lugar en que se ata o fío, que na primeira versión é dende o inicio o cu da vella, e no uso da forma *chapazoullas* da primeira no canto do *stampoullas* da segunda.

O conto dos xastres que comen as papas de noite é ben coñecido, tal e como indica C. Noia na súa monumental *Contos galegos de tradición oral* (2002, pp. 293 e 294). Non se coñece ningunha versión na que os xastres fuxan coa cancela. De feito, o motivo dos dous viaxeiros que levan unha cancela e que se atopan cos ladrón forma un conto de seu que en Noia (2002, pp. 352 e 353) aparece cos títulos “O fillo parvo” e “O parvo e o listo”. A volta dun ladrón para comprobar as súas pertenzas aparece nos contos “O gato e o carneiro escorrentan os ladróns” e “Os animais músicos” (Noia 2002, pp. 93-96).

—È despois non cèrto p'á cama!

—Lèvas un fío! È cando volvas trasm' a min... Ti còmes as que queiras è a min trasm' unha ghorra dèlas —unha ghorra da cabeza—. È, è síghe-lo fío è xa cèrtas.

È 'ntonces veu cunha ghorra de papas è díxolle:

—Mí amo, tome as papas!

È o amo en ver de poñerll' o fío así, púxoll' o fío —dispendando— no traseiro. È entóncer vaise... è o fío taba no traseiro è dicíall' el:

—Mí amo, tòme as papas!

È o traseiro estaba:

—Pu.

È dicíall' el:

—Pèro, mí amo, tòme as papas! Non lle sople xa que xa están frías.

È veña è veña è veña è dixo el:

—Xa non están de soplar!

Estampoullas todas no cu. È entonces, claro, empezou a berrar. Ai!, xa non o dixen bèn. Levaron [o fío] ô cu dunha vèlla da casa, è entonces a vèlla empezou a berrar:

—Ai Diòs mío! Que aquí anda el domònio! Que me pasou a min aquí! —È tal è tal.

Entonces armaron unha revolución è o criado è maillo, o xastre marcharon. È díxoll' o, o xastre ô criado:

—Trae esa pòrta contigho.

È o criado en vez de cerra-la pòrta... Díxolle que cerrase a pòrta. È, en vez de cerra-la pòrta, còll' a pòrta ô lombo. Marchou ca pòrta ô lombo. Chegharon alá a un sitio è subiron pa riba dun carballo. È díxoll' o, o, o xastre:

—Ès capaz de, ès capaz de traé-la pòrta contigho pa riba?

Díxolle:

— Si.

È levou a pòrta consigo para riba do carballo è viron vir en vivo unha pandilla de ladróns. È puñéronse a conta-los cartos è [...] fixèron o caldo. È ‘ntonces probaron o caldo è non lle tiña sal. È dixoll’o xastre ô criado:

— Tèr ghana de mexar?

È díxoll’ el:

— Si.

— Méxalle na pòta!

Ô mexarlle na pòta despois probárono è dixèron:

— Ah, sal x’ ò ten! Aghora o que lle faltaba ê unha pouca fariña!

È díxoll’ el:

— Tès ghana de andar de vièntre?

— Teño!

— Cághalle —dispensando— na pòta!

È despois fíxollo na pòta è despois probárono è dixèron:

— Vaia que o caldo, aghora estache bo! Tèn sal. Pedimos sal è Diòr mandóunola; pedimos fariña è Diòr mandóunola. È todo veu d’ arriba. È s’ aghora pedimos un raio tamèn nolo mandaría?

— Déixalle caí-la pòrta.

Deixoulle caí-la pòrta... Escaparon todos pèro a cièn. È deixaron os cartos. È deixaron a pòrta alí do caldo. Os outros o caldo non o comeron, pèro os cartos, sí.

Entonces estaban alí car’ ô lume è cheghou è dixèron:

— È que será dar nòsas cousas todas?

— Pois vou eu mirar.

— Pois vai.

È foi mirar è díxoll’ el:

— È lògho ustedes que fan aquí, señores?

— Tamos aquí, que eu son un mèdeico è este...

— È este?

— Este è o meu practicante. È tamos aquí para consultar a quèn veña.

È díxoll' el:

— Vale. Pois eu tou enfermo.

— Buèno, poir bot' a linguíña fôra pa, pa miralo.

È botoull' a lingua fôra è cortoull' un anaco. Entóncer marchous' è:

— Ba, ba, ba, ba, ba...

È non lle podía... os outros a preguntarlle è el non lle sabía falar. È inda tan correndo aghora.

8.3. *A fame fai o xastre*²⁰

È outra vez era un sastre. Ou, un sastre non era, però era un que tiña fame è meteuse... Dixo el:

— Como hei de facer pa mata-la fame?

È dixo:

— Pois voume metere...

Qu' andaban polas pòrtas, sabe?, qu' andaban polas pòrtas a ver quèn ghanaba algho. È meteuse sastre è iba berrando:

— Facendo saas, facendo traxes...

È cheghou onda un que tiña un traxe pa facer è dixo:

— Ven p' acá! Ven p' acá qu' entóncer farm' este meu.

20 Transmitido por María, de 70 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) en marzo do 1979.

È vai entonces, claro, de, de poñerse a facer aquel... alí... vèn è tuvo con... tod' à mañán, todo ànter do... non? do mediodía, do mediodía tuvo:

—P' àquí ténas è p' àlí tamên è p' àquí ténas è p' àlí tamên.

È 'ntonces, pola última comeu ô mediodía. È comeu bèn decindo “p' àquí ténas è p' àlí tamên”. È vai entonces agharrou è comeu... —daquèla sería un, un pedazo de carne de, de cerdo ou iso—. È entonces vai è, ô qu' acabou de comere a... a comer volveu outra ves a tomar medidas:

—P' àquí ténas è p' àlí tamên. È p' àquí tenas è p' àlí tamên.

Hasta que pola última, o señor do, dono do traxe dixo:

—Pèro que será eso? Que será?

È dixo:

—Pèro que è o que dá?

—Unhas alfõrxas! —dixo.

Entonces saleu o, o amo è dixo:

—Pèro eu non che pedín unhas alfõrxas, que che pedín un traxe. È pa un traxe.

—Ai, però o traxe no sei facer.

Entonces marchou è despois marchou comido. Cobrar non cobrou, però siquièra mantúvose. Non è así?

9. Contos de homes e mulleres

9.1. *A visita da comadre*²¹

Èra alá en Lóuzara iè un fulano falaba cunha rapaza, mais a rapaza cäsouse prä un puèblo alí abaixo da Casèla i-èl quedou sin ela, claro. Pero des que levaba un cuanto tèmpo, acordou de, d'a ir ver. Entonces chegou a, ô puèblo donde estaba i-á casa iè entrou. I-èla ô velo:

21 Narrado en setembro do 1978 por Senín, un veciño de 45 anos da aldea de Lousada, parroquia de Lousada, en Pedrafita do Cebreiro (Lu).

—Válgame Diòs, vèn aí a miña comadre! Unha comadre que tiña è mira donde vèn a pobrecica, a probecica è mira donde chegou.

È dixéronll' os sogros:

—Dille qu' entre qu' a hamos atender todo cuanto podiamos.

I-èntonces estuvèron tod' à noite conversando è falando, pèro cuando s' iban deitar dice:

—Donde a deitaremos?

È dic' ela:

—A comadre è mellor que veña comigo, que anda encinta è pòde dā-la luz. È que veña a durmir comigo.

—Pois si —dixoll' o hòme—. Que durma contigo qu' eu durmo aquí na pälleira. En cualquèr lado durmo!

Afètivamènte. Levárono á pälleira i-èl deitouse con ela. Mais de noite, cuando estaba na pälleira, na pälleira dèulle gana d' òrinar è como älí non häbía váter nin bacenillas pois levántous' á porta a òrinar por un buraco á corte.

I-èl que estaba deitado pois miroulle è viuille algo que lle pareceu qu' èran los cokhones. È' ntonces xa quedou intranquilo. Dixo:

—Eu, ise que dòrme ca miña mullèr parce que lle vin collois, coño! Tèn que ser collois.

Pèro o hòme no sabía fikhamènte si èran si non èran. È deitouse è, claro, tod' à noite estaba dicindo.

—Ai, collós èran, èran! È creo que caralla tamèn.

O home, intranquilo, á mañá levántouse è marchou arar. I-àndaba arando è tiña unhos bòis rubios è dicía:

—Èi, bòi, èi! Ai, collós èran, èran! È caralla tamèn paréceme qu' èra!

I-èntonces ela íballe leva-lo desaiuno i-ò entrar escuitou o qu' iba falando el contr' òs bòis è vía qu' iba decindo eso:

—Ai, collós èran, èran! È caralla tamèn!

È dèuse cuènta qu' estaba enterado do asunto. I-èntonces dícelle:

— Ai, Xan!

È dícell' el:

— Co dèmo quères?

— Hein ir polo arado ou polo por arar?

— Polo dèmo que te lève! Que como baix' aí heinche dar unha patada que te hein quebrar!

È díxoll' ela:

— Louquea, louquea! Fai coma o compadre da, o hòme da comadre da Casèla, que lle dèu unha patada nas súas partes è botoulle os riles è a paxarela fôra!

È dixo:

— Ai lògo èr' amigo! Gracias a Diòs! Entonces xa non hai cuidado!

9.2. *Os pantalóns do cura*²²

I-èl èra arrieiro. Ordenaron de marchar ô vin a Vâldeorras. È marcharon. Cuando iban a unha distancia xa de unhos cuantos mètros, olvidáronse as alforxas na casa, que as deixara na caiceira. Vòlve correndo polas alforxas è, por baixo da casa, por unha ventana que hâbía, dícelle á mullèr:

— Tírame as alforxas que me quedaron olvidadas aí na caiceira da cama.

È a mullèr levántase è tíral' as alforxas, però en ver de lle tira-las alforxas, tíralle os pantalois do cura.

Marcha correndo cos pantalois è escarranchòs creéndose que èran-as alforxas na albarda da, da, da bèstia. Entonces marcharon il è mais... Cuando veu o día, os compãñeiros qu' iban detrás viron os pantalois do cura escarranchados na albarda è dícenlle:

22 Narrado en setembro do 1978 por Sanín, 45 anos, no lugar de Santalla, parroquia de Lousada, concello de Pedrafita do Cebreiro (Lu).

— Ui! Que lèvas aí?

I-èl mira è xa se deu cuènta è quíxose volver è dixêronlle:

— Sigue, hòmbre, sigue! Aora tira. Que lle vas a facer?

Pèro o hòmbre marchou incomodado tod' o camín ô viño.

Cuando ela, endoutro día, dáse cuènta que lle tirou os pantalóis do cura è que non lle tirou as alforxas. O cura tuvo que marcharse ô rompe-lo día sin pantalós i-èl márchase ô viño a Valdeorras. È entonces ela chorando tod' ò día. Mais tiña unha comadre è viua chorar è dícelle:

— Que lle pasa, comadre?

È dícelle:

— Esto me päsou. O ocioso do cura veuse pra onda ieu i-èsto me päsou. I-aora son perdida que me mata o hòme.

Dice:

— Non teñas mèdo, qu' esto heino, heino arreglar eu. Marcha á tiènda a ver si hai algún retal do pantalón do cura e... marcha á tiènda è compra ghênero è compras outros pantalós o mesmo que, qu' os que lle tirache ô, ô marido.

Èfètivamènte, foi á tiènda è comprou outros pantalós è a comadre, cuando volvían de regreso, pois sale älí á pòrta è viste os pantalóis. Entonces pasaba, que era compadre, o, o arrieiro. Pasaba è non lle miraba è dícelle:

— Ai, compadre! Parce que vai enfadado! Non sei que lle pasa!

I-ò outro botoulle unha ollada è viua cos pantalós vestidos:

— I-èses pantalós que tèn vestidos?

È díxolle:

— Pois compramos eu i-à comadre unhos o outro día. I-èla tèn unhos i-eu teño outros.

È dixo:

— Ai, entonces xa foron os que me tirou!

È xa lles pasou todo. È máis nada. Arreglouse todo.

9.3. *O mandar dos homes*²³

Pois era un matrimònio è mandaba sièmpre a mullèr. De manda-la mullèr díxolle un día o hòme:

— Mullèr, vaia por Dios!, non terei un día que pòda mandar eu! —díxolle o home.

— Si, mullèr, si! Si, muller, si! Hagh de mandar un día, hò! Heiche deixar mandar un día. Buèno, mandas mañán!

Chegharon a mañán è díxolle o hòme á mullèr.

— Maruxa, lovántate! —Buèno, levantou—. Tir'ò palleiro!

— Ai, Diòs mío! Como vou a tira-lo palleiro!

— Si, tir'ò palleiro! Hoxe mando eu, Maruxa!

Agharrou èla, tirou o palleiro. Veu è díxolle:

— Xan, tirei o palleiro! (...) ²⁴

Metiu a palla na cuadra. Veu è díxoll' èla.

— Buèno. Metín-a palla na cuadra.

— Mata a burra!

— Ai, Dios mío! Mata-la burra! Como vai ser?

— Mata a burra! Hose mando eu!

Mätou a burra. Tirou è veu è veu pr' à casa è díxolle:

— Buèno, è aghora? Matein-a burra.

— Tíral' o couiro.

— Ai, Diòs mío! Eu non sei tira-lo couiro!

— Si, tíral' o couiro! Hoxe mando eu!

— Ai, Diòs mío!

Tiroull' o couiro. Veu è díxo:

23 Foi narrado en decembro do ano 1980 por Estrela, de 64 anos, no lugar de Regoelle, parroquia de Olveira, concello de Dumbría (Co).

24 Neste punto prodúcese un corte na narración debido á manipulación da gravadora. Enténdese que despois de que a palla estivese tirada, o home lle manda á muller métela na corte.

—Tireill' o cuiro!

—Buèno, pois aghora voum' eu lovantar.

Lovantouse, foron os dous p' à cuadra è el agharrou un barvaghò (?) bo è díxolle:

—Vira na vòlta que hai que malla-la palla!

Èla viraba na vòlta è el, plas! Èla viraba na vòlta è el, plas!
Hastr' ò final qu' a pòbre da mullèr enfusiñaba. È enfusiñaba è el:

—Maruxa, hoxe mando eu! Va! Hai que malla-la palla,
Maruxa!

Agharrou a pobriña caiu è díxolle:

—Buèn' hò! Deixa que deghd' hoxe hagh de mandar ti sièm-
pre!

Tiñan un par de bois è el levouos á feira. O hòme levouos á feira. È fui prá feira, vendiu os bois è dixéronll' os hòmes, os compañeiros:

—Ai, hò! Ti vènde-los bois! Espera ti que chèghes á casa a mullèr! Volve a venda atrás qu' a mullèr mátache!

È díxoll' el:

—Buèno pois xoghámo-los bois. Si a miña mullèr me vòlv' a vendä atrás, eu perdo os bois. Si a miña muller, non me vòlv' ä vendä atrás hai que m' abonar outro tanto do que valen-os bois.

—Pois sa está!

Marcharon prá casa. Cheghou á porta è el iba cantando:

Tòca bèn miña bamburria,
acòdate Maruxiña
do pelexiño da burra.

Èla estaba dentro, entretenida, fasendo de comer, traballando cos seus labores è díxolle el:

—Marusa!

—Que, San?

— Vendin-os bois!

— Está bèn! O que ti faghas está bèn feito!

Díxoll' el òs compañeiros:

— Pois aghora hai que abonarme o valòr dos bois è eu quedo cos bois.

10. Contos de proxenitores

10.1. *O pai agharrado*²⁵

Èra un matrimònio que tiña unha filla. È o matrimònio, o vèllo era com' á Virkhen do Puño, non? Entráballe perra na casa è noa soltaba. È entonces a filla tiña un mozo è tratou de se casar. È díxoll' o vèllo, díxoll' a seu pai:

— Òiches ou òeu, o mozo quèrese casar comigo.

Díxoll' el:

— Òi, ese hòme non sirve pa meu xenro!

Dice:

— È por que, papá?

— Porqu' è moi ghastadore. Vai á taberna è fuma è eu non quèro xente desa na miña casa. Tamèn eu aprèto todo o que pòdo!

È o hòme taba detrás do lume con dúas achiñas na lousa, ca lus do ghas apaghada p' à aforrar.

È entonces a moza díxoll' ò, ò mozo, díxolle:

— Mira, díxenllo a meu pai pèro non, non quère saber nada.

Dixo el:

— Buèno, pois si è por eso quítome de fumar è quítome d' ir á tabèrna.

25 Contado en marzo de 1979 en Callobre, A Estrada, por Manuel, de 85 anos.

È entonces foi alí unhas cuantas veces è non fumaba alí. Fumaría noutro sitio, però alí non fumaba è procuraba que no viran ir p' à tabèrna.

È un día estaba ca moza no fondo da cociña è o vèllo estaba detrás do lume cas achíñas acheghadas è apenas se vía nada. È entonces nun momento encenderon un pouco as achas è o vèllo mirou p' ò fondo da cociña è veu ò mozo en calzoncillos. O hòme quedou así medio tal, però cando marchou o mozo díxolle á filla:

—Óiches è èu cando s' encendeu algo o lume vin o, o mozo en calzoncillos.

—Ai, si, papá! Estaba porque quitou o pantalón p' ò non ghastare!

Dixo el:

—Ai, entonces vale pa meu xenro!

10.2. *O señor José (sucedido)*²⁶

Èra unha mullèr que andaba d' amisté con outro hòme. Claro, cunha mullèr non podía andar, andaba con outro hòme. È entonces tiña unha irmán è a irmán non quería, decía que non èra cèrto, però tódolos veciños o sabían qu' èra cèrto, porque vían alí ò fulano. È o fulano tiña un cabalo è aparciá o cabalo á porta da outra. È 'ntonces a irmán non podía decir que non.

È un día estaban cocendo è díxoll' a nòra ò sogro:

—Mí padre, vaia á casa de, de Carmen —chamábanlle Carmen—. Vaia á casa de Carmen a ver se trae a masa que temos qu' enforzare.

—Si, hò. Vouche' ir aora! Carafio! Ca noite qu' está vouche ir aora alá! Vai ti se quères!

—Ai, mi padre! Pois tèn qu' ire!

—Non vou! Anque morras que me lèv' o dèmo se che vou alá!

26 Contado en marzo de 1979 en Callobre, A Estrada por Manuel, de 85 anos.

— Pois tèn qu' ire, mi padre! Ai, Diòs mío! Que tènén-a masa preparada è tal! È tèn qu' ir!

— Non, hò! Ca noite qu' está non che salgho da casa.

Pèro despois eu vin qu' èra tanto porfiar, tanto porfiar... è collín a capa de xuncos è salín pa fôra. È máis un pau de mòca que tiña. Un pau feito de carballo cunha mòca no fondo. È 'ntonces marchei dreito alá. Anduven un cachiño de camiño è despois arri-meime a unha parede pa nome mollar. Que chovía moito è facía abrigho do aire. È arrimeime alí. È ô que me parceu que tería tempo de, de cheghar á casa, esto, entrei:

— A ver! Abrir! Que xa veño!

Buèno. Abriron. È 'ntonces.

— È que? Trae a masa, mi padre?

— Alí non falou ninguên. Enchime de chamare è alí non falou ninguén. O único que foi, que lle metín os narices no cu ô macho de don Manuèl. Pero tan bèn llo metín, como trouxen-o pau de mòca ôs calcañales è cròs! No medio das rens deille. E alí nome falou ninguên. Están bièn entretenidos.

— Ai, mi padre! Usté seguramente que non chamou.

— Chamei, chamei, pèro están entretenidos è... Vamos enfor-nar!

— Pèro, mi padre, non podemos enfornar, esto, sen que veña èla ca masa.

— Que a bote na borralleira! Veña! Cerrarlle ô forno!

Eu collín unha pa è enfornei rápido è nesto dixer:

— A ver! Traed' a bòsta pa taparlle ô forno.

Alá dentro dun pouco xa eu tapara o forno è chegha a rapaza:

— Tía Pèpa! Tía Pèpa! Traio aquí a masa.

— Botádea na borralleira!

Despois a nõra quería abri-rlle ô forno. Dixer eu:

— Ábroch' eu a ti a cabeza primeiro antes que ll' abras ô forno.

— Pois hai qu' abrírlle, mi padre!

— Non se lle toca ô forno!

Eu púxeme na pòrta do forno. Dixen eu:

— Aquí non se lle toca ô forno pa nada!

È despois èla chorou de rabia è todo eso, però dixen eu:

— Nada! Aquí non se lle toca ô forno!

Despois, èla marchou p' à cama media enfadada. Ela è mais Arturo, o hòme, marcharon p' à cama. Eu è maila miña Pèpa quedamos embaixo, qu' a min ghustábame moito molla-las sopas do forno. È eles non lle gustaba moito que fora ô viño.

È 'ntonces, ô qu' eles marcharon p' à cama, fun caladiñamente á bodègha è collín unha taza, que x' à botei alá na bodègha, que xa na trouxen p' à, p' à cociña. È entonces despois tróuxena p' à cociña, outra è deille un pouco á mullèr, però a mullèr, a miña, bebía pouco, xa èra vèlla tamên. È resulta que èla nono quixo, però botéillo eu. È despois fixen únhar boas sopas de bola. È despois aínda lle dixen á mullèr:

— Oíchesme! Vaime por outra taza!

— Ai, Khosè! Però ti...! Ti tas tolo!

— Si, si. Vaime por outra taza.

È foime por outra taza.

— Non metas moito barullo que non te sintan enriba.

È tróuxom' outra taza è zampeina. Fun p' à cama coma un Pèpe que èra!

11. Contos de animais

11.1. *O sapo e o raposo*²⁷

O sapo foi á pelea co, co raposo. È ofrecían-a apuèsta. È díxoll' o raposo:

—Ti non ghanas.

Entón díxoll' el:

—Nò. Eu ghánoche.

O sapo parece parvo, non é así?, parece un parvo, però foi è 'nganchóuselle no rabo è, cando chegano ô, ô fin dond' er' à, a tapa... non sabes os bicíclistas onde fan a tapa? Eso. Virouse o, o raposo decíndoll' ô sapo:

—Ti vès?

È dixo:

—Eu xa tou aquí.

Pèro ghindouse do rabo, que o levaba no rabo, è ghanoulle a apuèsta. Un sapo a un raposo, èh! Que che parece? Mira que listo! Así que a, hast' òs que parecen, os que parecen parvos son hasta aínda listos. È lògho non?

12. Contos de gaitas

12.1. *A gaita chama pola muller*

È despois outra ves unha que foi cun unto á feira, cun cacho de unto a vendelo, que lle facían falta os cartos. E vai... entonces èla

27 Transmitido por María, de 70 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) en marzo do 1979. Segundo Noia (2002, pp. 133-135), o tema das carreiras entre animais é moi común nas culturas do mundo. Para Galicia, ela presenta dúas versións, "O raposo e o sapo" e "A raposa e o cangrexo". O programa Xabarán Club da TVG produciu no ano 2008 unha versión audiovisual que se pode consultar en <https://www.youtube.com/watch?v=g9arSG5Peh4>

veu tocar unha ghrileira, unha ghrileira è marchou, abandonou o unto, abandonou o unto.

È entonces cheghou á casa. Claro, roubánollo è cheghou sen unto è decíall' o hòme:

— È que? Vendíche-lo unto? Canto che dou o unto?

— Cala, meu hòme! Cala, meu hòme! Se viras! Se viras, meu hòme! Habíache un pau con pelos, un fòl con subiòte è chirlaba è cantaba. Que donaire lle daba, meu hòme!

— Eu non che preghunto por ese asunto, qu' eu preghúnto-che onde vai o unto!

È èla volvíall' outra vez:

— Meu hòme! Habíache un pau... Olla!, olla! Habíach' un pau con, con pelos, un [fòl] con subiòtes, è chirlaba è cantaba! È que donaire lle daba, meu hòme!

È quedouse así o asunto.

12.2. *O pranto da muller do gaitero*

Unha ves era un que era ghrileiro, non sabes? È' ntonces morreu. È choraba èla polo marido, non sabes? È decíall' así:

— Ai meu fulaniño! Ai meu citraniño! Moito me lèvas adivertido con esa ghaitiña que lèvas entr' as pernas!

Porque lle botano alí a ghaita, non sabes?, a ghrileira... a ghrileira.

— Moito nos... moito me lèvas adivertido con esa ghaitiña que lèvas entr' as pernas!

Tu mira que comparsa, èh!

13. Varia

13.1. *Esconxuro da néboa*²⁸

Levántate nèbla ô alto da sèrra,
donde non haxa pan nin hèrba.
De pedriña en pèdra,
de veliña en vèla,
èí lle vai san Xoán
co seu cabalo ruán
ca súa perríña rubia
ca súa mullèr bārbuda
cos seus filliños todos seis
tan garridos coma reis.

13.2. *O cego, o criado e mailos chourizos*²⁹

È despois èra un cègho, un cègho è mais... tiña un criado è mais un burro. È entonces, claro, de te-lo burro è mailo criado dènolle pousada así como nunha casa vèlla, así como un chafarís así. È vai entonces, alie... Tiñan chourizos encolghados è díxoll' así o criado ô amo:

— Mi amo, òlle que chòrizos hai encolghados! Que? Collémolos?

Entonces díxolle, díxoll' o criado... o amo dixo:

— Ai, hòme! Pois collos! È despois por onde escapamos?

— Pois polo tècho, por riba.

Entonces pònsell' el:

— È o burro?

28 Recitado por Carmen, de 74 anos, en Santalla-Lousada (Pedrafta do Cebreiro, Lu) no ano 1978.

29 Transmitido por María, de 70 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) en marzo de 1979.

È saleu o criado è díxolle:

— È o burro bicò no cu qu' eu non son criado de cègho nín-
gún.

13.3. *O muíño na montaña*³⁰

Unha vez èran dous compadres è díxolle un ô outro:

— Compadre, vou facer un muín.

— Ia dond' o vai facer, compadre?

— Arriba na montaña. Vouo facer arriba na montaña.

— Buèno. A ver cuando o termina de facer prä llo ir ver.

È entonces fixo o muín na montaña è así que terminou de o facer, díxoll' ô compadre:

— Ai, compadre, xa fixen-o muín. Tèn qu' o ir ver!

— Pois cuando queira, vámoló ver.

È fórono ver è díxoll' o compadre, díxoll' o compadre.

— O muín está bèn, però i-à auga pra moer?

— Pois cuando chova!

13.4. *O paxaro atrapado na gorra*³¹

Un que quería un páxaro. Entonces un —dispensando— fixera o que tiña necesidá, como facemos todos, non é así? Non sabes?, da tripa.

È' ntonces, claro, alíe... el púxolle unha ghorra por riba è taba:

— Rou, rou, calla, calla. Rou, rou, calla, calla.

30 Foi narrado en setembro do ano 1978 por un veciño do lugar do Sisto da parroquia de Lousada no concello de Pedrafita do Cebreiro (Lu).

31 Transmitido por María, de 70 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) en marzo de 1979.

È díxoll' outro:

— Pèro, que tès aí?

Entonces díxolle, díxoll' el:

— Pois isto é un páxaro.

I-èntonces:

— Rou, rou, calla, calla —volvía outra vez.

— È non se pòde coller?

— Si, hòmbre! Pèro tès que mete-la man de forza que, se non, escápache.

È vai entonces, estaba:

— Rou, rou, calla, calla.

Dice:

— Quièta!

Bum! È meteu [a man] no monte de... Qu' inda estaba quènte, me cagho no nabo!, qu' ind' à botara había pouco. È viñèra de dentro, qu' inda taba quènte!

13.5. *Santos vai cagar!*³²

Èra un que foi á misa... dous. Fono dous á misa. È entonces, claro, dispensando, a un que lle chamaban Santo foi... Dispensando, ti sábe-lo que é caghar non é así? Diòr nolo perdone...

Entonces taba, taba el è o outro. Cando iban a decir 'santo, santo' ordenou de que tiña qu' ir caghare è vai entonces estaba o cura:

— Santo, santo...

È el taba:

— Sántor vai fôra!

32 Transmitido por María, de 70 anos, no lugar da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos (Cuntis, Po) en marzo do 1979.

Volvía outra vez:
— Santo, santo...
— Sántor vai fôra!
Pèro volveu outra vez:
— Santo, santo, santo.
— Sántor vai caghar, carallo!

14. Bibliografía

- Centro de Estudos Fingoy (1972). *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (1997). O folclore musical galego do final do milenio: o *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina. *A Trabe de Ouro*. 31, 373-383.
- Fernández Rei, Francisco (2003 [1990]). *Dialectoloxía da lingua galega*. 3ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, Francisco e Hermida Gulías, Carme, eds. (1996). *A nosa fala. Bloques e áreas lingüística do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández Rei, Francisco e Hermida Gulías, Carme, eds. (2003). *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. 2ª ed. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Un libro + 3 cd.
- Graña Núñez, Xosé (1993). *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir indo.
- Noia Campos, Camiño (2002). *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratea.
- Ossa, Sergio de la (2024). *Dorothé Schubarth. Álbum de Galicia*. 5/VI/2024. Dispoñible en <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=35176>
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1984-1995). *Cancioneiro popular galego*. 7 vols. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

NOTAS

Cada palabra pesaba, cada palabra medía.

Palabras de gabanza sobre Antón Santamarina

/ Francisco Fernández Rei



Cada palabra pesaba, cada palabra medía. **Palabras de gabanza sobre Antón Santamarina**

Francisco Fernández Rei

Real Academia Galega

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

ilgpaco.rei@usc.gal

Quero agradecer a invitación das entidades organizadoras para facer a *laudatio* de Antón Santamarina e, moi particularmente, agradézolle a Charo Baleirón Sónora, coordinadora de Innovación Pedagóxica e Dinamización Lingüística das Escolas Católicas-Galicia, e a Chus Gómez Sanjurjo, coordinadora da editorial Rodeira. As dúas foron alumnas miñas na licenciatura e nos cursos de doutoramento a mediados da década de 1990: a Charo dirixínlle no doutoramento un estudo sobre o galego de Padrón e a Chus unha tesíña sobre Frades, o seu concello.

As dúas traballaron en proxectos do Instituto da Lingua Galega (ILG). Charo non foi alumna de Antón Santamarina, pero colaborou con el na base de datos lexicográfica do que sería o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Chus participou comigo no proxecto do *Atlas Lingüístico Galego* e, sobre todo, con Manuel González no vol. III *Fonética* (1999).

1.

Antes de comezar a miña gabanza,¹ vou ler o poema “Fábula”, soneto en arte menor con versos octosilábicos, dedicado “Ó Antón Santamarina, da Fonsagrada”, que Darío Xohán Cabana publicou en *Patria do mar* (1989):

En certa montaña brava
un home sabio vivía,
e nas palabras que oía
sempre fervellando estaba.

Cada palabra pesaba
cada palabra medía,
e un brillo que non había
na nosa lingua brillaba.

E aquel home pensativo
volvíanos tan fermosa
cada palabra da tribo

porque tiña a man lixeira
pra collela coma rosa
sen abala-la roseira.

A primeira vez que vin a Antón Santamarina debeu ser en febreiro do 1973, cando apareceu un día na clase de Filoloxía Románica de 4º curso para impartir unhas leccións de latín vulgar en substitución do catedrático da materia, o asturiano Constantino García. Aínda que xa pasaron 51 anos, lembro perfectamente a súa longa barba (“a lo Adán”, dicía algún) e o seu ollar cravado máis na mesa que no alumnado. Non sabería dicir se eses días viña á clase cos coloridos xerseis que lle calcetaba a súa sogra, unha progresista farmacéutica compostelá.

1 Este texto é unha revisión actualizada do meu artigo “Antón Santamarina: unha vida de xenerosa entrega á construción e á dignificación da lingua galega” (2008). Lino na homenaxe que se lle fixo a Antón Santamarina nas *XX Xornadas de Normalización Lingüística*, organizadas polas Escolas Católicas-Galicia, con patrocinio da editorial Rodeira e co apoio da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia. O acto celebrouse en Santiago de Compostela no Consello da Cultura Galega o 22 de novembro do 2024.

Antes do remate do curso, Constantino García, que daquela tamén era o director do Instituto da Lingua Galega creado había dous anos, estaba a realizar un proxecto de recolleita de léxico oral por todo o dominio lingüístico galego. Nunha das clases invitou o alumnado a participar nel. Falounos de ir vivir un mes enteiro a unha localidade galega, da costa ou do interior, da Galicia administrativa ou das comarcas estremeiras, para recoller o léxico e a cultura inmaterial asociada a el, con que despois se podería redactar unha tesíña ou memoria de licenciatura.

Acudín a esa chamada porque quería traballar sobre o galego vivo. A persoa que nos animaba a facelo para min era un excelente profesor, que convertera en atractiva unha materia, en principio, árida como era a filoloxía, e que facía un seguimento do labor de cada estudante, insólito naquela universidade compostelá de finais do franquismo. Ademais, nas súas clases aprendín, máis ben intuín, que co material da lingua galega, practicamente inexistente nos manuais de romanística que estudabamos, podía facerse ciencia. Daquela, a nivel académico, case todo estaba por facer sobre a lingua propia de Galicia.

Cando cheguei á reunión do proxecto —era nunha das aulas da vella Facultade de Filosofía e Letras, na actual Facultade de Xeografía e Historia—, con Constantino García estaba o profesor que semanas atrás nos explicara fonética do latín vulgar e que agora termaba dun mapa do dominio galego cunha serie de puntos marcados. Nesa reunión comprometinme a ir, xunto con Manuel González, un mes á vila mariñeira de Cariño (daquela aínda era unha parroquia de Ortigueira) e outro mes á Ferrería, parroquia do concello lugués do Incio. Igual que os demais estudantes que íamos facer traballo de campo nese verán do 1973, entre os que tamén estaba Rosario Álvarez, tiven que pasar pola sala de profesores do antigo Departamento de Filoloxía Románica, onde Antón Santamarina nos deu material para enquisar e nos guiou na consulta da bibliografía sobre a cultura galega, no meu caso da Galicia mariñeira e tamén da rural.

Así foi como empecei a tratar a Antón, que acabaría sendo o irmán maior que non tiven. Na sala en que traballaba, que era relativamente ampla, estaba Guillermo Rojo, a quen eu coñecía de

telo visto en carteis de Voces Ceibes, colectivo de canción social ou de protesta en galego, creado en Santiago en maio do 1968 á calor das loitas universitarias que estralaran ese ano na cidade compostelá, e tamén porque unhas semanas antes Guillermo viñera vixiar un exame de literatura galega medieval, materia que impartía Ricardo Carvalho Calero. Estaba Xosé Luís Couceiro, daquela con moito pelo, que sería profesor meu no curso seguinte; lembraba a súa cara de cando eu asistira ás primeiras clases de Lingua Italiana, que se impartían no baixo do actual ILG, e alí estaba Couceiro para presentar a profesora, italiana ela.

Estaba Ramón Lorenzo, a quen coñecía ben, porque acababa de ser seu alumno dous cursos seguidos e era dos que lle ía sempre ás clases, mesmo ás das nove da mañá. Na sala tamén traballaba unha muller, que co tempo souben que era Carme Ríos Panisse, “Menani”, quen me orientaría meses despois ó empezar a redactar unha tesíña sobre a cultura mariñeira de Cariño, no Ortegal. No 1968, Menani presentara a súa tesíña sobre a vida mariñeira de Sada, a primeira dunha fala do noso litoral. Moito me chamara a atención que o profesorado desa sala de traballo falase só en galego con total naturalidade, mesmo con nós outros estudantes, pois nas aulas o seu uso non era o habitual.

Sen sabelo, en maio ou xuño do 1973, andaba eu entre os piares do ILG, que seguramente estaban a redactar o *Gallego 3*, derradeira entrega dun método para o ensino da lingua. Quen me ía dicir a min, daquela practicamente analfabeto na lingua que me transmitiran meus pais, que axiña me integraría plenamente nese Instituto e que co tempo ía gozar da inmensa honra de ser coeditor dos libros de homenaxe de tres dos alicerces desa institución: o de Constantino García no 1991, o de Ramón Lorenzo no 2006 e o de Antón Santamarina no 2008. E ademais, no seu día ser eu quen gabase publicamente (*chufase*, diría Antón e a xente de Lugo) o labor deses tres mestres e, sobre todo, bos amigos, a pesar da diferenza de idade entre nós.

2.

A comezos da década de 1960, Antón baixou da montaña de Lugo a Santiago para estudar Filosofía e Letras e no Departamento de Filoloxía Románica quedou como profesor e investigador; pero cada agosto desandaba o camiño de Compostela á Fonsagrada para se bañar nas augas do Suarna e nas do mitolóxico Navia, para axudarlles a seus pais na recolleita da herba seca e noutros labores do campo, ou para se mergullar na fala popular da infancia, da que tirou material para traballos sobre o léxico e a gramática do galego.

Forma parte do ILG desde que este centro de investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) fora ideado por Constantino García. É coautor do exitoso e pioneiro método en tres volumes con que o Instituto comezou o seu labor de extensión universitaria: *Gallego 1* (1971), redactado en castelán, para principiantes; *Gallego 2* (1972), en galego, para ampliación e perfeccionamento; *Gallego 3* (1974), tamén en galego, onde se trataban algúns problemas estritamente gramaticais e se daban consellos sobre o emprego da lingua para evitar hiperenxebrismos, barbarismos, castellanismos, lusismos e outros -ismos, á vez que se presentaba un panorama da cultura galega con textos redactados por especialistas.

Sobre a súa participación nese manual, Xesús Alonso Montero, que foi profesor seu en Lugo no curso Preuniversitario, na resposta ó discurso de ingreso de Antón na Real Academia Galega no 1998, manifestou:

Sen faltar ó respecto a ningún dos ilustres colaboradores desta triloxía, tan oportuna e eficaz, daquela, para o ensino do galego, como demostran os miles de exemplares vendidos, teño a evidencia de que a man de Antón Santamarina está moi presente na elaboración e na redacción destes beneméritos manuais. Falo da man, pero eu vexo, coa mesma claridade, o espírito e o compromiso de Antón Santamarina. (Santamarina 1998, p. 82)

Con Constantino García proxectou e puxo en marcha o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que permitiu coñecer o estado do galego oral cando era practicamente unha incógnita no eido da romanística. Moito antes da súa publicación, o material dese atlas foi un

dos principais esteos en que se apoiou o ILG para redactar as súas propostas de codificación morfolóxica e léxica. A normativa vixente débelle moito ó material do ALGa, sobre todo nos paradigmas verbais e na morfoloxía pronominal.

Despois do Real Decreto de 20 de xullo do 1979 do Ministerio de Educación relativo á incorporación do galego á ensinanza non universitaria, na Xunta de Galicia preautonómica creouse, a comezos da década de 1980, a Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega da Consellaría de Educación e Cultura, da que se ocupou Antón. No ano e pico que desempeñou ese cargo, coa inestimable colaboración doutro soñador, Xoán Babarro, adiantado na redacción de material escolar en galego e do ensino en galego, puxo en marcha un plan de emerxencia de cursos de lingua para o profesorado de Ensino Xeral Básico, similar ó que había en Cataluña, pero adaptado á situación de Galicia. Asemade sentou as bases para a introdución do galego en todos os niveis do ensino non universitario e para o seu emprego como lingua vehicular noutras materias. Con todo, garda unha lembranza moi agridoce desa súa primeira e única incursión política. Por outra parte, como secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, comezou daquela a redactar informes para restaurar e oficializar os nomes galegos dos lugares, das parroquias e dos concellos.

Referente fundamental na codificación do galego moderno, participou en diferentes comisións en que se teceu e desteceu a norma ortográfica e morfolóxica do idioma, á vez que coordinou, xunto con Manuel González, o *Vocabulario ortográfico da lingua galega*,² onde figuran os alicerces da práctica totalidade das entradas dos dicionarios e dos vocabularios temáticos de finais da década de 1980 á actualidade. No seu labor investigador no eido da lingua é autor de traballos pioneiros sobre o verbo, o adverbio, a gheada, a norma e o estándar; e de publicacións historiográficas sobre as nosas gramáticas e dicionarios.

A todo o anterior hai que engadir que introduciu a lingua galega na modernidade, pois desde o primeiro momento foi acollendo

2 No 1989, o ILG e a RAG editaron provisionalmente o *Vocabulario*. Despois da reforma normativa do 2003, as dúas institucións fixeron no 2004 a edición impresa e á vez pendurárono na rede.

nas súas investigacións a informática e as vantaxes da revolución tecnolóxica recente. O *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), iniciado no 1985 e elaborado baixo a súa dirección, é un proxecto precursor dos córpora textuais contemporáneos. Desde o 2005 está accesible na rede e desde aquela aumentouse progresivamente. Conta cuns 3 000 textos, desde 1612 (o soneto de Pedro Vázquez de Neira) ata 2013. Contén textos literarios de distintos xéneros, textos non literarios (publicacións periódicas dos séculos XIX e XX, prosa científico-técnica etc.) e un bo quión de narracións orais de todo o dominio lingüístico, mesmo das variedades estremeiras.

Actualmente o TILG inclúe uns 30 millóns de formas gráficas e anotadas con etiquetas morfosintácticas correspondentes a 74731 lemas diferentes, onde se integran todas as variantes; p. ex., en *azucres*, as formas *azúcar*, *asúcar*, *azucres*, *asucres*, *zúcaro*, *zucres* e *sucres*. Antón leva anos, el só, redactando un dicionario galego baseándose, fundamentalmente, no material literario e oral do TILG. Ten completada a letra *c*, con 10 820 entradas, que lle custou uns dez anos, e hai uns cinco anos que empezou coa letra *d*, e o que lle queda, pois vai na entrada *descoñecer*.

No ILG proxectáronse compilacións de textos lexicográficos de difícil acceso, reunidos nun único soporte ou plataforma para facilitar a consulta e favorecer a utilización dos datos. O pioneiro foi o *Diccionario de dictionarios*, dirixido por Antón. O corpus da primeira edición en CD-ROM, do 2000, contiña once obras relevantes da lexicografía galega premoderna (1863-1961). Nos seguintes anos aumentou o corpus inicial, de xeito que a terceira edición xa abrangue desde as contribucións do padre Sarmiento, de finais do século XVIII, ata textos de finais do século XX.

Aínda que orixinario da alta montaña de Lugo, como xa sinalei, é un excelente coñecedor do léxico mariñeiro. Xunto con Carme Ríos Panisse, participou no proxecto *Léxico de los marineros peninsulares*, dirixido por Manuel Alvar, para o que nos anos 1973 e 1974 enquisaron once dos quince portos galegos e tamén tres do litoral portugués de entre o Miño e o Douro. Sen afastarse da beiramar, colaborou con Carme Ríos na recollida de léxico da flora e da fauna en 57 portos de Ribadeo á Guarda (a práctica totalidade dos

portos de Galicia) e tamén no das Figueiras de Castropol, na beira asturiana do Eo, e no de Caminha, na beira portuguesa da foz do Miño; ademais, redactou anotacións etimolóxicas sobre a nomenclatura dos invertebrados e peixes de todo o noso litoral.

Todo ese traballo de campo complementouno coa organización de congresos e xornadas sobre o galego e outras linguas románicas minorizadas. Sempre estivo accesible da mañá á noite: primeiro na vella Facultade de Filosofía e Letras da praza da Universidade, logo na Facultade de Filoloxía da praza de Mazarelos e, desde maio do 1984, na actual sede do ILG, tamén na praza da Universidade, a súa outra casa, máis ben a “súa” casa, para asesorar e axudar estudantes, colegas e outra xente que a el acudían (e acoden) para consultas, especialmente de docencia e de investigación.

Tamén atendeu e mantén contacto con persoas alleas á universidade interesadas en calquera aspecto da lingua e da música popular galega, que son as súas dúas grandes paixóns, xunto coa lectura de todo tipo de libros coa que trata de saciar a inmensa arela de coñecemento. Somos moitos, e de varias xeracións, os que podemos dar fe da súa sabedoría e xenerosidade.

3.

É un afeccionado á gaita de fol, desde que o seu tío e padriño Antón Santamarina, mestre en Guitiriz e persoa preocupada polo galego, lle regalou unha cando era mocío. Anos despois, á parte de aprender tamén a tocar a zanfona, o seu interese pola música e a poesía popular callaría na edición dos sete volumes do monumental *Cancioneiro popular galego* publicados entre 1984 e 1995 e asinados conxuntamente pola etnomusicóloga suíza Dorothe Schubarth e por Antón, *Cancioneiro* do que acaba de falarnos na súa conferencia.³

3 Antes de dar con Antón Santamarina, Dorothe Schubarth acudira a outras persoas, que non lle abriron a porta e que ignoraron o *Cancioneiro* unha vez publicado, mentres fóra de España si era recoñecido. Sobre isto dicía Antón no 1996: “Naturalmente antes de vir petar á miña porta xa fora petar a outras, pero en xeral non foi ben recibida, ben porque as posibles colaboracións que podía recadar tiñan que vir dos musicólogos que daquela traballaban en Galicia e que a consideraban un pouco intrusa (aínda hoxe non coñezo ningunha reseña do noso libro feita en Galicia: fana en Romanía, en Austria, en Eslovenia, na República Checa, pero aquí non); e outros porque lles parecía que

Son testemuña das moitas horas que Antón lle dedicou ó labor de edición dese *Cancioneiro*. As cantigas que Dorothé recolleira moitas veces interpretáranse entre *cinzarros* de vacas ou no fragor dunha taberna, polo que non sempre era doado transcribilas: nunha época en que non había ordenadores, facer unha clasificación de tantísimo material foi unha tarefa realmente meritória, o que fixo que se acabase convertendo nun experto no romancero hispánico.

Dorothé chegara a Galicia no 1978 e volveu a Suíza no 1987 para ensinar na Musikhochschule da Musik-Akademie de Basilea. Marchou tan silandeiamente coma chegara, logo de instalarse en Santiago nunha casa velliña na rúa do Castrón d'Ouro, con pinqueiras, e máis tarde nun modesto baixo da rúa da Senra. Uns días antes de partir, invitoume á súa casa, onde vivía con total austeridade e con absoluta entrega á transcripción musical das gravacións que recollera en 82 concellos de Galicia e en trece das comarcas estremeiras; ó despedírmonos, regaloume dúas plantas en cadanseu humilde tarro de barro de Buño.

A finais do 1996, despois de que Carme Hermida e mais eu publicáramos o audio-libro de gravacións orais *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, Dorothé regaloulle a Carme varias cassetes con contos populares que recollera no traballo de campo do *Cancioneiro*. Nestes momentos Carme ten preparada unha escolma deses contos que, de publicarse no 2025, sería unha excelente homenaxe á musicóloga suíza que lle entregou tantos anos da súa vida a estudar o noso folclore musical.

E despois deste inciso, volvo a Antón. Presidiu a asociación Ulteira, que ten un grupo de música folk, e seguiu con moito interese o agromar de tantos grupos de música popular. Unha das cousas que non lle gusta é que, como a maioría deles no traballo de campo andan á procura do “auténtico”, moitos acaban cantando textos en castelán (ou mesturas de castelán e galego) que recolleron de informantes supostamente moi enxebres.

comparti-las gravacións os ía facer máis pobres. Por iso, quizais porque eu non era do gremio dos musicólogos e dos cantantes non tiven inconveniente en lle axudar” (Fernández Rei 1997, p. 378). Este texto é a primeira recensión do *Cancioneiro* feita en Galicia, como sinalou Antón na conferencia “Letras Galegas. O cancionero popular galego”, nas *XX Xornadas de Normalización Lingüística*, organizadas polas Escolas Católicas-Galicia (22 de novembro do 2024).

4.

Desde hai case 50 anos teño a sorte de gozar ininterrompidamente do seu inmenso saber sobre o galego e sobre as diversas linguas románicas, e tamén sobre eidos alleos á lingüística. Por el, hai moito tempo descubrín a beleza dos cantares occitanos interpretados pola maorí neozelandesa Kiri Te Kanawa; e por el souben de bos intérpretes de música clásica e da música popular de moitos países.

Desde finais do 1976, en que comezaron uns seminarios plurais promovidos polo ILG para acadar a unificación das normas lingüísticas do galego, ata a reforma normativa do 2003, con Antón vivín, case día a día, a interminable *questione della lingua* galega, isto é, os debates sobre a norma e sobre a esencia mesma do galego moderno, que se poden sintetizar en dúas posicións: o galego hoxe é unha lingua independente do portugués, de aí a necesaria codificación dun galego identificado; ou é unha variedade satelizada da lingua portuguesa, de aí a súa necesaria reintegración nesta lingua. O labor do ILG viuno con simpatía moita xente que, maioritariamente, calou, pero que apoiou as súas propostas de codificación. Outra xente foi moi reticente, mesmo con críticas asañadas e prolongadas no tempo contra o labor científico do Instituto e contra os seus malevolamente alcumados “comedores do galego”. As hemerotecas están inzadas de testemuños disto.

A finais da década de 1970 —tería eu 26 ou 27 anos—, cando estaba integrado no ILG, coñecía ben o seu funcionamento e o moito que estabamos a facer polo idioma unhas poucas persoas dentro del, sen axuda económica da USC nin da Xunta de Galicia —esta aínda non existía—,⁴ con moita inxenuidade pregunteille a un político nacionalista por que se metían sempre co Instituto e nunca coa Academia. Respondeume: “Un dito chinés di que non se tiran pedras contra unha árbore sen froito”. Tiven moi presente este dito nos anos de chumbo do conflito normativo, cando a potestade legal da normativa era da Academia desde o 15 de xuño do 1983,

4 Na década de 1970 a principal axuda económica do ILG era unha subvención da Fundación Barrié de la Maza, que no ano da súa creación no 1971 era de 100 000 pts. anuais e que no orzamento do 1980 ascendía a 600 000 pts. Tamén contaba con subvencións modestas das fundacións Fingoi de Lugo e Penzol de Vigo.

pero o albo dos ataques sempre era o ILG como institución ou algúns membros e, en todo caso, o ILG-RAG.

Nos seus moitos anos de docencia na USC, igual que outros compañeiros seus da área de Filoloxía Románica, Antón levou unha especie de dobre vida académica: pola mañá, na Facultade, explicaba as inscricións latino-vulgares de Pompeia, o *Appendix Probi* e o mapa das actuais linguas románicas, ou ben debullaba a evolución do italiano a partir de textos poéticos, coma o fermosísimo “Chiare, fresche e dolci acque” de Petrarca; e polas tardes (e fins de semana), no ILG, investigaba sobre o galego.

Nos seus 40 e tantos anos de profesor universitario, a investigación foi a súa gran paixón, en que non escatimou horas nin días, agás o sagrado mes de agosto para ascender ás montañas da súa infancia. Tal como ten manifestado nalgunha entrevista, nin a xestión nin os cargos foron a súa debilidade:

A verdade é que a miña vocación política é nula e, francamente, se nalgunha ocasión estiven en política ou tiven cargos, incluso o de Director do Instituto da Lingua, foi máis ben por cubrir necesidades, e non polo pracer que me proporcione a min estar nestes postos de responsabilidade para os que, por outra parte, non vallo. (Lama 1997, p. 20)

Considérome ben afortunado por gozar desde hai tantos anos da amizade deste “filólogo sabio, austero e abnegado”, en palabras de Xesús Alonso Montero; deste “sabio gardián das palabras da tribo” e “barco nodriza permanente, onde moita xente cargou carburante científico”, como hai anos mo definiron amigos comúns; deste mestre que cos seus discípulos debulla de vagar “a espiga antiga das palabras, a mazaroca da tribo que non se rende, nin recúa, nin se abaixa: o río dos nosos avós, coa esperanza de que poidan beber e mergullarse nel algún día os nosos netos”, como escribiu Víctor F. Freixanes; deste home sabio que “nas palabras que oía / sempre fervellando estaba” e que “cada palabra pesaba / cada palabra medía” para que o galego brillase, como se conta no poema “Fábula” que lle dedicou Darío Xohán Cabana e que lin no comezo da miña intervención.

Botando unha ollada á traxectoria vital de Antón, a súa figura represéntaseme como o Galahaz de *Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas, escritor a quen tanto admira poética e lingüisticamente. O Galahaz do vate de Fefiñáns foi

sempre adiante, foi rompendo camiño;
e rubindo as valgadas verdegaias do Miño,
traspasou o lindeiro dun xardín encantado
onde todo en silencio durmía repousado

e así ata dar co cáliz do Sant Grial na montaña milagreira do Cebreiro-Monsalvat. Antón é un Galahaz que leva toda a vida mergullado no galego oral e literario na procura da copa sagrada da Palabra.

5.

Os que o tratamos sabemos que é unha persoa tolerante e respectuosa, humilde e xenerosa de máis. Realmente, o que sempre arelou ferventemente foi ler e escoitar música clásica mentres consultaba manuais e artigos de romanística ou mentres estudaba o léxico galego e os nosos topónimos. E de facer bo tempo, o que lle gusta, de sempre, é patear no solpor (desde hai un tempo no final da mañá) os barrios da cidade de Santiago e as aldeas do concello, polo que podería redactar unha excelente guía dos arredores de Compostela, e tamén unhas memorias para contar como se foron transformando os barrios e as rúas da cidade nas últimas décadas, así coma os carreiros das beiras do Sar e do Sarela. Pasea sempre na compañía de Menani, nai dos seus fillos Cibrán e Duarte, ós que educaron con amable intransixencia no uso diario da lingua galega.

Con Antón compartín accións e soños por unha Galicia máis rica e máis culta, co galego plenamente normalizado en todo o seu dominio, incluídas as comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora, onde temos acudido a finais dos anos 80 e comezos dos 90 do pasado século mesmo en días de invernia, con moito frío e ás veces con neve —para el debía ser tempo de inverno normal, mentres que para min, criado á beira do mar da Arousa, era un tempo máis ben “infernál” —, coa finalidade de apoiarmos o labor de persoas e de

colectivos que, tendo practicamente todo en contra, trataron (e tratan) de defender o galego co tesón, coa paixón e co entusiasmo que en Galicia foron esmorecendo desque as autoridades introduciron a lingua nunha gaiola de ouro.

Hai tres semanas, o sábado 2 de novembro, Antón non puido acompañarnos a Xosé-Henrique Costas e a min a Castropol, na beira asturiana da ría de Ribadeo, á asemblea de Axuntar, Asociación prá normalización del galego de Asturias. Este colectivo é un pequeno David que nestes momentos está enfrontado xudicialmente a un xigante Goliat, o Goberno do Principado, para impedir que este imponha, co asesoramento científico da Academia de la Llingua Asturiana, o glotónimo *eonaviego* (e lingua eonaviega) para a variedade galega falada entre os ríos Eo e Navia, que oficialmente en Asturias se denomina “gallego-asturiano”, termo creado por Dámaso Alonso para designar a modalidade lingüística da Asturias occidental: “una región políticamente asturiana, lingüísticamente gallega, con influjo asturiano decreciente, según se avanza hacia el Eo”, en palabras do propio Dámaso.

O mes de maio do 1999, Antón e eu, xunto con doce alumnas e alumnos meus dos cursos de doutoramento e tres da licenciatura, fomos ós somontes da serra de Gata, que el non coñecía, a un congreso sobre as falas galaico-portuguesas de Cáceres; polo camiño preguntoume: “I-eso non será un portugués castelanizado?”. Non lle contestei. Chegamos a Valverde do Fresno e a San Martiño de Trebello, mirou, sentiu falar, falou coa xente... e acabou por lle dicir a Xosé-Henrique Costas, que levaba anos estudando esas falas: “Pode non parecelo, pero tiñas razón: se algo é, é galego”. Costas non daba contido a emoción ante as palabras do sabio da Fonsagrada.

Desde hai tempo téñolle notado un certo pesimismo polo futuro da lingua galega, á que consagrou toda a súa vida, e motivos non lle faltan, sobre todo nestes momentos. Segue sendo o romántico nacionalista que coñecín a mediados da década de 1970, aínda que bastante escéptico, pois os anos non pasan en balde e as ilusións van marchando.

Con todo, como desde que sendo estudante universitario presidíu O Galo, a primeira dunha rede de asociacións culturais que coma cogomelos (ou fungos) no outono apareceron por toda

Galicia, segue a apoiar calquera causa que teña que ver coa dignificación deste país e da súa lingua, e tamén coa dignificación da xente humilde, sexa cal sexa a súa procedencia, porque nunca esqueceu que foi un neno labrego, coma o Balbino de Neira Vilas, e balbinos eran os nenos e nenas da súa aldea. Ata a apertura no 1964 dunha pista á Fonsagrada, a esta vila só se podía acceder a pé, dacabalo ou en carro de bois. Á súa aldea a luz eléctrica normal chegou no 1985, anos despois de que a cola do encoro de Grandas de Salime anegase terreos da parroquia de San Martín de Suarna onde nacera e se criara.

Con Antón teño viaxado intelectual, e tamén fisicamente, polo mapa europeo das linguas románicas, sobre todo, polo das minorizadas. E con el, e con outros compañeiros do Instituto da Lingua Galega, compartín a irrepensible travesía de recollermos en peiraos e praias, en camiños e serras unha lingua considerada de pobres, infravalorada polas persoas informantes por mor do secular desprestixio do galego e pola práctica ausencia de usos formais; unha lingua que, unha vez depurada, da mellor maneira que sabemos, levamos un bo quiñón de anos devolvéndolla á sociedade galega que a creou.

Deste xeito, as persoas investigadoras do Instituto queremos contribuír á construción da Patria da Lingua de todos os galegos e galegas, dos de nacemento e dos de corazón, da xente que fala galego e da que arelamos que o acabe falando. E mentres tanto, continuamos a travesía cara a esa Ítaca, porque aínda quedan ben de illas, peiraos e praias onde fondear, atracar, abarloado... e gozar.

Parabéns, amigo Antón, por esta merecida homenaxe.

Remato adaptando un dito dos vellos mariñeiros de Cambados entre os que me eu criei:

Que os ventos lle sexan portantes á lingua galega!

Referencias bibliográficas

- Fernández Rei, Francisco (1997). O folclore musical galego do final do milenio: o *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina. *A Trabe de Ouro*. 31, 373-383.
- Fernández Rei, Francisco (2008). Antón Santamarina: unha vida de xenerosa entrega á construción e á dignificación da lingua galega. *A Trabe de Ouro*. 76, 603-609.
- Lama, María Xesús (1997). Entrevista co Profesor Antón Santamarina Fernández. Director do Instituto da Lingua Galega. *Galicien Magazin*. 3, 19-23.
- Santamarina, Antón (1998). *A linguaxe e as linguas: Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. Vigo: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.143>

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así como á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.
2. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión.
4. Para poder enviar traballos en liña, e para poder comprobar o estado dos traballos enviados, o autor debe rexistrarse previamente cubrindo o formulario pertinente no seguinte enderezo: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/index/user/register> Unha vez rexistrado poderá acceder á revista co seu nome de usuario e o contrasinal.
5. O texto será sometido a revisión por pares, polo que debe vir sen marcas de autoría. Debe cubrirse separadamente un formulario complementario co título, nome de autor(es), información sobre adscrición institucional, enderezo de contacto, que se atopa na plataforma da revista. A decisión final sobre a publicación correspóndelle ao Consello de Redacción.
6. O proceso de avaliación, desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora, non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
7. A entrega dos traballos para a publicación en *Cadernos de Lingua* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
8. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
9. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 11, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 40.000 caracteres por artigo.
10. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as dúscenas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.

11. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabeza-mentos, numerados correlativamente (1., 2., 3., 4. / 1.1., 1.2., 1.3., 1.4./ 1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1 etc.) segundo o seu nivel na xerarquía.
12. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de cita-ción internacional:
 - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989, p. 47), (Ferreira e Amoedo 1999, p. 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
 - Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:
 - Kabatek, Johannes (1996). *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz-und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.
 - González González, Manuel e Regueira, Xosé Luís (2016). Galicia en los inicios de los estudios de fonética acústica dentro del estado español. En: Ana María Fernández Planas, ed., *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*. Barcelona: Univer-sitat, 373-382.
 - Cabré, M. Teresa (2009). Technologie et terminologie : changements méthodologiques et épistémologiques. *Cahiers de lexicologie*. 94, 31-56.
 - TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2013-). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].
13. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
14. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
15. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de “edición de táboas”. As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Véxase táboa 1).

16. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
17. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
 - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución será de 1.200 ppp.
 - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.
Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.
Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Véxase Fig.1).
18. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
19. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
20. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Notas

Seguiranse os mesmos criterios ca para os artigos, pero a extensión deberá estar comprendida entre 7.000 e 20.000 caracteres.

Recensións

As recensións deben levar a referencia bibliográfica completa. A extensión máxima dunha recensión será de 10.000 caracteres. Deben presentarse en Times New Roman, corpo 11, espazo simple.



CONTIDO

- 9 Inés Veiga Mateos
e Yolanda Iglesias Cancelas
Entre prexuizos e estereotipos:
as voces *monogamia*, *bigamia*, *poligamia*,
poliandria e *polixinia* nos dicionarios
- 87 Martín Luna Pérez
Proposta de clasificación
para a motivación lingüística
- 115 Carme Hermida Gulías
Contos da tradición oral recollidos
por Dorothé Schubarth
Notas
- 157 Francisco Fernández Rei
Cada palabra pesaba, cada palabra medía.
Palabras de gabanza sobre Antón Santamarina